

GUÍA DIXITAL DE RECURSOS DIDÁCTICOS PARA A IGUALDADE:

RECEITAS COEDUCATIVAS



Edita

Concello de Santiago de Compostela
Concellaría de Igualdade
Centro de Información ás Mulleres (CIM)

Elabora

Retnova Proxectia Consulting, S.L

Deseño gráfico

Niabellum

Depósito legal

C 68-2023

GUÍA DIXITAL DE RECURSOS DIDÁCTICOS PARA A IGUALDADE:

RECEITAS COEDUCATIVAS

COMPⁱ**IGUAL**

COMPostela pola IGUALdade de xénero

Índice

Introdución	6
Parte 1: O porqué desta guía	9
1.1. Que é? Descrición	10
1.2. Para que é? Obxectivos	11
1.3. Para quen é? Persoas destinatarias	12
1.4. Como é? Metodoloxía da guía	12
1.5. Como se estrutura? Contidos	13
Parte 2: Apuntamentos teóricos	15
2.1. Sexismo e estereotipos	15
2.2. Vías de transmisión dos estereotipos de xénero no ámbito escolar	17
2.3. Educar en igualdade na aula: por que pór en práctica unha experiencia coeducativa?	19
Parte 3: Elixo a túa receita	22
3.1. Notas introdutorias	22
3.2. Os receitairos	24
Parte 4: Receitas para educación infantil e primaria	29
Parte 5: Receitas para educación secundaria e bacharelato	88
Parte 6: Deseña a túa propia receita	141
6.1. Xogos non sexistas	142
6.2. Recursos web	144
6.3. Documentos e guías	145
6.4. Material audiovisual	148
6.5. Música	149
Parte 7: Anexo	
Vocabulario básico para coeducar	151
Bibliografía	161



Introducción


Introdución

No panorama educativo parece consensuado que o concepto de igualdade de xénero forme parte integrante, de forma inequívoca, do contido dos discursos e dos documentos normativos que son producidos a varios niveis de decisión. No plano teórico é aceptado, sen grandes debates, que todos os seres humanos debemos ser libres de desenvolver as nosas aptitudes e de tomar as nosas decisións nun contexto inclusivo que sexa respectuoso coas múltiples individualidades, independentemente das crenzas valoradas socialmente sobre as características e dos comportamentos tradicionalmente atribuídos a homes e mulleres. Con todo, as prácticas educativas non parecen conseguir acompañar, polo menos coa eficacia desexada, este discurso teórico.

É co propósito de poder contribuír, de forma intencional e organizada, á minoración do foxo existente entre a igualdade de *jure* e a igualdade de *facto* que se concibiu esta *Guía dixital de recursos didácticos para a igualdade: receitas coeducativas* que ambiciona non só enriquecer os recursos pedagóxicos dispoñibles para as e os docentes, senón sobre todo motivar o desenvolvemento de prácticas sensíbeis ao xénero promotoras da construción dunha cidadanía plena, na escola e na sociedade.

Esta guía dixital xorde integrada no conxunto de receitas que foron producidas, especificamente, para cada un dos niveis de educación e ensino, desde a etapa infantil até o bacharelato. A súa estrutura basilar comprende unha parte na que se explica o porqué da guía, seguida dun encadramento teórico, que permitirá unha mellor comprensión das partes relativas ás propostas de actividades prácticas. Finaliza a guía cun capítulo (parte 6) no que se ofrecen recursos para que o profesorado poida deseñar a súa propia receita.

As propostas de intervención educativa foron organizadas arredor de sete bloques temáticos ou receitairos:



Para as temáticas propostas, as receitas incorporan diferentes ingredientes (recursos), como poden ser, entre outros: a lectura, a escritura, as pantallas (material audivosual), historias (in)visibles, o xogo, as redes, o debuxo, as imaxes, a música, o debate ou a lingua.

Aínda que todas as propostas de actividades se encontren debidamente estruturadas, cada docente terá a posibilidade de encontrar elementos de flexibilidade que lle permitirán proceder a adaptacións tendo en conta os recursos dispoñibles, as características do seu alumnado, así como as particularidades do contexto educativo onde as vai aplicar.

Cómpre salientar que as propostas de intervención educativa desta guía dixital pretenden valorizar a interdisciplinariedade permitindo o desenvolvemento dos coñecementos e das competencias específicas de varias áreas curriculares.

A guía dixital contén, ademais, recursos que posibilitan afondar nas temáticas abordadas e seguir construíndo novas receitas.

Agardamos, desta forma, envolver activamente ao persoal docente, ao alumnado e a toda a comunidade educativa neste compromiso educativo fundamental.



PARTE 1

O porqué desta guía



Parte 1: O porqué desta guía

O sistema educativo é o recurso de socialización con maior viabilidade para materializar e garantir unha educación inclusiva, equitativa e a consecución de calidade na vida das persoas. A transversalidade da igualdade entre homes e mulleres constitúe unha ferramenta imprescindible para fomentar a organización, participación e construción de proxectos encamiñados a fortalecer as relacións sociais, ao mesmo tempo que establece outra vía para a transmisión de coñecementos multidisciplinares relacionados cos valores da igualdade e da dignidade humanas.


Educación non é só ensinar, debe ser transformar pensando no agora e non no futuro, porque as nenas e os nenos son seres presentes, que constrúen a sociedade a diario, como tamén as persoas adultas.

A educación transforma e fórmanos como persoas comprometidas e responsables coa sociedade e todo o que iso implica, e impacta de forma positiva en cada unha e cada un de nós.

O denominado **Informe Delors**¹, que se publicou en 1996, sinala a función indispensable que ten a educación como instrumento para que a humanidade poida progresar cara aos ideais de paz, liberdade e xustiza social.

Este informe foi esclarecedor e tivo unha grande influencia, pero o mundo cambiou de forma significativa nos últimos anos e xorde a necesidade de actuar de maneira conxunta para reimaxinar o futuro. Neste cambio de rumbo, aprovéitase plenamente o potencial transformador da educación como vía para un futuro colectivo sostible.

O informe **Reimaginar juntos nuestros futuros: Un nuevo contrato social para la educación**² recolle, entre as prioridades curriculares para o futuro da educación (como xa facía o *Informe Delors*), a igualdade de xénero e a loita contra as desigualdades. Segundo este informe, os principios subxacentes da igualdade deben aprenderse desde idades temperás e ser coherentes en todos os contornos onde os nenos e nenas socializan e aprenden: o fogar, a aula, o patio da escola e a comunidade.



O sistema sexo-xénero aínda hoxe condiciona enormemente o tránsito á vida adulta do alumnado e a escola é o medio ideal para potenciar e desenvolver valores que favorezan a igualdade, levando a cabo programas educativos que contribúan a eliminar e previr a violencia de xénero e promover a igualdade real.

1 [*La educación encierra un tesoro, informe a la UNESCO de la Comisión Internacional sobre la Educación para el Siglo XXI*](#). Jacques Delors. Ediciones Unesco (1996).

2 [*Reimaginar juntos nuestros futuros, Un nuevo contrato social para la educación*](#). Informe da Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación. Unesco e Fundación SM (2022).

O rexeitamento de todo tipo de discriminación e a efectiva igualdade de dereitos entre os sexos son principios básicos e referentes na definición de obxectivos das etapas e niveis do sistema educativo. Este marco legal parece non ter correspondencia co que está a pasar na realidade das aulas. Diversos estudos e investigacións constatan, por exemplo, a elección nesgada de itinerarios educativos, de optativas e de perfís profesionais entre o alumnado.

Aínda que a lexislación en materia de educación obrigatoria establece a necesidade de transversalizar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, incluíndo en todas as materias o valor coeducativo, actualmente detéctase que continúan arraigados estereotipos de xénero que frean a incorporación das mulleres na sociedade en igualdade de condicións.

É urxente, polo tanto, introducir accións específicas dentro do currículo educativo, dirixidas a coeducar o alumnado para favorecer a incorporación no mercado de traballo das mulleres, a diversificación profesional, a elección non sexista das opcións formativas e profesionais, e a corresponsabilidade no ámbito privado e público. É preciso contar cun currículo integrador de xénero que recolla a experiencia e os intereses de nenos e nenas e que procure a igualdade.

É por todo iso que **esta guía pode serlle de utilidade ao profesorado que decida implementar a perspectiva de xénero na súa práctica docente.**

1.1. Que é? Descrición

Para poder vertebrar unha escola coeducativa, necesítase un profesorado concienciado, sensibilizado e, non o esquezamos, formado. É certo que o profesorado non é o único axente de socialización, interveñen diferentes axentes e, ademais, é necesaria tamén a implicación das familias. O corpo docente necesita materiais, formación e estruturas que catapulten a igualdade nas aulas, todo iso rexido por un plan de igualdade que actúe como marco e guía e que faga real as directrices lexislativas respecto diso.

Esta publicación pretende ser unha ferramenta de utilidade para os axentes implicados en educación; unha ferramenta didáctica con ideas, suxestións e técnicas que, aínda que non sexan máxicas nin maxistrais, nos van permitir e facilitar a sensibilización, reflexión, prevención e promoción da igualdade de oportunidades nese gran laboratorio que é a educación (formal, non-formal e informal).

Na educación para a igualdade expónse expresamente a necesidade de crear desde a escola unha dinámica que corrixa as discriminacións por razón de xénero. Iso deu lugar a que na elaboración desta guía se aposte por propoñer actividades de aula de fácil e rápida aplicación, xa que a experiencia docente nos demostra, moitas veces, que a falta de material elaborado supón a non aplicación de innovacións curriculares na práctica diaria co alumnado.

Os contidos da guía traballáronse co convencemento de que o profesorado, sensibilizado por este eixe transversal da educación e coa súa experiencia educativa, saberá desenvolver moitas máis actividades e/ou adaptar as que se propoñen nesta guía. Un dos obxectivos respecto destas unidades de aula é conseguir que este material sexa utilizado e ampliado polo maior número de profesoras e profesores posible, persoas que exercen o oficio de ensinar con responsabilidade e contribúen a crear unha sociedade máis xusta e igualitaria.

1.2. Para que é? Obxectivos

Con esta guía perséguese os seguintes obxectivos.

Obxectivos xerais:

- » Favorecer a práctica docente coeducativa nos centros escolares.
- » Dotar o profesorado de recursos e coñecementos para sensibilizar o alumnado fronte a calquera tipo de violencia de xénero e facilitarlle ferramentas para a súa detección.
- » Fomentar relacións de equidade entre os sexos.
- » Previr a violencia de xénero.
- » Favorecer o pensamento crítico e propositivo das nenas e nenos en relación coa vida e as relacións humanas.
- » Promover valores encamiñados á igualdade de oportunidades, a diversificación profesional e a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.
- » Garantir unha educación para a igualdade e desde a igualdade entre mulleres e homes³.

Obxectivos específicos:

- » Fomentar a superación dos estereotipos asociados aos roles tradicionais de xénero.
- » Promover espazos de relación lúdicos e reflexivos.
- » Reflexionar sobre as masculinidades e as feminidades.
- » Visibilizar a achega das mulleres á sociedade.
- » Educar na corresponsabilidade das tarefas domésticas e de co-dado.
- » Fomentar unhas relacións interpersoais máis xustas e intrapersoais máis equilibradas.
- » Traballar a elección profesional, vocacional e expectativas laborais, de modo que se supere a segregación horizontal e vertical existente no mercado laboral.
- » Prover o profesorado de ferramentas e actividades para levar a cabo unha práctica coeducativa.
- » Traballar a perspectiva de xénero no proceso educativo e formativo.



3 Todas as cuestións relativas á coeducación que se sinalan neste apartado están recollidas na actual lei educativa vixente, a LOMLOE, na que xa na exposición de motivos aparece: «A lei adopta un enfoque de igualdade de xénero a través da coeducación e fomenta en todas as etapas a aprendizaxe da igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo en educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista».

1.3. Para quen é? Persoas destinatarias

As propostas que aquí se inclúen poden ser utilizadas por docentes de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Para iso introdúcese unha clasificación por etapas educativas que permite que o profesorado acuda a aquelas actividades que se axusten aos grupos de idade nos que intervén e as utilice.

1.4. Como é? Metodoloxía da guía


O espírito pedagóxico co que nace esta guía é dotar o persoal docente de ferramentas para traballar co seu alumnado e que este poida reinterpretar a realidade de forma crítica e creativa; é dicir, preténdese unha participación activa mediante o proceso de coñecemento-acción-reflexión-acción.

A formulación metodolóxica faise desde o enfoque integrado de xénero. No caso das metodoloxías, estas articúlanse recorrendo a actividades diferentes que permiten abordar os diversos contidos por medio delas.

Os principios metodolóxicos non deixan de ser unha proposta aberta, adaptable á multiplicidade de realidades que se atopan nos centros educativos. Así, aínda que nas receitas/actividades se indique a etapa educativa para desenvolver cada unha, cabe sinalar que se pode realizar calquera das propostas, coa súa debida adaptación ás diferentes idades, sempre que o profesorado o considere oportuno e en función tanto dos coñecementos do alumnado como da súa capacidade para realizar análises de xénero ou o interese que mostra por un determinado tema.

En xeral, todas as actividades propostas, tanto en formato como en metodoloxía, tratan de ser divertidas, participativas, xerar debate e utilizar recursos que resulten atractivos e motivadores tanto para o profesorado como para o alumnado.

Por último, co fin de que o profesorado poida programar novas tarefas para traballar a educación en igualdade co seu alumnado, engádense algúns recursos que poden servir de inspiración e guía para a creación de novas receitas.



1.5. Como se estrutura? Contidos

Nesta guía preséntanse diferentes receitas para realizar na aula co alumnado de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato. No deseño das actividades procurouse que potenciases a observación, a experimentación, a creatividade e a interpretación e expresión da realidade. Ponse énfase na análise crítica da realidade para prover os nenos e nenas de elementos de transformación do que os rodea.

A guía comeza cunha **parte 1, O porqué desta guía**, na que se describen os obxectivos, as persoas destinatarias, a metodoloxía e a estrutura de contidos para sacar o máximo proveito deste documento.

Na **parte 2, Apuntamentos teóricos**, abórdanse os conceptos básicos que o profesorado ha de ter en conta á hora de utilizar e comprender as receitas que contén a guía. Este apartado afonda sobre a escola como axente socializador de xénero, a importancia do labor docente neste campo e os conceptos precisos para entender os piares nos que se sostén a desigualdade de xénero.

Na **parte 3, Elixo a túa receita**, explícase a estrutura das actividades e a súa división temática. Expóñense os receitairos (bloques temáticos) cunha explicación teórica de cada un deles.

Na **parte 4, Receitas para educación infantil e primaria**, recóllense as receitas ou actividades deseñadas para levar a cabo nestas etapas educativas, diferenciando as receitas que poden ser utilizadas en educación infantil, en educación primaria ou en ambas as etapas.

A **parte 5, Receitas para educación secundaria e bacharelato**, expón as actividades deseñadas para estas etapas educativas, diferenciando de novo aquelas receitas que son axeitadas para desenvolver en educación secundaria, en bacharelato ou en ambas as etapas.

Despois da batería de receitas adaptadas ás diferentes etapas educativas, anímase o profesorado a deseñar e crear novas actividades, utilizando os recursos e materiais de referencia recollidos na **parte 6, Deseña a túa propia receita**.

Para rematar, a guía contén un apartado de anexos que inclúe:

- » **Vocabulario básico para coeducar:** un glosario de termos relacionados co contido da guía.
- » **Bibliografía:** compendio de recursos utilizados para a elaboración da guía.

PARTE 2

Apuntamentos teóricos



Parte 2: Apuntamentos teóricos

2.1. Sexismo e estereotipos

Na construción das identidades inflúe tanto a natureza como a cultura ou sociedade na que vivimos. A natureza é fundamental porque determina o sexo das persoas: nacemos varóns ou mulleres. En función do sexo, a sociedade e a cultura inflúen nas persoas atribuíndolles a unhas o feminino e a outras o masculino. Desta maneira, en cada cultura, en cada sociedade e en cada momento histórico defínese o masculino e o feminino de maneira diferente.

A RAG (Real Academia Galega) define o **sexismo** como 'a ideoloxía, comportamento ou actitude que manifesta discriminación das persoas atendendo ao seu sexo'.

Así é como o sexismo limita as expectativas de comportamento social que se ten de cada xénero. Converte a realidade nun escenario onde o papel que cada persoa elixe debe de cingirse a unhas normas sociais que están previamente establecidas e que lle influirán nas súas decisións futuras, nas súas relacións interpersoais e no seu propio estilo de vida. Se, polo contrario, non se cinguisen a estas, a persoa recibiría un trato discriminatorio.

A teoría do sexo-xénero facilita a distinción entre os feitos biolóxicos e os feitos sociais para reflexionar sobre a igualdade entre mulleres e homes.

Tal e como sinala Montserrat Artal⁴:

Ao examinar o sistema sexo-xénero, podemos observar as relacións asimétricas e de xerarquía que hai entre o feminino e o masculino. Asimétricas porque as habilidades e capacidades que se lle asignan a cada xénero son completamente opostas e de xerarquía porque se lle atribúe unha maior importancia ás do xénero masculino (forza, competitividade, intelixencia) fronte ás femininas (tenrura, intuición, colaboración).

Por esta razón, o sexismo ten como resultado unhas consecuencias negativas para ambos os sexos, posto que obriga a persoa a aferrarse a uns padróns de comportamento, cognición e conduta preestablecidos que poden facela sentir atrapada nunha rede de costumes e prexuízos.

Durante séculos, o ser humano tratou de organizar o mundo, simplificándoo, ordenándoo e creando esquemas coherentes que facilitaron a información necesaria para adaptarnos e facer predicións. Desta forma xurdiron os chamados «estereotipos», que son as imaxes ou ideas aceptadas comunmente por un grupo e sociedade, con carácter inmutable e que actúan como modelo. As persoas vivimos rodeadas deles e a súa transmisión prodúcese dentro dos procesos socializadores e educativos. A súa influencia

4 Montserrat Artal (2009). Construir el género. El cuestionamiento del sexismo y del androcentrismo en el sistema educativo. *Acciones e investigaciónes sociales*, 27, 5-21.

sobre a vida cotiá é irrefragable, posto que estes estereotipos condicionan a forma de pensar, sentir e actuar, en definitiva, modelan a visión do mundo.

Cando nacemos, o mundo xa está dividido en dous enormes grupos, cada un coas súas respectivas normas, padróns, características e roles sociais.

O ser humano vese influído polos **estereotipos de xénero**, que son as concepcións preconcebidas «sobre os atributos ou características que homes e mulleres posúen ou deberían posuír ou das funcións sociais que ambos desempeñan ou deberían desempeñar»⁵. Un estereotipo de xénero, polo tanto, é nocivo, xa que limita a capacidade de homes e mulleres para desenvolver as súas facultades, realizar unha carreira profesional e tomar decisións sobre as súas vidas e os seus proxectos vitais.

Segundo o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (2018), o **sexo** engloba os atributos fisiolóxicos e sexuais cos que nacen os homes e as mulleres. Desta maneira, diferénciase do **xénero** en que este abarca as ideas, normas sociais e padróns de comportamento que a sociedade seleccionou para cada sexo e o significado e valor que se lles dá. Isto non só engloba características como as anteriormente nomeadas, senón tamén roles sociais dentro dos seus círculos de convivencia, tales como a familia, o colexio ou o ámbito laboral.

A escola actúa como mecanismo de reprodución social, económica e cultural e, dentro das pautas de reprodución social, a educación forma parte do **proceso de socialización** da persoa, no que adquire padróns de comportamentos, hábitos sociais, a autoestima, as crenzas etc. En definitiva, fórmase a personalidade e créanse unhas expectativas de comportamento en función do grupo social ao que pertenza cada un ou unha. Ademais, transmítense os roles de xénero, que están interiorizados desde unha idade temperá.

A escola actúa e inflúe de diferentes formas no alumnado. Unha delas está, lóxicamente, establecida no **currículo formal e explícito**. Fai referencia ao conxunto de actividades, contidos e obxectivos que intencionalmente se propón desenvolver para conseguir uns fins. Outra forma é mediante o **currículo oculto**, é dicir, o conxunto de influencias que non están explicitadas, que non é patente, que non é abertamente intencional e que, por ese mesmo feito, encerra unha peculiar potencialidade.

A través do currículo oculto inflúese no alumnado con mecanismos moito máis imperceptibles que os que se viñeron dando no pasado. O currículo oculto funciona dunha maneira implícita a través dos contidos culturais, das rutinas, interaccións e tarefas escolares.

O sistema educativo, ao longo da súa evolución histórica, pasou por diferentes fases no que respecta á forma de concibir as relacións de xénero. Deixan-



5 Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (ACNUDH)

do atrás o modelo segregado e coa xeneralización do modelo de escola mixta nos anos setenta do século pasado, lograronse distintos avances na educación de mulleres e homes, porén, é un feito que as mulleres non alcanzaron a igualdade social.

É por iso que é importante prestar atención ás distintas vías de transmisión destes padróns discriminatorios e que traballemos para mudalos.

2.2. Vías de transmisión dos estereotipos de xénero no ámbito escolar

Nós non inventamos a forma na que vemos o mundo, limitámonos a ver o mundo tal e como o organizaron as persoas que estaban aquí antes ca nós. É en canto se nace cando se empeza a recibir esa influencia social que estrutura a forma de concibir o mundo. Esta visión do mundo apréndese a través de diferentes axentes, entre os que se atopa a escola.

A escola, como importante axente de socialización conta con diversas vías de transmisión:

Linguaxe sexista

Coa lingua é co primeiro que aprendemos a dividir o mundo que nos rodea en categorías. Os criterios que segue a lingua para dividir o noso mundo dependen profundamente da nosa cultura. Coa lingua transmítese en gran medida a maneira de pensar, de sentir e de actuar da sociedade; de modo que é unha das principais vías de transmisión de estereotipos na escola.

Para poder falar da linguaxe na escola, é necesario mencionar un dos factores que máis influíron nela ao longo da historia: o androcentrismo, que consiste en considerar o home como o centro do universo. A pesar das mudanzas ideolóxicas, políticas, filosóficas etc., o androcentrismo mantense ao longo dos séculos. A relación home-muller permaneceu case intacta e con iso tamén os postos que ocupan na sociedade.

As formas sexistas da linguaxe aparecen implicitamente na práctica docente, provocando unha consecuencia clara no colectivo: ignorar a presenza dun dos xéneros, silenciar a diferenciación sexual e, polo tanto, invisibilizar a identidade das mulleres e das nenas. En consecuencia, se a linguaxe é discriminatoria e parcial, dificulta o desenvolvemento da persoa. Se a linguaxe é sexista, a conduta que terá a persoa serao tamén. A lingua non se sitúa de forma neutral, senón que reflicte as relacións sociais entre os homes e as mulleres, e a subordinación das mulleres na sociedade.

Os libros de texto

O libro de texto é un proxector dos modelos e normas sociais, e neste caso máis concreto, dos estereotipos de xénero.

Para comprender o funcionamento dos libros de texto, hai que ser conscientes do que din, pero ao mesmo tempo daquilo sobre o que gardan silencio. Esta observación mostra as dúas vías coas que o libro de texto transmite os modelos e padróns da sociedade, unha explícita e outra implícita.

O sexismo nos libros de texto maniféstase de forma clara e evidente: o inexistente protagonismo das mulleres na sociedade; o esquecemento das súas achegas, dos seus logros e avances; o seu papel subordinado e silenciado e, tamén, o uso de linguaxe sexista. Polo tanto, os libros de texto non só inclúen contidos didácticos como matemáticas ou ciencias, senón que tamén lle trasladan ao neno e á nena unha cultura, coas súas respectivas normas, padróns e modelos sociais. O mesmo ocorre cos estereotipos de xénero, que se lle transmiten ao alumnado de forma inconsciente e crean nel un modelo xerárquico de sexos onde a muller segue ocupando un papel secundario.

As expectativas docentes

As expectativas que ten o profesorado sobre o alumnado de sexo masculino con respecto ao feminino non son as mesmas. Habitualmente, relaciónanse as mulleres coa orde e os homes coa creatividade. Asíanse as nenas coa pasividade e os nenos coa actividade, do mesmo xeito que se espera das mulleres que sexan pacíficas e sen ambición, fronte aos homes, dos que se espera competitividade e agresividade.

As expectativas que ten o persoal docente do seu alumnado están influenciadas pola diferenciación de xéneros e interiorizan uns prexuízos ante as súas condutas, comportamentos, formas de expresión dos sentimentos, reaccións... e desa maneira normalizan certas actitudes por parte dunhas ou doutros. Estas expectativas reflíctense en moitos procedementos que ten o persoal docente, entre eles, a valoración subxectiva dos rendementos.

As interaccións na aula

Dentro da aula as interaccións entre o profesorado e o alumnado vense afectadas tamén pola diferenciación de sexos. A forma na que se relacionan reflicte estereotipos e padróns de comportamento que están interiorizados e emerxen de forma case inconsciente.

A fenda entre sexos pódese observar tamén na distribución dos espazos no centro educativo. No exterior, os espazos adoitan estar divididos de forma que os nenos adoitan ocupar o espazo central e as nenas os arredores.



Todo isto conclúe nunha forma de actuar do profesorado que incita a que os nenos desenvolvan a asertividade, mentres que as nenas interiorizan un papel pasivo, secundario e subordinado. En resumo, ambos os sexos interiorizan o seu papel na sociedade e constrúen a partir del a súa personalidade.

Ao interiorizar o seu papel na sociedade, a nena e o neno insírense nun futuro limitado por eses estereotipos e as expectativas que se teñen deles e delas. Adáptanse aos seus roles e reproducenos de maneira sistemática, adquirindo os seus papeis tamén dentro dos distintos ámbitos da vida: a elección dunha profesión, a maternidade, o fogar... e desenvolven as aptitudes que se lles asignan como «normais» segundo o sexo ao que pertencen. A cultura de xénero moldea a personalidade e inflúe profundamente en como se constrúe cada persoa.

A superación de estereotipos de xénero debe ser un dos obxectivos fundamentais dun proceso educativo cuxa fronteira se sitúe na igualdade entre ambos os sexos. Unha educación con perspectiva de futuro deberá tender a non reproducir os modelos vixentes, sobre todo desde a consideración de que a sociedade que lles tocará vivir ás nenas e nenos actuais non se parecerá á presente.

Compre recordar que non se trata unicamente da erradicación da violencia de xénero, senón tamén de todas esas desigualdades que se atoparán nun futuro as mulleres que se están a formar nas aulas.

2.3. Educar en igualdade na aula: por que pór en práctica unha experiencia coeducativa?

Debemos recoñecer o papel crucial que poden e deben desempeñar as institucións educativas na superación do sexismo e da violencia de xénero na sociedade, abordar a problemática desde unha perspectiva de cambio xeracional e utilizar a coeducación como o instrumento elemental para vencer estas dificultades. Non é suficiente con que as escolas non sexan sexistas, senón que é necesario neutralizar influencias que proveñen doutros sectores sociais, tratando de eliminar un prototipo ancestral de relación, fundamentado nun sistema patriarcal e androcéntrico da sociedade que é propenso a reproducirse xeracionalmente mediante mecanismos firmemente establecidos.

Aínda que formalmente existe unha igualdade educativa, en realidade, cando as nenas e nenos comezan a escola, atópanse xa de cheo no proceso de socialización diferencial de xénero. O que fai o sistema educativo, por acción ou omisión, é, en moitas ocasións, manter, producir, reproducir ou reforzar os estereotipos de xénero, consolidando máis aínda os modelos tradicionais de masculinidade e feminidade que a sociedade segue a perpetuar.

A superación de estereotipos debe ser un dos obxectivos fundamentais dun proceso educativo cuxa fronteira se sitúe na igualdade entre ambos os sexos. Unha educación con perspectiva de futuro deberá tender a non reproducir os modelos vixentes, sobre todo desde a consideración de que a sociedade que lles tocará vivir ás nenas e nenos actuais non se parecerá á presente.

A **coeducación** é un método educativo que parte da igualdade entre mulleres e homes e da non discriminación por razón de sexo. Coeducar significa non establecer relacións de dominio que supediten un sexo ao outro. Polo tanto, a **escola coeducativa** parte da importancia das diferenzas sociais e sexuais entre nenos e nenas, incorporando a

diversidade de xénero como diversidade cultural. Ten como obxectivo a eliminación de estereotipos sexistas para superar as desigualdades sociais e as xerarquías culturais. Trátase, polo tanto, dunha proposta pedagóxica na que a formación e a educación se imparten en condicións de igualdade e na que non se lles pon límites ás aprendizaxes, xa que logo, defende que cada persoa ten dereito a desenvolverse libremente sen que o seu sexo determine as súas preferencias.

É necesaria a coeducación para a consecución dunha sociedade igualitaria, na que educar tendo en conta as características e aptitudes persoais, avogando polo potencial individual e grupal das persoas, e escorrentando, pola súa vez, a discriminación que marca o xénero na sociedade na que convivimos.

Coeducar significa formar as alumnas e alumnos fóra dos roles e estereotipos impostos pola sociedade, para que teñan as mesmas oportunidades e non se lles inculquen diferenzas culturais (xoguetes, cores, formas de comportarse etc.) por ser varón ou por ser muller. Non se trata só de educar a nenas e nenos nas propias aulas, senón de promover unha mudanza na cultura do centro. Isto significa ter en conta os seguintes aspectos:

- » **O coidado das relacións cotiás** no propio centro educativo, promovendo unha educación afectiva que favoreza as relacións de igualdade e rexeite a violencia, os prexuízos e comportamentos sexistas e a resolución pacífica de conflitos.
- » **O desenvolvemento do sentido crítico** do alumnado, para que nenas e nenos cuestionen os papeis impostos e fomentar unha vida máis rica e diversa.
- » **A formación do profesorado e a implicación das familias**, para reflexionar sobre as propias prácticas e actitudes e aprender a identificar o sexismo na vida cotiá.
- » A revisión dos **materiais utilizados na aula** para non reproducir e perpetuar estereotipos e mostrar outros modelos masculinos e femininos.
- » **O uso dunha linguaxe non sexista**, para visibilizar a presenza de nenas e mulleres porque o que non se nomea non existe.

En definitiva, cando falamos de coeducar, estamos a referirnos a educar persoas, coas súas características individuais, os seus trazos, os seus gustos, as súas habilidades, as súas paixóns etc., educar en liberdade de condutas predeterminadas construídas con base nun sexo ou noutro.

É fundamental construír unha sociedade igualitaria e non sería posible chegar a ela sen reformularmos o funcionamento dos seus cimentos. Debe ser a escola a principal protagonista do devandito cambio, é a ferramenta que, xunto ás familias, facilita os alicerces básicos para que as nenas e os nenos de hoxe en día se transformen.

PARTE 3

Elixe a túa receita



Parte 3: Elixer a túa receita

3.1. Notas introdutorias

Nesta guía propóñense diferentes actividades para realizar co alumnado, atendendo a varias temáticas e adaptándose ás diferentes etapas educativas. As actividades deseñadas están estruturadas con base en diferentes bloques temáticos de urxente intervención no ámbito educativo e aos que lles chamaremos receitairos. Estes receitairos recollen as receitas (ou actividades) coa temática indicada no título e organizadas segundo a etapa educativa.

Nos apartados 4 e 5 atoparase un conxunto de receitas deseñadas para as etapas educativas de infantil/primaria e secundaria/bacharelato, respectivamente, seguindo os contidos temáticos e receitairos que se indican no apartado 3.2.

As diferentes receitas (actividades) están ideadas para que o profesorado poida integralas no seu deseño curricular como mellor considere, satisfacendo os obxectivos ou temas que se vaian traballando na aula.

As receitas teñen a mesma estrutura base:

RECEITA: NOME DA RECEITA	<table border="1"><tr><td>Ingrediente</td><td></td></tr><tr><td>Etapas educativas</td><td></td></tr><tr><td>Idade</td><td></td></tr><tr><td>Tempo estimado</td><td></td></tr></table>	Ingrediente		Etapas educativas		Idade		Tempo estimado	
Ingrediente									
Etapas educativas									
Idade									
Tempo estimado									
OBXECTIVOS:	MATERIAIS E RECURSOS:								
BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE									

Nalgunhas das actividades, segundo se requira, inclúense outros apartados como:



CLAVES PARA O PROFESORADO




PARA AFONDAR NO TEMA




MATERIAL PARA A ACTIVIDADE


A guía indica para que etapa educativa e idades está deseñada cada unha das actividades. En ocasións, as receitas poden ser utilizadas en varias etapas. Esta información esta recollida no apartado de **ETAPA EDUCATIVA** de cada ficha. Ademais, utilizarase o seguinte código de cores:




Actividades
para educación
infantil




Actividades
para educación
primaria




Actividades
para educación
infantil e
primaria



Actividades
para educación
secundaria



Actividades
para
bacharelato



Actividades
para
secundaria e
bacharelato

Na **parte 4** da guía recóllense as receitas para educación infantil e primaria e na **parte 5** as receitas para educación secundaria e bacharelato.

3.2. Os receitairos

As actividades deseñadas están estruturadas en diferentes bloques temáticos cos contidos relevantes para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero no ámbito educativo. Estes bloques temáticos son os **receiteiros**.

Cada un dos receitairos recolle unha serie de actividades que abordan os contidos dese bloque temático. Na **parte 4**, pódense consultar as receitas (de cada receitairo) deseñadas para o alumnado de educación infantil e primaria. Na **parte 5**, recóllense os receitairos e as súas correspondentes receitas deseñadas para educación secundaria e bacharelato.

A continuación, preséntase unha breve descrición teórica de cada un dos receitairos ou bloques temáticos abordados:

Receitario I: A orixe da desigualdade. Como nos convertemos en mulleres e homes

As propostas que se achegan neste apartado tratan de promover unha visión crítica sobre os estereotipos sexistas. Impleméntanse actividades que propoñen experiencias pedagóxicas que apostan por desenvolver a reflexión, o diálogo e o pensamento crítico cara ao xénero como construción social e histórica. Ademais, estas facilitan que as e os educandos desenvolvan habilidades comunicativas e de concienciación social que garantan a diminución dos comportamentos sexistas e dos estereotipos de xénero.

Desde pequenas e pequenos aprendemos o que se espera de nós, segundo sexamos nenas ou nenos. Este conxunto de ideas, características, calidades e expectativas asociadas a cada xénero son os estereotipos de xénero. A interiorización de estereotipos de xénero moldea a personalidade e a forma de vivir, limitando a liberdade e a diversidade.

Cada persoa é única e diferente e é esa diversidade a que fai do mundo un lugar de intercambio e aprendizaxe. Apostar pola igualdade non é negar as diferenzas que existen entre as rapazas e os rapaces, senón darlles o mesmo valor e acabar coa discriminación.

Hoxe en día é importante revisar os estereotipos de xénero, repensar e optar por novos modelos de ser muller e de ser home, relacionándonos desde o respecto, a corresponsabilidade e o recoñecemento mutuo.

Receitario II: Visibilizando a contribución das mulleres

É moi importante visibilizar as mulleres como transmisoras de saberes e experiencias vitais que contribúen ao progreso dos pobos. O mundo que coñecemos está composto por homes e mulleres, e é necesario reflectir esa realidade de forma xusta e equitativa.

Facilitarlle ao alumnado referentes en todas as áreas é de grande importancia, xa que estes referentes están a ensinar que nós tamén podemos seguir os seus pasos e chegar até onde elas e eles chegaron. En definitiva, son modelos que serven de inspiración.

Habitualmente nos libros de texto as mulleres aparecen infrarrepresentadas. Cada nena pode sentirse apoderada polo camiño doutras tantas mulleres, en moitos casos silenciadas pola historia. Recoñecéndolles a estas mulleres o lugar que merecen, nenas e nenos poderán coñecer o traballo que desenvolveron en diversos campos ao longo da historia da humanidade e atopar modelos para seguir á hora de elixir as súas futuras profesións.

Observaremos como foi o camiño das mulleres activistas que loitaron por conseguir os mesmos dereitos e liberdades que os homes, moitas das cales foron asasinadas por defender un mundo máis xusto para todas as persoas. Tamén nos cegaron os descubrimentos das mulleres exploradoras e aventureiras, estas mulleres que desde os tempos máis remotos contribuíron ao coñecemento xeográfico do mundo.

Nas últimas décadas, os movementos de mulleres impulsaron profundos cambios sociais, ideolóxicos, económicos e políticos. As educandas e educandos necesitan coñecer o papel de todas esas mulleres na historia, na ciencia, na literatura, nas artes, na política ou na filosofía. Esta visibilidade contribúe, entre outras cousas, a romper estereotipos sexistas ofrecéndolle modelos femininos positivos ao alumnado en todas as disciplinas, co fin de facilitar así o achegamento das alumnas aos estudos científicos e tecnolóxicos considerados como tradicionalmente masculinos e ofrecerlles aos rapaces unha valoración do feminino. Convidámosvos a coñecerlas!

Receitario III: A división sexual do traballo

Os cambios producidos nestes anos, reflectidos en todos os ámbitos (laborais, económicos, sociais...), modificaron profundamente os nosos modos de vida, facendo emerxer novas estruturas sociais, transformando as relacións familiares, persoais, de parella etc. Entre estes cambios atópase a incorporación das mulleres ao mercado laboral. No entanto, é significativo comprobar, dunha banda, como as mulleres se foron integrando no mercado laboral coas trabas que isto supón e, doutra, como segue sendo materia pendente que os homes se incorporen ao espazo doméstico e contribúan a unha repartición de tarefas máis igualitaria, facilitando con iso o acceso das mulleres ao emprego.

A división sexual do traballo vén de moi lonxe e os estudos falan de que foi no neolítico cando comezou a delimitarse o que agora coñecemos como espazos públicos e privados, arredor da guerra e da procreación, respectivamente. Comeza así a xerarquización de valores e a procreación é de menor valor (espazo privado) que a guerra (espazo público). Resulta, pois, fundamental e indispensable inculcarlle ao alumnado o valor dos labores considerados tradicionalmente femininos en todo o referido aos coidados e ao traballo doméstico. Non darlle importancia a isto, ademais de anular o papel fundamental que ocupou na historia da humanidade, impedirá que tanto nenos como nenas se desenvolvan de forma autónoma na vida adulta.

Receitario IV: Relacións igualitarias

As mozas adoitan ser educadas para que non lles supoña ningún problema expresar a súa afectividade, sobre todo cando falamos de mostrar sentimentos como a empatía, o agarimo, a felicidade, a tristeza. Con todo, hai carencias en canto a mostrar outras cuestións como a asertividade, ou mesmo a agresividade. Nos nenos, pola contra, o estereotipo supónlles que poden expresar facilmente a rabia, a agresividade ou o enfado, pero teñen problemas para amosar publicamente a tristeza, a dor, o amor ou a empatía. A masculinidade hexemónica ensínalles a non se mostraren «débeis» e para iso obrígaos a agochar sentimentos inherentes a todo ser humano.

O obxectivo fundamental deste bloque é transmitir coñecementos relacionados coa área afectiva e sexual no marco da autoestima como vínculo global e esencial de cada persoa consigo mesma.

Este receitario recolle propostas que axudarán a que cada persoa se sinta querida, respectada e valorada polo que é. Con iso lograremos que confíe en si mesma e que gañe seguridade para que poida construír a confianza nas outras persoas e estabilidade con estas vínculos saudables e igualitarios.

En definitiva, propostas para traballar na aula que lle permitan ao profesorado promover unha adecuada educación afectivo-sexual que comece desde idades temperás e non sexan meras accións puntuais unicamente dirixidas á poboación adolescente e consistentes en mostrar os aspectos reprodutivos das persoas.

Receitario V: Violencia de xénero

Cando falamos de violencia, falamos de intimidación, do emprego da forza física, da utilización dunha linguaxe despectiva, agresiva ou discriminatoria e do uso de ameazas, insultos, menosprezo ou chantaxes.

Cando falamos de violencia de xénero, estamos a referirnos á violencia que sofren as mulleres polo feito de selo. As formas da violencia contra as mulleres poden ser moitas, desde a máis radical, que é a morte, até a máis sutil. A violencia contra as mulleres é unha expresión da relación de desigualdade existente entre homes e mulleres. Unha vez máis, a violencia é produto dunha socialización sexista de ambos os sexos, na que se nos outorgaron papeis ou roles distintos para desempeñar.

Ademais da socialización diferenciada e dos diferentes valores que se lle atribúen a cada sexo, faise necesario unha análise sobre que nos ensinan, que é o amor a homes e mulleres e o que significa á hora de formar unha parella.

A educación sentimental, polo tanto, é unha potente ferramenta educativa para previr a violencia de xénero. Permite construír realidades alternativas á dependencia emocional ou ao abuso e uso do poder nas relacións afectivas. É importante dotar de recursos persoais a rapazada, para saber expresar os sentimentos, escoitar e tomar decisións, é dicir, aprender a convivir.

Receitario VI: En feminino e masculino

A linguaxe é unha actividade humana complexa. Reflicte o sistema de pensamento colectivo e con el transmítese unha gran parte da forma de pensar e actuar de cada sociedade. A influencia da linguaxe é decisiva na mentalidade e comportamento das e dos falantes, nas formas de percibir a realidade. Ademais, por ser a linguaxe unha construción social e histórica que inflúe na percepción da realidade, cando unha persoa fala, exprésase tal como pensa.

No proceso educativo, a linguaxe desempeña un papel fundamental na apropiación do mundo. A través da linguaxe creamos ou negamos real ou simbolicamente as cousas e as persoas.

Que as mulleres non estean representadas na linguaxe, que a linguaxe as oculte é un sinal máis das desvantaxes con respecto aos homes. O pensamento androcéntrico dominante considera os homes como suxeitos de referencia e, en consecuencia, as mulleres dependentes ou en función deles.

A lingua posúe a flexibilidade necesaria para adaptarse á realidade actual, na que a muller ocupa un lugar equiparable ao do home. É ás persoas que empregan esa lingua ás que lles corresponde facer uso de tales posibilidades para evitar mensaxes que poidan resultar discriminatorias.

Receitario VII: Análise crítica dos medios

A pesar dos cambios que se están producindo na sociedade en canto á progresiva incorporación das mulleres ao mercado laboral e a súa participación activa en diversos ámbitos sociais, a publicidade segue utilizando estereotipos sexistas para a promoción e venda dos seus produtos. Tendo en conta esta situación e a enorme influencia que os anuncios publicitarios teñen no alumnado, na súa forma de percibir o mundo, nas súas expectativas e desexos, debemos xuntar esforzos para contrarrestar, na medida do posible, esa influencia.

De igual xeito, as series, películas e producións musicais reafirmaran, de maneira reiterada, os estereotipos de xénero e as formas de relación non igualitarias.

Á parte dos principais axentes socializadores que son a familia e a escola, os medios de comunicación e a publicidade son cada vez máis preponderantes na transmisión dunha imaxe anacrónica e estereotipada das mulleres e das relacións afectivo-sexuais. Os estereotipos e imaxes que transmiten os medios de comunicación arraigan profundamente nas nosas mentalidades e perduran no tempo, aínda que pasen inadvertidos. Precisamente iso fai que resulten tan potentes e eficaces.

A análise dos medios de comunicación permite cuestionar os estereotipos sexistas presentes nestas canles e facelo, ao tempo, en toda a realidade social.

Neste bloque ofrécense algunhas propostas que permitan desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante os estereotipos de xénero na publicidade, os medios de comunicación e as producións musicais.



PARTE 4

Recetas para educación infantil e primaria




Parte 4: Receitas para educación infantil e primaria

Nesta parte da guía recóllense as actividades deseñadas para educación infantil e educación primaria. Están organizadas con base nos receitairos temáticos explicados no apartado 3.2.

Como xa se comentou, algunhas receitas poden encaixar e adaptarse tanto a educación infantil como a educación primaria. Ademais de indicar a etapa no apartado ETAPA EDUCATIVA da ficha da actividade, adóptase un código de cores para facilitar a busca axeitada de receitas.

O código de cores é o seguinte:



Recetas para educación infantil e primaria

Receitario I. A orixe da desigualdade. Como nos convertemos en mulleres e homes

RECEITA 1

SON IGUAL, SON DIFERENTE

OBXECTIVOS:

- » Fomentar unha imaxe positiva sobre si mesmo/a como ser único e irrepetible.
- » Sensibilizar sobre a importancia do respecto ás diferenzas individuais de cadaquén.
- » Naturalizar as diferenzas individuais e o respecto á diversidade das persoas.

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	30 minutos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Papel
- » Lapis
- » Almofada de tinta

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Esta actividade consta de dúas fases:

FASE I: A MIÑA PEGADA DIXITAL. SON DIFERENTE

Repártese a cada alumno e alumna media folla de papel, unha almofada de tinta e un lapis. Explícase ao alumnado que todas as persoas somos diferentes unhas doutras, nin mellores nin peores, senón diferentes. Cada persoa posúe algo que non ten máis ninguén no mundo, e para demostrar isto temos a pegada dixital. Non hai unha pegada dixital no mundo igual que outra. O/a docente amósalles como se estampa a pegada no papel facéndoo á vista de todo o alumnado.

Cada alumno/a ten que deixar a súa pegada no papel e unha vez que todos e todas terminaron, pídeselles que as comparen coas pegadas doutros compañeiros e compañeiras para comprobar que efectivamente cada unha é diferente.

FASE II: ATOPA A MENSAXE

Seguidamente e tendo cada alumno e alumna a súa pegada plasmada no papel, a/o docente escribe no encerado unha mensaxe agochada. Para lelo hai que eliminar os números (pode realizarse tamén con X, debuxos etc.). Para iso pídesse que, por quendas, saian ao encerado e borren os números que aparecen no texto para que ao final apareza a frase: NENOS E NENAS PODEN FACER AS MESMAS COUSAS.

NE11257NOS 3265E1247 1759NENAS2056
225583PODEN25478 3610FA223366CER55814
227589AS3326 6589MES25478MAS2365
7896COU25698SAS12589

Unha vez que se eliminaron todos o números preguntar se alguén pode ler a mensaxe. Se non é así, a profesora ou profesor lerá a frase resultante. Por último, farán un debuxo no papel que contén a súa pegada dixital que exprese, a súa maneira, a frase “nenos e nenas poden facer as mesmas cousas”. Levarano a casa e explicarán a actividade realizada a todas as persoas que forman parte da súa familia.

CLAVES PARA O PROFESORADO

É importante lembrar ao alumnado que aínda que todos e todas somos diferentes e únicos/as no mundo, todos e todas podemos facer as mesmas cousas e temos os mesmos dereitos, xa sexamos nenos ou nenas. É fundamental introducir tamén o concepto de respecto en canto ás diferenzas relixiosas, de raza, cultura, etc. Pódese por tanto realizar esta actividade variando a frase de procura e traballar así o respecto a outras diferenzas.

FONTE: elaborado a partir de *Cuaderno de actividades de infantil. Guía práctica de coeducación para el profesorado (2007)*

RECEITA 2

PARELLAS DE ANIMAIS

Ingredientes	O xogo e as imaxes
Etapas educativas	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Favorecer a distensión e a desinhibición no grupo.
- » Potenciar a comunicación non verbal desde a expresión corporal.
- » Facilitar as relacións sociais no grupo.
- » Posibilitar o coñecemento da realidade a través do xogo simbólico.
- » Favorecer o coñecemento do concepto de sexo e de xénero.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Fichas cos animais
- » Ligazóns:
[Elas son animais.](#)
[Caderno para colorear](#)
[Imaxes animais](#)

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

A cada neno e a cada nena repárteselles unha ficha co debuxo dun animal (macho ou femia). Indícaselles que cada persoa ten que imaxinar que é ese animal: como andaría, como se movería, que sons faría, que comería, como se relacionaría, que faría... Cando a/o docente dá unha palmada, as nenas e nenos comezarán a andar pola aula imitando o animal que lle correspondeu a cadaquén, con xestos, con movementos e con sons.

Trátase de que atopen a parella do animal que están a representar. Unha vez atopada, únense e tratan de interaccionar. Que farían en conxunto? Como se comportaría o animal macho? E o animal femia?

CLAVES PARA O PROFESORADO

Unha vez concluído o xogo, o/a docente senta a todo o grupo en círculo e comentan que diferenzas apreciaron entre o macho e a femia. Explican como se relacionaron entre si e fórmulanse preguntas como: Que facía quen representou o papel de macho? E quen representou o papel de femia?

Posteriormente, faise referencia ao comportamento de nenas e nenos, de mulleres e homes, destacando a diferenza cos animais e como as relacións son totalmente distintas. O profesorado pode aproveitar para ir introducindo de maneira sinxela o concepto de sexo e o concepto de xénero, preguntando as diferenzas que cren que existen entre nenos e nenas.

FONTE: elaborado a partir de [Cuaderno de actividades de infantil. Guía práctica de coeducación para el profesorado \(2007\)](#)



RECEITA 3

SOMOS IGUAIS, PARECEMOS DIFERENTES

Ingrediente	O xogo
Etapas educativas	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	1 sesión de 50-60 minutos ou 2 sesións de 30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Describir verbalmente como é cada persoa.
- » Describir a forma en que cadaquén se viste e o que a cada persoa lle agrada.
- » Reflexionar sobre os cambios que se producen cando nos disfrazamos.
- » Tomar conciencia do eu e da outra persoa na forma na que as nenas e os nenos se visten.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Pintura de cara
- » Complementos para disfrazarse: sombreiros, lentes, colares, perrucas, zapatos, roupas rechamantes etc.
- » Espellos (se é posible, de corpo enteiro)

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Pedímoslles a alumnos e alumnas que observen a súa imaxe fronte a un espello de corpo enteiro e han de describir como son (altura, cor e largura do pelo, ollos, ombreiros...). Pedímoslles que describan un compañeiro ou compañeira e que comparen como son. Indicámoslles que se disfracen, utilizando os complementos e pinturas.

Podemos pedirles que intercambien os disfraces. Unha opción é que sexa por parellas de nena e neno. Se alguén se resiste porque pensa que algunha peza ou complemento é claramente «de nena ou de neno», podería explicar por que o cre así; o resto podería darlle a súa opinión e o profesor ou profesora afondar no tema.

Cando se dea por finalizada a actividade e os disfraces estean gardados, iniciaremos un debate sobre todo o experimentado. Conversaremos sobre a función da roupa e como nos vestimos cada día. É bo insistir en que estas vestimentas non definen o que somos, senón que só nos procuran unha aparencia externa.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Ao inicio da dinámica, o/a docente indicará que toda a roupa e os complementos son para compartir; que é importante que se probe e experimente coa roupa e obxectos que normalmente non se usa.



FONTE: elaborado a partir [Guía de actividades para fomentar la igualdad de oportunidades entre niños y niñas](#)

RECEITA 4

EN QUE NOS DIFERENCIAMOS NENAS E NENOS?

Ingrediente

As imaxes

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Ampliar as ideas preconcebidas sobre as categorías home e muller.
- » Favorecer o coñecemento de que nenas e nenos non son tan diferentes.
- » Desmontar estereotipos de xénero e as características asignadas a cada sexo.
- » Identificar as expectativas diferenciadas que se asocian ás nenas e nenos.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Papel
- » Pinturas

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Pedímoslle ao alumnado que debuxe un neno e unha nena. Pregúntase persoa a persoa: Que diferenzas observas nos teus debuxos?

A/O docente vai apuntando as características en dúas listas no encerado para despois comentar no grupo cales son os trazos significativos para diferenciar nenas e nenos. Para facelo máis visual, tamén se pode acompañar a listaxe cun debuxo da nena e do neno coas características que vai sinalando o alumnado.

Despois pregúntaselle ao grupo se as características que destacaron no debuxo do neno tamén as posúen as nenas e á inversa:

- » Poden os nenos levar o pelo longo? E as nenas curto? Coñecedes nenos co pelo longo? E nenas co pelo curto?
- » E pendentes, poden levar pendentes nenos e nenas? Coñecedes nenos con pendentes? E nenas sen pendentes?
- » E pestanas, teñen os nenos pestanas? Pode un mozo ter as pestanas máis longas que unha moza?

Seguirase este deseño de preguntas con todas as diferenzas que percibisen.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Incidimos en que realmente nenas e nenos non somos tan diferentes.



FONTE: elaborado a partir [Guía de actividades para fomentar la igualdad de oportunidades entre niños y niñas](#)

RECEITA 5

COUSAS QUE FACEMOS

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Comprender que non hai xogos ou actividades para nenas ou para nenos.
- » Sentir seguridade cos gustos, expectativas e preferencias propias.
- » Valorar todas as posibilidades que a rapazada ten, desde as particularidades de cada un e cada unha.
- » Comprender que todas as persoas son distintas e que, aínda que a unhas se lles poidan dar mellor unhas actividades que a outras, todas son valiosas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Rotuladores de distinta cor
- » Ficha co debuxo para unir a persoa cos obxectos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A cada neno e a cada nena repárteselles unha ficha cun debuxo das personaxes (neno e nena) e dos obxectos (raqueta, balón, mandil, ferro de pasar, lentes, patíns, corda, oso peluche, libro, espello...). Pídeselles ás alumnas e alumnos que unan cada obxecto coas personaxes, sen dar máis indicacións.

Unha vez concluído o xogo, o/a docente senta a todo o grupo en círculo para conversar e reflexionar sobre as seguintes preguntas: Que cousas che gusta facer? Que lles gusta facer aos teus amigos? Que lles gusta facer ás túas amigas? Todos e todas podemos correr, saltar, xogar, ler, bailar, falar? Os teus amigos e amigas xogan xuntos? Con quen che gusta máis xogar?

CLAVES PARA O PROFESORADO

Outras posibles actividades para complementar:

- » Sentamos en círculo e pedimos que de forma individual comenten cales son as súas afeccións preferidas. Ao finalizar cada exposición pregúntase: Hai máis nenos aos que lles guste facer isto? Hai máis nenas? E comentamos que non hai actividades para nenas e para nenos. Todas e todos poden facer o que máis os atraia. Por exemplo, un alumno comenta: A minutos gústame correr. Preguntamos: A que nenos vos gusta correr? A que nenas?
- » Intercambiamos cousas que sabemos facer. Pedímoslles que nun folio debuxen algo moi especial que saiban facer. Por exemplo, unha alumna pode saber saltar moi alto ou un alumno bailar facendo círculos. A continuación, pedímoslles que intercambien o seu debuxo con outra persoa. Sentan en círculo e explican o debuxo que recibiron e a razón pola que é especial.



FONTE: elaborado a partir de [Educando en igualdade. Guía para la educación infantil.](#)
FETE-UGT en colaboración co Instituto da Muller e o Ministerio de Igualdade.

RECEITA 6

MARTIÑO E ANTÍA

OBXECTIVOS:

- » Facilitar a comprensión dos roles de xénero.
- » Favorecer a análise crítica da asignación dos roles de xénero.
- » Favorecer a comprensión da diferenza entre sexo e xénero.
- » Identificar as diferentes expectativas que asociamos ás nenas e aos nenos.
- » Analizar, vivencialmente, como se desenvolve a socialización de xénero.
- » Comprender como o xénero afecta á vida das persoas

Ingrediente

As imaxes

Etapa educativa

Primaria

Idade

6-12 anos

Tempo estimado

50 minutos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Folios coa foto dun bebé co nome de Martiño e do mesmo bebé co nome de Antía
- » Encerado e xices ou papel grande e rotuladores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O/A docente prepara dúas fotografías idénticas dun bebé que se colocarán nun soporte ríxido (cartón ou cartolina). Escríbese nunha das fotografías o nome de Martiño e na outra o de Antía. Tamén se poden proxectar as imaxes.

Trátase de que, de maneira grupal, constrúan as historias de vida futura para estes dous bebés. A/O docente colle a fotografía de Antía e comeza a lanzarlle ao grupo preguntas:

- » Que calidades observades en Antía?
- » Cal credes que será a súa cor favorita?
- » A que lle gustará xogar cando teña dous anos?
- » A que lle gustará xogar cando teña a vosa idade?
- » Como lle gustará vestirse cando teña a vosa idade?
- » En que credes que traballará?
- » Como pensades que será cando sexa maior?
- » Como pensades que será a súa vida?
- » Como será a súa vida familiar?

Unha vez que o grupo contestou as preguntas de Antía, móstraselle a continuación a imaxe de Martiño e realízanse as mesmas preguntas.

Cando o alumnado remate de construír as historias, póñense en común. Entre todo o grupo analízanse as diferenzas e as semellanzas entre as calidades atribuídas aos bebés nenas e as atribuídas aos bebés nenos, así como ás expectativas para Martiño e para Antía.

CLAVES PARA O PROFESORADO

O/a docente explica como inflúe o sexo biolóxico ao nacer, como se esperan socialmente cousas diferentes para nenos e para nenas, que é o xénero, que é o sexo e que son os roles de xénero... En definitiva, como se constrúen os roles de xénero e como, con base no sexo biolóxico, se constitúen os estereotipos de xénero de nenos e nenas.

FONTE: elaborado a partir de *Guía práctica de coeducación para el profesorado. Primaria.*



RECEITA 7

ERA UNHA VEZ UN CONTO AO REVÉS

Ingredientes

Etapas educativas

Idade

Tempo estimado

A lectura e a escritura

Primaria

6-12 anos

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aproximarse ao concepto de igualdade entre nenos nenas.
- » Entender que nenos e nenas teñen os mesmos dereitos.
- » Comprender a diferenza entre os conceptos de sexo e de xénero.
- » Ser consciente de como os caracteres biolóxicos das persoas son traducidos socialmente en desigualdades sociais.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Texto do conto
- » Folios
- » Pinturas e rotuladores

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Comezamos explicando que, para descubrir o valor da igualdade, se lerá un conto moi especial: [O príncipe Cincento](#).

ACTIVIDADE 1

Unha vez lido o conto, propónse que o alumnado exprese que ideas lles suxire e que é o que pensan que o conto quere transmitir.

Preguntas:

- » Habitualmente lemos contos como este?
- » Como son os contos tradicionais?

ACTIVIDADE 2: ORGANIZAMOS UN CONCURSO DE CONTOS NON SEXISTAS

Cada participante pode presentar un relato de tema libre que fomente a igualdade de oportunidades e evite os estereotipos de xénero. Mentres redactan o conto, podemos axudarlles a diferenciar que personaxes ou actitudes poden considerarse sexistas.

Unha vez redactado o texto, pódense engadir ilustracións ou debuxos para decoralo, sempre evitando os roles tradicionais de xénero.

CLAVES PARA O PROFESORADO

Na actualidade, hai moitos contos non sexistas dispoñibles que se poden utilizar para esta dinámica. [O príncipe Cincento](#) é só un exemplo.

Pódese establecer un premio que consista na publicación do relato na revista ou na páxina web do centro. Tamén se pode usar para representar unha obra de teatro nas festas escolares.

PARA AFONDAR NO TEMA

[Conto completo \(cast.\)](#) | [La igualdad con el príncipe ceniciento](#) | [El príncipe ceniciento en educación infantil - Actiludis](#)



MATERIAL PARA A ACTIVIDADE

TEXTO CONTO: O PRÍNCIPE CINCENTO

O príncipe Cincento non parecía un príncipe, porque era baixiño, pencado e delgado. Con todo, era moi, moi listo. Tiña tres irmáns mangallóns e peludos que sempre se mofaban del. Estaban sempre na disco Palacio. E o pobre príncipe Cincento sempre na casa, limpando o que eles ciscaban.

O sábado pola noite, unha fada cotrosa caeu pola cheminea.

—Zis, zis bum, bic, bac boche, esta lata baleira será un coche! Bif, baf bom, bo bo bas, á discoteca irás!

—Isto non vai! —dixo a fada. Creara un coche de xoguete diminuto e o príncipe non se moveu da cociña...

—Dedo de rata e ollo de tritón salvaxe, que os teus farrapos sexan un traxe! —berrou a fada, pero só conseguiu un ridículo traxe de baño de raías para o príncipe.

—Bo... agora cumprirei o teu desexo máis importante. Serás ben forte e peludo!

—E vaia se era un Cincento grande e peludo: converteuse nun mono!

—Vaite! —dixo a fada—. Volveu fallar, pero estou segura de que a medianoite vai desaparecer o feitizo...

Pouco imaxinaba o príncipe Cincento que era un mono grande e peludo por culpa daquel erro. El víase tan guapo! E así foi correndo á discoteca.

O coche era moi pequeno, pero soubo tirarlle proveito. Con todo, ao chegar a aquela disco de príncipes, era tan grande que non pasaba pola porta! E decidiu volver para a casa en autobús.

Na parada había unha princesa moi guapa.

—A que hora pasa o autobús? —rosmou, asustando a princesa.

Por sorte, deron as doce e o príncipe Cincento volveu ser como antes. A princesa creu que a salvara escorrentando a aquel mono peludo

—Agarda! —gritou ela, pero o príncipe Cincento era tan tímido que xa botara a correr. Até perdeu os pantalóns!

Aquela princesa resultou ser a rica e fermosa princesa Lindapasta. Ditou unha orde para atopar o propietario dos pantalóns. Príncipes de afastadas terras tentaron poñelos, pero os pantalóns retorcíanse e ninguén o conseguía. Como era de esperar, os irmáns do príncipe Cincento pelexaban por probalos.

—Que os probe el —ordenou a princesa, sinalando o príncipe Cincento.

—Este mequetrefe non poderá poñelos —mofábanse seus irmáns... pero conseguíuno! A princesa Lindapasta declaróuselle ao momento. O príncipe Cincento casou coa princesa Lindapasta e foron felices para sempre.

A princesa Lindapasta falou coa fada do tres peludos... e esta converteunos en fadas domésticas.

E en diante tocoulles facer os labores da casa para sempre.



RECEITA 8 ESTE CONTO REMATOU!

Ingredientes

A lectura e o debuxo

Etapas educativas

Primaria

Idade

10-11 anos

Tempo estimado

3 sesións de 50 minutos (en días consecutivos)

OBXECTIVOS:

- » Cuestionar os roles que se lles adxudican ás personaxes femininas e masculinas.
- » Reflexionar sobre as consecuencias que ten para as nenas e nenos a presenza dos estereotipos na sociedade.
- » Identificar os estereotipos sexistas presentes no conto e na vida real.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Un conto de *Carrapuchiña Vermella* por cada dúas persoas
- » Cadernos para notas
- » Bolígrafos
- » Encerado
- » Xices
- » Dicionarios

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

PRIMEIRA SESIÓN: SEGUINDO A TRADICIÓN

O alumnado le en voz baixa o conto de *Carrapuchiña Vermella* e debe facer unha listaxe das personaxes principais do conto e poñer un adxectivo que identifique a cada un dos protagonistas: Carrapuchiña, a mamá, a avoíña, o lobo e o cazador. Unha vez lido o conto, o profesorado pídelles que debuxen unha das personaxes.

SEGUNDA SESIÓN: E SE O MUNDO FOSE AO REVÉS?

Leremos o conto invertendo as personaxes. As personaxes do conto que tradicionalmente son femininos pasarán a ser masculinos e ao revés. De novo elaboramos unha listaxe e as nenas e nenos deberán atribuírle un adxectivo a cada unha das personaxes. Unha vez feita a listaxe, pediráselles que volvan facer o debuxo.

TERCEIRA SESIÓN: TEMPO DA EXPOSICIÓN

Anótanse no encerado os adxectivos que os nenos e nenas lles atribuíron a:

- Carrapuchiña, a mamá, a avoíña, o lobo e o cazador.
- Carrapuchiño, o papá, o avoíño, a loba e a cazadora.

Cólganse os debuxos e faise unha comparativa entre os adxectivos duns e doutras. Pódense realizar as seguintes preguntas:

- Que diferenzas hai cando Carrapuchiña é unha nena e cando logo é un neno?
- Que adxectivos a/o describen?
- Son moi diferentes? En que se basea a diferenza?
- E por que tanta diferenza se é o mesmo comportamento, pero unha vez feito por un neno e outra por unha nena? Por que será?
- E noutros contos? E nas películas?



CLAVES PARA O PROFESORADO

Os contos axúdannos a viaxar a través da imaxinación e a soñar co mundo que queremos vivir. As historias que sorprenden rompen cos estereotipos de nenas e nenos, abrindo portas á igualdade e ensinando a gozar dun mundo sen violencia.

Nesta dinámica reflexionaremos sobre os contidos dos contos, para aprender a analizar os estereotipos sexistas, cuestionando os roles que se lles adxudican ás personaxes femininas e masculinas.



FONTE: elaboración propia.

RECEITA 9

O QUE NOS GUSTA FACER!

Ingredientes

As imaxe e o debuxo

Etapa educativa

Primaria

Idade

6-10 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Valorar todas as posibilidades que a rapazada ten desde as particularidades de cada un e cada unha.
- » Identificar os estereotipos sexistas nos xogos, actividades e afeccións.
- » Fomentar o intercambio e o coñecemento mutuo dentro do grupo.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Fotografías de nenos e nenas xogando
- » Papel e lapis

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Con demasiada frecuencia o alumnado é orientado a facer aquelas actividades que responden aos estereotipos sexistas. É importante que tomen conciencia de que poden explorar todas as posibilidades. Por esta razón, é fundamental que teñan á súa disposición todo tipo de xogos, materiais, vestimentas e espazos non sexistas e libres de violencia.

ACTIVIDADE 1: CONVERSAMOS E REFLEXIONAMOS

Repartiremos fotografías de nenos e nenas xogando a cociñar, xogando ao fútbol, patinando etc. Conversaremos e reflexionaremos sobre:

- » Que cousas che gusta facer?
- » Que lles gusta facer aos teus amigos?
- » Que lles gusta facer ás túas amigas?
- » Todos e todas podemos correr, saltar, xogar, ler, bailar, falar?
- » Os teus amigos e amigas xogan xuntos?
- » Con quen che gusta máis xogar?

O grupo sentarase en círculo e pediráselle que de forma individual comenten cales son as súas afeccións preferidas. Ao finalizar cada exposición, preguntase:

- » Hai máis nenos aos que lles guste facer isto? Hai máis nenas?

Comentarase que non hai actividades para nenas e para nenos. Todas e todos poden facer o que máis os atraia.

ACTIVIDADE 2: INTERCAMBIAMOS COUSAS QUE SABEMOS FACER

Pedirémolles que nun folio debuxen algo moi especial que saiban facer. Por exemplo, unha alumna pode saber saltar moi alto ou un alumno bailar facendo círculos. A continuación pedirémolles que intercambien o seu debuxo con outra persoa e han de expoñerlle ao grupo que debuxo lles tocou e por que é especial.

Recetas para educación infantil e primaria

Receitario II: Visibilizando as contribucións das mulleres

RECEITA 10

MULLERES NO DEPORTE I

Ingredientes

Historias (in)visibles e a lectura

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

2 ou 3 sesións de 50 minutos (pódense repartir ao longo do curso escolar)

OBXECTIVOS:

- » Visibilizar o deporte feminino e as desigualdades presentes neste ámbito.
- » Recoñecer os valores, achegas e innovacións das mulleres no ámbito deportivo.
- » Coñecer mulleres deportistas galegas.
- » Facer partícipe o alumnado da realidade que o rodea.
- » Recoñecer as desigualdades ou discriminacións nos espazos utilizados polo alumnado.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Táboa de observación
- » Pictogramas
- » Cores
- » Unidades didácticas do proxecto [Coñecendo as nosas deportistas](#) e papel

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE 1. COÑECAMOS O NOSO PATIO?

Nesta actividade propónse que o alumnado faga unha observación crítica con perspectiva de xénero dunha práctica tan habitual como son as actividades, xogos e deportes no recreo. Tomaranse datos para xustificar situacións de desigualdade e tomaranse accións para visibilizar e loitar contra estas situacións do día a día.


Durante polo menos unha semana, propónselle ao alumnado que faga unha investigación no patio do centro para descubrir que actividades, xogos e deportes se practican, onde e quen participa. Pódese usar ou adaptar a seguinte táboa para guiar a observación (o alumnado pode debuxar ou utilizar pictogramas para cubrir cada columna):

Actividade ou deporte observado	Lugar do patio onde se practica	Número de persoas que participan
Exemplo: salto de corda	Exemplo: na marxe do campo de fútbol	Exemplo: dez persoas, cinco nenos e cinco nenas

A/O docente divide a aula en grupos de entre tres a seis persoas e dá as seguintes indicacións:

«Facede un debuxo do patio. Nese debuxo coloreade as zonas do patio onde fixestes a vosa investigación. En diferentes cores sinalade aproximadamente a parte do patio que se usa para os deportes onde xogan e participan máis nenos e onde o fan máis nenas.

Seguro que atopastes que a repartición non é moi igualitaria. Propómosvos que tomedes cartas no asunto e fagades algo para concienciar o resto de compañeiros e compañeiras que usan o patio. Sede ben orixinais!»



ACTIVIDADE 2. DESCUBRIMOS CARAS FEMININAS DO DEPORTE!

Ao longo do curso iremos coñecendo deportistas galegas aproveitando as guías didácticas recollidas no proxecto [Coñecendo as nosas deportistas](#). Podemos comezar por Verónica Boquete, dispoñible nesta ligazón. Premendo na [ligazón](#) pódese atopar a guía correspondente para cada unha das deportistas, na que se inclúen datos de interese, cuestionarios e outra información relevante, así como actividades.



FONTE: elaboración propia.

RECEITA 11 PON AS LENTES VIOLETA!

Ingredientes	Historias (in)visibles, a lectura e as pantallas
Etapa educativa	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Recoñecer os valores, achegas e innovacións das mulleres nos distintos ámbitos da sociedade: científico, deportivo, cultural e intelectual.
- » Fomentar a mirada crítica ante as desigualdades de xénero.
- » Implicar a rapazada na investigación e coñecemento da historia invisibilizada das mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Modelo de gafas para recortar e decorar
- » Paus
- » Lapis de cor violeta
- » Altofalantes

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE 1: PON AS LENTES VIOLETAS!

Tras a lectura en voz alta por parte da/do docente e audición da [canción «Doutora Xalapeño» de Gramola Gominola](#), trataremos o papel fundamental da muller en distintas facetas científicas, culturais e literarias e a importancia da súa visibilización na escola. Para facelo máis interesante, podemos crear as lentes violetas, para ver mellor as inxustizas e desigualdades de xénero. Realizaranse as lentes violetas seguindo as instrucións que se recollen no apartado de claves para o profesorado desta ficha de actividade.

A continuación, divídese o alumnado en grupos e pídeselle que cada un escolla un libro que xa coñeza ou que fose lido na clase. A continuación, anímase a buscar e analizar as referencias que se fan ás mulleres e aos homes (ou ás personaxes masculinas e femininas) nos libros escollidos e para iso poden ter en conta algún dos seguintes puntos para buscar:

- » Como son as imaxes de cada personaxe?
- » Hai unha forma de vestir particular?
- » Que cores utiliza?
- » Que cousas fan?

ACTIVIDADE 2: INVESTIGA!

A doutora Xalapeño adestra as mellores calidades que temos cada unha e cada un de nós. Agora que xa tes as túas lentes violeta xa podes investigar sobre mulleres importantes na sociedade pasada ou presente e cal foi o seu traballo, logo poderemos ver de compartir no grupo as vosas investigacións!

Para a túa investigación, podes preguntar na casa ou de seguro que na biblioteca escolar hai libros ben interesantes sobre este tema!

CLAVES PARA O PROFESORADO

Para realizar as lentes violetas, imprime un modelo de gafas para recortar e pintar. No modelo pódese engadir este texto (se o alumnado aínda non sabe ler, o profesor ou profesora explicarao) con indicacións para o alumnado: recorta o modelo das lentes para decoralas coa cor violeta e así poder detectar todas aquelas inxustizas, discriminacións por sexo e estereotipos nos contos. Colorea, recorta e despois podemos pegar un pau para suxeitalas como se fose unha máscara. Pon as lentes de xénero!

FONTE: elaborado a partir de diferentes materiais consultados.





MATERIAL PARA A ACTIVIDADE

LETRA «DOUTORA XALAPEÑO»

*Non hai ninguén que adestre mellor
que a doutora Xalapeño,
pola súa dedicación, polo seu empeño.
Estimula os teus sentidos, ela activa a túa mente.
Faite mellorar, sen darte de conta, nun repente.
Practica, practica, para dalo todo.
Practica, razoa e pensa ante todo. (x2)
Forza, forza, forza é o que temos.
Forza, forza, forza coma demos. (x2)
Non hai ninguén que adestre mellor
que a doutora Xalapeño,
pola súa dedicación, polo seu empeño.
Se voas, chegarás ao ceo; se es forte,
levantarás o mundo.
Se es intelixente, ela fará que sexas
unha gran xenia.
Practica, practica para dalo todo.
Practica, razoa e pensa ante todo. (x2)
Voa, voa, coas ás alzadas.
Voa, voa, tan alto como poidas. (x2)
Non hai ninguén que adestre mellor
que a doutora Xalapeño,
pola súa dedicación, polo seu empeño.
Para a súa filla fixo un mundo de acuarela.
Da imaxinación que tiña fixo
a fábrica de Carmela.*

RECEITA 12

UNHA OLLADA Á NOSA ÁRBORE FAMILIAR

Ingrediente

Historias (in)visibles

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

2 sesións de 30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Tomar conciencia da historia das mulleres da familia e valorar as súas achegas.
- » Visibilizar os cambios xeracionais en canto aos dereitos das mulleres.
- » Observar os roles de xénero e ver a súa evolución nas últimas xeracións.
- » Cuestionar a división sexual do traballo.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Folios
- » Cartolinas
- » Pintura
- » Rotuladores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

SESIÓN 1

Explícanse algúns conceptos básicos como igualdade, desigualdade ou discriminación.

En primeiro lugar, súxíreselle un traballo de investigación ao alumnado. Deben preguntar na súa familia sobre as tarefas que realizaban e realizan as mulleres e homes das tres xeracións anteriores (proxenitoras/es, avoas/avós e bisavoas/vós). Tamén poden preguntar a amizades da familia.

SESIÓN 2

Na seguinte sesión, despois de realizar a investigación, o alumnado reflectirá a información sobre as mulleres das súas familias en debuxos. Tamén se pode aproveitar a oportunidade para facer unha árbore xenealóxica coas mulleres da familia. En asemblea compartírase co grupo como mudaron as mulleres en cada familia e comentárase como evolucionaron as condicións de vida das mulleres



FONTE: elaborado a partir de diferentes materiais consultados.

RECEITA 13

A CIENCIA É PARA TODOS E TODAS

Ingredientes

As pantallas e o xogo

Etapa educativa

Infantil e primaria

Idade

5-6 anos e 6-12 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Estimular a curiosidade pola ciencia no alumnado.
- » Achegar unha visión lúdica da ciencia.
- » Visibilizar que a ciencia pode estar ao alcance de todas as persoas, independentemente de se son nenos ou nenas.
- » Recoñecer os valores, achegas e innovacións das mulleres no ámbito científico na sociedade.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Cinco escarvantes por nena/o
- » Recipiente con auga
- » Pantalla
- » Altofalantes
- » Ordenador

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE 1

En primeiro lugar, proxectamos o vídeo [Las mujeres en la ciencia](#) de Mache González, deseñador, ilustrador e animador arxentino.

Como se pode ver, a ciencia non é un espazo reservado a unha parte da poboación, senón que está ao alcance de todas as persoas. Ademais, a ciencia pode ser moi divertida. Queres comprobalo?

ACTIVIDADE 2

Imos facer un experimento moi sinxelo co que deixar coa boca aberta a familia e as amizades. Trátase de facer unha estrela utilizando unicamente cinco escarvantes de madeira e unha pinga de auga. Parece maxia, pero é ciencia.

Como podes facelo? Primeiro imos ver o vídeo [Experimento estrela con escarvantes e auga](#) onde se explica e despois procédese a practicar na aula para poder sorprender a familia e as amizades.



FONTE: Elaboración propia a partir de diferentes materiais consultados.

RECEITA 14

MULLERES NO DEPORTE II

Ingredientes

Etapa educativa

Idade

Tempo estimado

Historias (in)visibles, a lectura e as pantallas

Primaria

10-12 anos

6 sesións de 50 minutos (as actividades propostas en cada sesión poden ser realizadas de forma independente)

OBXECTIVOS:

- » Visibilizar o deporte feminino e as desigualdades presentes neste ámbito.
- » Recoñecer os valores, achegas e innovacións das mulleres no ámbito deportivo.
- » Facelos partícipes da realidade que os rodea.
- » Coñecer mulleres deportistas.
- » Recoñecer as desigualdades ou discriminacións nos espazos utilizados polo alumnado.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ordenadores
- » Pantalla
- » Fichas coas diferentes táboas e indicacións para completalas
- » Papel
- » Bolígrafos
- » Folios
- » Selección de novas
- » Fichas coas indicacións incluídas na descrición da actividade

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

SESIÓN 1: TOMANDO CONCIENCIA

Proxéctanse na pantalla as seguintes cápsulas informativas sobre a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito deportivo:

- » Na actualidade, as mulleres do ámbito deportivo teñen unha maior presenza que antes na sociedade e nos medios de comunicación. Así a todo, aínda queda camiño para alcanzar a plena igualdade entre homes e mulleres. Explicámoscho no seguinte artigo: [A igualdade no deporte: un camiño a medio percorrer](#).
- » Que é a fenda salarial? E o teito de cristal? Repasamos os conceptos clave para afondar na desigualdade entre homes e mulleres no ámbito deportivo. [Conceptos para entender a desigualdade de xénero no deporte](#).
- » Aínda que agora nos pareza normal que calquera moza ou muller practique o deporte que máis lle guste, no pasado non era así. Como evolucionou o deporte feminino no último século? [Mujeres y deporte. Una larga carrera hacia la libertad \(1880-2000\)](#)
- » A industria cinematográfica tamén reflicte situacións de desigualdade de xénero no ámbito deportivo e dá a coñecer referentes de nenos e nenas que rompen cos estereotipos marcados. Recomendámosche algunhas. [Películas para entender os estereotipos e a desigualdade de xénero no deporte](#).
- » Canto sabes sobre a desigualdade no deporte feminino? Podes comprobalo [facendo este test](#) e así coñecerás os datos máis relevantes da historia das mulleres no ámbito deportivo. Tamén podes [ler esta entrada](#) e coñecer unha muller pioneira do fútbol galego.

Proposta de actividade

Bota un ollo na sección de deportes dos xornais e observa como reflicten os medios as mulleres deportistas.

IDEAS PARA A REFLEXIÓN

A desigualdade de xénero no deporte maniféstase de diferentes formas; menos presenza de equipos e competicións femininas nos medios, menos mulleres xornalistas retransmitindo, actitudes sexistas etc. Analizamos como lles afecta esta situación ás mulleres deportistas e que medidas poden poñer en marcha gobernos, institucións e medios para combater a desigualdade.

SESIÓN 2: COÑECEMOS O NOSO PATIO?

Esta actividade propónlle ao alumnado que faga unha observación crítica con perspectiva de xénero dunha práctica tan habitual como son as actividades, xogos e deportes no recreo.

Durante polo menos unha semana, realizarase un estudo de campo no patio do centro para descubrir que actividades, xogos e deportes se practican, onde e quen participa. Pódese usar ou adaptar a seguinte táboa para guiar a observación:

Actividade ou deporte observado	Lugar do patio onde se practica	Número de persoas que participan
Exemplo: salto de corda	Exemplo: na marxe do campo de fútbol	Exemplo: dez persoas, cinco nenos e cinco nenas

A continuación indicárase que, en grupos de entre catro e seis persoas, debuxen un plano do patio. Nese plano han de incluír as zonas que observasen e cunha escala de cores poden detallar o número de persoas que practican cada actividade ou deporte e a proporción de nenas e de nenos que participan neles. Han de calcular, aproximadamente, que porcentaxe da superficie do patio está reservado a deportes onde maioritariamente participan nenos.

Unha vez debuxados os planos, debaterán na clase, co profesor ou profesora de guía, sobre os resultados.

Algunhas cuestións para reflexionar:

- » O número de nenos e nenas que practican deportes no patio é similar?
- » Hai algúns deportes ou actividades nos que participen maioritariamente ou mesmo exclusivamente nenos ou nenas?
- » Que espazos se utilizan para as actividades e xogos nos que hai unha maioría de nenos?
- » Que espazos se utilizan para as actividades e xogos nos que hai unha maioría de nenas?

Seguro que neste debate atopastes algunhas situacións pouco equitativas. Proponse que agora o alumnado pase á acción para concienciar o resto de compañeiras e compañeiros que usan o patio. As ideas han de ser ben orixinais! Aquí van algunhas para inspirarse:

- » Colgar carteis con frases reivindicativas onde denunciar algunhas das seguintes situacións: deportes nos que non se inclúan nenas, espazos máis amplos e centrais só para deportes onde participan nenos etc.
- » Pintar no chan do patio con cores ben vivas o espazo reservado a deportes que maioritariamente xoguen nenos e espazos onde maioritariamente xoguen nenas.
- » Facer unha campaña nas redes sociais denunciando os casos máis graves que se observan.

SESIÓN 3: DEPORTE FEMININO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Antes de empezar e de forma individual, volver ler o artigo [A igualdade no deporte: un camiño a medio percorrer](#) e poñer especial atención no apartado «Presencia do deporte feminino nos medios de comunicación» É o que se analizará a continuación!

En primeiro lugar, dividirase a clase en tres grupos e cada un centrarase na análise da información publicada por un medio de comunicación deportivo ou da información da sección de deportes dun medio de comunicación xeneralista. Dividimos a clase segundo o formato da información analizada:

- » **Grupo 1:** prensa escrita (en papel ou dixital)
- » **Grupo 2:** informativos de televisión
- » **Grupo 3:** informativos de radio

Dentro de cada grupo, traballarase por parellas: isto permitirá analizar máis exemplos da sección de deportes no voso medio de comunicación. De feito, cada parella centrarase nun xornal, canle de radio ou de televisión concretos. É importante repartilo antes para que non existan coincidencias.

Grupo 1. Pauta de análise de prensa escrita (en papel ou dixital)

A partir da sección de deportes dun xornal concreto ou dun xornal de información deportiva, completarase a táboa (recollida no apartado de MATERIAL PARA A ACTIVIDADE).

A continuación calculade:

- » Que porcentaxe de artigos da sección de deportes se destina ao deporte feminino e ao masculino.
- » Que porcentaxe do espazo total da sección é destinada ao deporte feminino e ao masculino.

Cando teñades a resposta para as dúas cuestións anteriores, facede unha posta en común coas outras parellas do grupo (é dicir, volvédesvos xuntar todo o grupo 1). Analizade os resultados e discutídeos. Posteriormente, elixide unha persoa que vos represente para gravar un vídeo duns dous minutos expoñendo as conclusións ás que chegastes.

Grupo 2. Pauta de análise dos informativos de televisión

A partir das novas de deportes dun informativo de televisión, completade a táboa (recollida no apartado de MATERIAL PARA A ACTIVIDADE). A continuación calculade:

- » Que porcentaxe de artigos da sección de deportes se destina ao deporte feminino e ao masculino.
- » Que porcentaxe do espazo total da sección é destinado ao deporte feminino e ao masculino.

Cando teñades a resposta para as dúas cuestións anteriores, facede unha posta en común coas outras parellas do grupo (é dicir, volvédesvos xuntar todo o grupo 2). Analizade os resultados e discutídeos. Posteriormente, elixide unha persoa que vos represente para gravar un vídeo duns dous minutos expoñendo as conclusións ás que chegastes.

Grupo 3. Pauta de análise dos informativos de radio

A partir da sección de deportes dun informativo de radio, completade a táboa. A continuación calculade:

- » Que porcentaxe das novas da sección de deportes se destina ao deporte feminino e ao masculino.
- » Que porcentaxe do espazo total da sección é destinado ao deporte feminino e ao masculino.

Cando teñades a resposta para as dúas cuestións anteriores, facede unha posta en común coas outras parellas do grupo (é dicir, volvédesvos xuntar todo o grupo 3). Analizade os resultados e discutídeos. Posteriormente, elixide unha persoa que vos represente para gravar un vídeo duns dous minutos expoñendo as conclusións ás que chegastes.

SESIÓN 4: DESCUBRIMOS CARAS FEMININAS DO DEPORTE!

Deberedes traballar en equipos de catro persoas. Seguro que no voso contorno (clase, instituto, grupos de amigos e amigas) hai algunha moza que practica deporte ou ben algunha persoa do grupo coñece algunha nena ou muller deportista destacada.

Para poder visibilizar o deporte feminino, necesitaredes escoitar a súa voz. Para isto ides convertervos en xornalistas: preparade o guión dunha entrevista e facédeala!

- » Neste artigo titulado Como elaborar unha entrevista tedes información moi útil para redactar o voso cuestionario.
- » Unha vez que coñezades os pasos que hai que seguir para preparala, debedes pensar ben as vosas preguntas. É importante que parte das preguntas estean orientadas a dar voz e descubrir a experiencia dunha muller, moza ou nena no mundo do deporte.
- » Contactade coa persoa a quen vos gustaría facerlle a entrevista e buscade un momento para facerlla. Lembraide que, se non pode ser presencial, existen outras vías como a videoconferencia, unha chamada de teléfono...
- » Despois da entrevista, elaborade o artigo.

SESIÓNS 5 E 6: UN TORNEO LILA

Tal e como poderás ler no artigo [A igualdade no deporte: un camiño a medio percorrer](#), a presenza das mulleres no deporte é unha loita con moita historia, pero que nin moito menos chegou á súa fin. Para seguir avanzando no obxectivo de aumentar a presenza feminina no deporte e o seu recoñecemento, temos que responsabilizarnos todos e todas! Por iso vos propomos nesta actividade que organicedes un **torneo deportivo lila** no voso centro, onde as protagonistas sexan as nenas. Para facelo, teredes que adaptalo ao voso centro, pero igualmente sinalamos os seguintes pasos que vos poden axudar:

- » **Realizade un cuestionario** para todas as nenas e mulleres do voso centro onde lles preguntedes que actividades e deportes deberían ser incluídos no voso torneo para que todas e cada unha delas poidan participar, xa sexa en formato competición ou exhibición. Aínda que cada día teñan máis presenza os equipos femininos dos deportes máis mediáticos (fútbol, baloncesto, motociclismo etc.), seguen sendo deportes que maioritariamente practican os nenos. Con todo, hai outros moitos deportes e actividades non tan visibilizados que maioritariamente practican as nenas.
- » **Compartide na clase os resultados do cuestionario.** En función das respostas das nenas e mulleres do centro, haberá que definir cal é a mellor maneira de facer o torneo. Será multideportivo ou dunha actividade en concreto? Será competitivo ou de exhibición? Para tomar decisións con respecto ao funcionamento do torneo, pódese utilizar a técnica 1-2-4. Esta técnica consiste en:
 1. Durante dous minutos e de forma individual, hai que anotar as ideas que vos veñan á cabeza sobre como debería ser o torneo en función das respostas recollidas.
 2. No seguintes cinco minutos, traballade por parellas para comparar aquilo que escribistes e xerade unha lista común.
 3. A continuación, e durante outros cinco minutos, xuntádevos dúas parellas para volver compartir reflexións e acordar unhas características comúns que consideredes importantes sobre o torneo.
 4. Finalmente, elixide unha persoa portavoz por grupo e debatede con toda a clase que características principais credes que deberá ter o torneo.
- » **Organizar as inscricións:** en primeiro lugar, é preciso facer algún tipo de campaña para que moitas nenas se apunten ao torneo. Algunhas ideas para a campaña poden ser:
 1. Carteis polos espazos comúns do centro (como corredores, patio, biblioteca etc.) con mensaxes atractivas.
 2. Presentacións en cada clase para animar as compañeiras a propoñer actividades e formar equipos.
 3. Creación dun formulario en liña para que se poidan inscribir con máis facilidade.
 4. Propoñer premios atractivos e anunciarlos para animar a máis nenas a inscribirse.
- » **Organizar os detalles do torneo:** en cada centro hai uns recursos e espazos dispoñibles e é preciso adaptarse. Aquí deixámosvos unha lista con algúns dos detalles para que non os esquezades:
 1. Formación de equipos para os distintos deportes e actividades.
 2. Espazos cos que contades. Sede orixinais e pensade noutros espazos máis aló das canchas que teñades no patio.

3. Tempos do torneo. Poderedes contar cunha xornada enteira ou teredes que distribuílo en varios días diferentes? Podedes reservar espazos do recreo para o torneo?
- » **E que pasa cos nenos?** As protagonistas deste torneo teñen que ser indubidablemente as nenas, pero iso non quere dicir que os nenos non fagan nada, ao contrario, teñen un rol moi importante en facer posible o torneo e darlles visibilidade ás actividades das súas compañeiras. Por exemplo, poden organizar actividades para animar as nenas da súa clase durante os partidos, facer de xornalistas e realizarlles entrevistas ás compañeiras despois de cada actividade, facer unha reportaxe gráfica do evento, encargarse da súa difusión nas redes sociais, apoiar na distribución do material e aspectos loxísticos etc.
- » **Tip final.** Incluíde as vosas profesoras e demais mulleres que traballen no centro (conserxaría, secretaría, limpeza etc.) no torneo. Seguro que elas o tiveron tanto ou máis difícil ca vós para ter un papel relevante no mundo do deporte e aproveitarán esta oportunidade.

Agora que xa está todo listo, é o momento de levar a cabo o torneo lila.



MATERIAL PARA A ACTIVIDADE

Deporte feminino e medios de comunicación (táboa de observación):

Grupo 1: Pauta de análise de prensa escrita

Deporte masculino ou deporte feminino?	Extensión do artigo/nova (1/4 de páxina, ½ páxina...)	A información vai acompañada dunha fotografía?	Comentarios

Grupos 2 e 3: Pauta de análise de informativo de televisión e radio

Deporte masculino ou deporte feminino?	Extensión da nova (minutos)	A información vai acompañada dunha fotografía?	Comentarios



RECEITA 15

O DESCUBRIMENTO DO PATRIMONIO INMATERIAL

Ingredientes

Historias (in)visibles e as pantallas

Etapa educativa

Primaria

Idade

10-12 anos

Tempo estimado

2 sesións de 50 minutos (en días consecutivos)

OBXECTIVOS:

- » Entender o concepto de patrimonio, con énfase no patrimonio inmaterial (prácticas, expresións, saberes e técnicas transmitidas de xeración en xeración).
- » Detectar as persoas do contorno que posúen e transmiten eses saberes, e contribuír ao seu recoñecemento social.
- » Analizar manifestacións do patrimonio inmaterial.
- » Valorar e respectar o patrimonio histórico e cultural.
- » Tomar conciencia da existencia dun sistema de comunicación oral, transmisor de lingua e cultura.
- » Coñecer o papel da muller na transmisión da música, da lingua e da cultura.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Textos
- » Vídeos
- » Pantalla
- » Ordenadores
- » Altosfalantes

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

SESIÓN 1: DESCUBRINDO AS CANTAREIRAS OU PANDEIRETEIRAS

Le as cápsulas informativas sobre as pandeireteiras, preme nas ligazóns de cada apartado para ver toda a información.

1. As cantareiras ou pandeireteiras son unha agrupación musical feminina, propia da música tradicional galega, que emprega as pandeiretas como principal acompañamento instrumental. Hoxe en día, existen multitude de grupos de pandeireteiras por toda a xeografía galega, pero non sempre foi así... Imos ver como se chegou a reivindicar a música creada e interpretada por mulleres na seguinte entrada/texto: [Pandeireteiras](#).
2. A tradición musical en Galicia foi redescubriendo, sobre todo desde os anos setenta do século pasado, a importancia da música vocal feminina encarnada en grupos de mulleres que, cunha pandeireta ou similar, eran capaces de condensar unha parte esencial da tradición en forma de festa colectiva. Desde as pandeireteiras de Mens ou Buxán que inspiraron a artistas da tradición como [Mercedes Peón](#) ou as propias [Leilía](#), que realmente deron un paso de xigante poñéndose nun primeiro plano como tales xa no seu disco do ano 1992.
3. [Mercedes Peón](#) achegou un son contemporáneo ao canto feminino tradicional nunha aposta non sempre entendida. Todas esas achegas foron abrindo mentes e facendo que o canto feminino colectivo en galego ocupase un sitio indiscutible e xa imprescindible no futuro.
4. Escoita as seguintes cancións e fíxate ben nas letras: [«Deroran» - Mercedes Peón](#), [«Voz das Amigas» - Leilía](#) e [«Terra» - Tanxugueiras](#). Nas ligazóns de Mercedes Peón e das Tanxugueiras tes tanto os vídeos como as letras, no caso das Leilía podes atopar a letra nestoutra ligazón [«Voz das amigas»](#).
5. Busca información sobre as seguintes palabras e expresións: patriarcado, igualdade de xénero, feminismo, sororidade e apoderamento feminino.

SESIÓN 2: REFLEXIONAMOS

Agora imos reflexionar en pequenos grupos a partir das seguintes cuestións orientadoras:

- » Credes que foi xusto relegar as pandeireteiras só ás celebracións dentro das casas? Por que?
- » Que ideas credes que queren transmitir as letras do apartado 4? Que reivindican?
- » Comparade o que din as letras destas tres cancións coas ideas que hai socialmente ou que aparecen en contos tradicionais como a *Cincenta* sobre como son as relacións entre mulleres. Con que concepto(s) ou palabra(s) do apartado 5 credes que teñen relación?
- » Fixádevos que tanto Tanxugueiras como Leilía falan de fronteiras. A expresión «non hai fronteiras» serve para irmandar as culturas e linguas? A que máis irmandades poden estar a se referir?

Compartide na clase os resultados das vosas investigacións e reflexións e debatede, coa guía da vosa profesora ou profesor, sobre que vos parecen os seus resultados.

ACTIVIDADE EXTRA: PASAMOS Á ACCIÓN

Mercedes Peón, as Leilía e as Tanxugueiras son mulleres influentes que moveron o mundo da música galega facendo historia. Referentes que marcaron un antes e un despois. Unha pequena mostra das mulleres que cambiaron completamente o universo, o seu propio, o musical e tamén o mundo en xeral.

Todas elas loitaron desde o seu punto de vista para conseguir a igualdade nun mundo complexo e poliédrico no que moitas veces non foron ben recibidas, así que vos propomos que pasedes á acción e fagades por escoitar máis música feita por mulleres, entre outras cousas porque no mundo da música aínda quedan moitas cousas por facer.

Para comezar a vosa investigación, podedes visitar esta [ligazón](#) ou [estoutra](#). Seguro que a pouco que busquedes máis nas redes atoparedes moita máis música feita por mulleres coa que elaborar unha lista de reprodución ben xeitosa e do voso agrado.



CLAVES PARA O PROFESORADO

A actividade pretende identificar a importancia da figura feminina na preservación e transmisión do patrimonio. Nas representacións comunitarias, as mulleres fomentan a solidariedade entre elas e a comunidade en xeral a través da música e a danza.



PARA AFONDAR NO TEMA

[Patrimonio Cultural Inmaterial](#) | [Unidade didáctica sobre Terra das Tanxugueiras](#) (Cándido Paniagua, profesor de Lingua e Literatura Galegas do IES Elviña da Coruña) | [Unidade didáctica: Terra](#) (equipo de dinamización lingüística do CEIP Plurilingüe Irmáns Villar)



FONTE: elaboración propia.

Recetas para educación infantil e primaria

Receitario III: A división sexual do traballo

RECEITA 16

AXUDO NA ESCOLA

Ingredientes

As pantallas e o xogo

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer e visibilizar os distintos labores e tarefas do fogar.
- » Familiarizarse cos roles de coidado e mantemento do fogar.
- » Responsabilizarse das tarefas e actividades da escola.
- » Expresar e comunicar mediante a representación de accións.
- » Tomar conciencia da importancia e do tempo de dedicación para as diferentes tarefas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Música
- » Altosfalantes
- » Pictogramas/ilustracións

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Nunha asemblea de aula propómoslles ás alumnas e alumnos confeccionar unha táboa na que cada persoa vaia dicindo cal pode ser a súa achega á escola: á hora de entrar, respecto da súa roupa e o seu colgadoiro, á hora de rematar un xogo, no tocante á orde dos materiais, á hora do comedor...

Cada neno e nena irá aceptando a súa responsabilidade en relación co mantemento dun espazo sostible. Tamén se falará de como é de que maneira se pode axudar a outras compañeiras e compañeiros a facelo mellor.

Ademais, pódese facer unha lista de « cousas que xa sei facer » e « cousas que teño que aprender ». A listaxe pódese facer con ilustracións ou pictogramas de cada unha das actividades. Ao longo da semana pódese ir vendo como van cumprindo as tarefas e todos os días, ao rematar algunha das rutinas (entradas, xogos, recunchos, xogos, comidas...), pódese dedicar un tempo a avaliar como deixamos a aula ou a escola, se nos gusta, se podería quedar mellor, celebramos o ben que o fixemos etc.

Podemos acompañar o momento de gardar os xoguetses ao rematar o xogo ou de recoller cousas dos recunchos cunha canción que faga o momento agradable e que axude a facer a tarefa máis lúdica, por exemplo, [«A guardar, a guardar, cada cosa en su lugar»](#).

CLAVES PARA O PROFESORADO

Cada momento na escola, cada rutina que se realice é un momento ideal para que nenas e nenos se afasten dos estereotipos de xénero vinculados ás tarefas domésticas (historicamente realizadas por mulleres) e se corresponsabilicen do seu espazo na medida en que poidan.

Colgar a súa roupa, lavar as mans, atar os cordóns ou ordenar a aula serán accións que fomenten a igualdade, a corresponsabilidade no doméstico e a responsabilidade cos materiais e espazos de todo o grupo.

PARA AFONDAR NO TEMA

[Autonomía infantil.](#)



FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llana, Carmen Ruiz Repullo e Miguel Ángel Arconada Melero en diferentes publicacións.

RECEITA 17

XOGAMOS ÁS FAMILIAS

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer e visibilizar os distintos labores e tarefas do fogar e de coidados.
- » Familiarizarse cos roles de coidado e de mantemento do fogar.
- » Tomar conciencia da importancia e implicación dos coidados.
- » Romper cos estereotipos e roles asociados ás tarefas do fogar e de coidados.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Bonecos e bonecas de diferentes etnias

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Imos xogar ás familias e imos coidar «das persoas», encarnadas nas bonecas e bonecos. Para iso, primeiro expoñeremos que hai diferentes tipos de familias e que poden ser representadas no xogo de rol que se explicará. Exemplos de familias: familias con papá e mamá, con dúas mamás, con dous papás, cunha mamá soa, cun papá só, con avó e avoa...

Despois, entre todo o grupo, iremos dicindo que coidados recibimos desde que nos erguemos pola mañá até a noite e quen nolos dá (é importante esta parte para termos unha fotografía de posibles desigualdades nas familias). Respondemos a cuestións como: «no momento en que me levanto...», «vísteme...», «faiame o almorzo...», «lévame ao cole...». Unha listaxe de todos aqueles coidados que reciben ao longo do día (a listaxe pode facela o/a docente en voz alta e/ou utilizando pictogramas).

A continuación póñense as bonecas de diferentes etnias a durmir e o alumnado crea familias como queira (estaría ben procurar que haxa diversidade, pero se non a hai tamén é un bo material para a análise e para futuras actuacións). A idea é que hai que representar o que vai facer esa familia co seu fillo ou filla ao longo do día, hai que lle dar os coidados que elas e eles reciben.

Ao rematar o xogo, podemos pechar a actividade cun intercambio de sensacións: «que foi o que máis che gustou e o que menos?, como cres que coidaches da/do boneca/o?».

CLAVES PARA O PROFESORADO

A idea máis importante deste xogo de roles é que rompan estereotipos. Poden xurdir ao principio certos conflitos de xénero porque é o que ven na súa vida cotiá, pero hai que ir encamiñando o xogo cara á corresponsabilidade, os coidados, a empatía e o cariño sen ter en conta o sexo da persoa que o realiza.

É importante que haxa tanto bonecas como bonecos, xa que os nenos tenden a se identificar máis cos bonecos. Tamén é importante tratar de que haxa diversidade racial neses xoguetes para que o noso alumnado teña referentes de diversidade en positivo.

PARA AFONDAR NO TEMA

¿Muñeca o muñeco? *Historia y género*: Moratalla Isasi, Silvia.

FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llana, Carmen Ruiz Repullo e Miguel Ángel Arconada Melero en diferentes publicacións.

RECEITA 18

AS PROFESIÓNS

Ingrediente	O xogo
Etapas educativas	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Romper os estereotipos de xénero sobre as profesións.
- » Darlle a coñecer ao alumnado os diferentes papeis sociais exercidos na realidade, a través do xogo simbólico.
- » Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.
- » Eliminación dos estereotipos sexistas no desempeño das profesións.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Xoguete de diversas profesións: froitaría, cociñas, barbaía, oficinas, carpintaría, hostalaría, clínica...

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Na contorna vemos a homes e mulleres ocupándose de tarefas, funcións e postos diferentes. Os datos de participación laboral ou presenza en institucións políticas parecen indicar que hai sectores e actividades femininas e outras masculinas. Con todo, o coñecemento científico e a experiencia empírica demostrannos que as profesións non teñen sexo.

O profesor ou profesora presenta a actividade e distribúe os nenos e nenas en diferentes grupos. Cada grupo traballará con material distinto (barbaía, restaurante, mercado...), iniciando «o seu xogo» de maneira libre.

Observaranse as actitudes dos diferentes grupos participando ou reconducindo a actividade nos momentos de conflito para conseguir o obxectivo.

Asemblea final, na que cada nena e neno lle explica ao resto a súa experiencia e se debate.

Para reforzar esta actividade pódese realizar posteriormente a actividade Quebracabezas das profesións



PARA AFONDAR NO TEMA

Calvet Mojón, Marisa (dir.). [Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista.](#)



FONTE: elaborado a partir de [Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista.](#)

RECEITA 19

QUEBRACABEZAS DAS PROFESIÓNS I

Ingrediente

As imaxes

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Romper os estereotipos de xénero sobre as profesións.
- » Coñecer, identificar e saber poñer exemplos sinxelos das tarefas correspondentes a diferentes profesións.
- » Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ficha da actividade
- » Quebracabezas
- » Tesoiras

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A profesora ou profesor divide en tres partes (cabeza, tronco e extremidades) unhas figuras de papel de diferentes profesións e reparte as partes entre o alumnado coa finalidade de que compoñan os quebracabezas.

Déixanse traballar os nenos e nenas, ben por grupos ou individualmente e, cando finaliza a actividade, fáiselles comprender que, aínda que cambiemos a parte superior (a cabeza), todas as persoas poden realizar as distintas profesións.

- » Que profesións aparecen nos debuxos?
- » Un por un váiselles preguntando que actividades se fan nesas profesións.
- » Promover a idea de que tanto mulleres como homes poden desempeñar calquera das profesións.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Profesións propostas: médico/a, mecánico/a, cocifeiro/a, bombeiro/a, xardineiro/a etc.



FONTE: elaborado a partir de [Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista.](#)

RECEITA 20

QUEBRACABEZAS DAS PROFESIÓNIS II

Ingrediente	As imaxes
Etapas educativas	Primaria
Idade	6 -12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer, identificar e saber pór exemplos sinxelos das tarefas correspondentes a diferentes profesións.
- » Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.
- » Eliminar os estereotipos sexistas no desempeño das profesións.
- » Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ficha da actividade
- » Quebracabezas
- » Tesoiras

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A profesora ou profesor divide en tres partes (cabeza, tronco e extremidades) unhas figuras de papel de diferentes profesións e reparte as partes entre o alumnado coa finalidade de que compoñan os quebracabezas.

Animará a alumnas e alumnos a xogar co crebacabezas libremente.

Despois, como posta en común de toda a clase, pediráselles que respondan as seguintes preguntas:

- » Que profesións aparecen representadas no crebacabezas? Cociñeiro e cociñeira; médica e médico... Prestarase especial atención ao uso dunha linguaxe non sexista. A resposta será correcta se representan ambos os xéneros.
- » Que tarefas se realizan nesas profesións? Que habilidades requiren?
- » Quen exerceu tradicionalmente esas profesións: os homes, as mulleres ou ambos por igual? E na actualidade?
- » Coñecemos profesións que só realicen as mulleres? E profesións que realicen só os homes? Se a resposta é afirmativa, deberase explicar por que cren que ocorre iso e se lles parece ben ou non.



FONTE: elaborado a partir de [Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista.](#)

RECEITA 21

MISTERIO DO CHOCOLATE NA NEVEIRA

Ingrediente	A lectura
Etapa educativa	Primaria
Idade	6 -12 anos
Tempo estimado	3 ou 4 sesións de 50 minutos (ao longo do curso escolar)

OBXECTIVOS:

- » Coñecer e visibilizar os distintos labores e tarefas do fogar.
- » Familiarizarse cos roles de coidado e mantemento do fogar.
- » Expresar e comunicar mediante a representación de accións.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » [El misterio del chocolate en la nevera. Cuadernos de educación no sexista, 15](#)

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Os saberes domésticos foron os grandes esquecidos na tradición académica e escolar. Porén, os saberes do día a día, da supervivencia cotiá son fundamentais para a autonomía persoal de homes e mulleres. Ao longo da historia foron as mulleres as que exerceron estes labores básicos para a subsistencia: alimentación, hixiene, limpeza da contorna, vestido, coidados; polo tanto, é de xustiza recoñecer o seu labor e agradecer toda a súa implicación no coidado das demais persoas, mais tamén é de xustiza equilibrar eses saberes, de forma que todas as persoas, sen ter en conta o seu sexo, saiban manexarse na propia supervivencia diaria. Ademais de potenciar a autonomía, a corresponsabilidade doméstica tamén axuda a prever moitos conflitos familiares pola desigual distribución dos tempos entre os seus membros.

Nos materiais [El misterio del chocolate en la nevera](#) atopamos propostas moi interesantes para traballar en primaria as primeiras nocións de nutrición, así como para fomentar a corresponsabilidade no doméstico.

El misterio del chocolate en la nevera está composto dunha serie de contos, dos que cabe salientar o que lle dá título a esta actividade e que serve para «lanzar» un conxunto de actividades que atopamos moi ben programadas para estas idades. Estas actividades serven para visibilizar a persoa ou persoas que realizan as tarefas domésticas, tamén para aprender nocións de nutrición e, ademais, para se iniciaren nas súas primeiras achegas ás tarefas do fogar.



PARA AFONDAR NO TEMA

[La actividad científica en la cocina. Cuadernos de educación no sexista, 12](#)



FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llana, Carmen Ruiz Repullo e Miguel Ángel Arconada Melero en diferentes publicacións.

RECEITA 22

O RETO QUINCENAL

Ingrediente	A lectura
Etapa educativa	Primaria
Idade	6 -12 anos
Tempo estimado	Arredor de 3 sesións de 50 minutos (ao longo do curso escolar)

OBXECTIVOS:

- » Coñecer e visibilizar os distintos labores e tarefas do fogar.
- » Familiarizarse cos roles de coidado e mantemento do fogar.

MATERIAIS E RECURSOS:


- » Ningún

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Con esta actividade propónse traballar varias competencias básicas á vez que se aprenden tarefas domésticas e traballamos a igualdade. Trátase de lle propoñer ao noso alumnado un reto: preséntase unha tarefa doméstica que ha de realizar nalgún momento da quincena seguinte, cando mellor lle conveña: cociñar algo sinxelo con todo o coidado, recoller a casa, pasar o ferro, arranxar un enchufe... Para coñecer aquelas tarefas indicadas ás diferentes idades, pódese ter en conta a [Táboa Montessori de tarefas domésticas](#).

Cada actividade debe estar acompañada de fotografías que demostran o feito (alguén da familia pode fotografar a situación). Unha vez rematada a actividade na casa, esas fotos formarán parte dunha presentación de diapositivas que, á vez, será o guión para que cada neno ou nena presente na clase o que fixo, como o fixo, quen lle axudou e como se sentiu ao facer a actividade.

No material para afondar na metodoloxía hai táboas para cubrir mentres se fai a actividade e experiencias concretas de aula con este proxecto.



PARA AFONDAR NA METODOLOXÍA

[El reto quincenal](#). Autora: María Antonia Moreno Llana



PARA AFONDAR NO TEMA

[Reparto de tareas. Corresponsabilidad](#). Autoría: Fundación Mujeres



FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llana.

Recetas para educación infantil e primaria

Recetario IV: Relaciones igualitarias

RECEITA 23

HOXE SÍNTOME...

OBXECTIVOS:

- » Identificar emocións e sentimentos.
- » Distinguir sensacións agradables e desagradables, onde se senten e como.
- » Promover unha autoestima positiva entre os nenos e as nenas.
- » Promover a expresión de emocións, tanto en nenas co en nenos.

Ingrediente

O xogo

Etapa educativa

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

50 minutos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Papel
- » Lapis
- » Emoticonas impresas
- » Pictogramas de actividades

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Para aprendermos a identificar as emocións, imos usar as emoticonas. Son debuxos sinxelos, esquemáticos e moi coñecidas tamén polas nenas e nenos de menor idade. Cada docente poderá elixir tanto o número de emocións como os seus debuxos correspondentes. O debuxo de cada emoticona poñerase nunha das paredes da aula. Deben ser suficientemente grandes para que se vexan ben. Colócanse uns folios debaixo de cada debuxo.

Nos folios, coa axuda de todo o grupo, poñeremos o nome da emoción á que corresponde. Despois cada neno ou nena irá respondendo: «sintome leda ou ledado cando...», «sintome triste cando...», «sintome enfadada ou enfadado cando...» etc.

Alternativa: outra maneira de facer esta receita sería que o profesorado fose dicindo situacións cotiás e que sexan as nenas e nenos os que digan que sentimentos lles provocan, por exemplo, xogar con amigas e amigos, ter a miña comida favorita na casa, que me quiten os meus xoguetes, entrar ás escuras nun cuarto etc.

Unha vez que se teña explorada cada unha das emoticonas e emocións, podemos entender as preguntas todo o que queiramos, por exemplo, con outras persoas: «mamá séntese leda cando...» etc.

Podemos traballar a empatía se engadimos cuestións como «que podo facer eu para que as miñas amigas e amigos se sintan ledos» ou «cando fago... anoxo/cabreo o meu avó» etc.



PARA AFONDAR NA METODOLOXÍA DA ACTIVIDADE:

[O monstro de cores](#) | [El Rock de las Emociones](#).



PARA AFONDAR NO TEMA

[Los sentimientos y la inteligencia emocional desde la igualdad](#). Autora: María Ángeles Rebollo, Universidade de Sevilla. Emakunde, 2014.



FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llana, Carmen Ruiz Repullo e Miguel Ángel Arconada Melero en diferentes publicacións.

RECEITA 24

A MIÑA MASCOTA

Ingredientes

As imaxes e as pantallas

Etapas educativas

Infantil

Idade

5-6 anos

Tempo estimado

5/10 minutos por sesión
(durante todo o curso escolar)

OBXECTIVOS:

- » Promover actitudes de afecto e de responsabilidade.
- » Favorecer a expresión e a comunicación afectiva.
- » Familiarizarse coas actividades domésticas relacionadas co coidado do outro.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Boneco/a
- » Peluche
- » Roupas adecuadas
- » Bañeira
- » Utensilios de hixiene

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A tarefa consiste en que o profesor ou profesora proporcione unha mascota (un boneco ou unha boneca, un peluche...) da que todos e todas se van facer responsables durante o curso escolar e que na clase van aprender a coidar.

Hai que vestir a mascota, bañala, cambiarlle a roupa segundo a estación do ano, xogar con ela, darlle de comer etc.

CLAVES PARA O PROFESORADO

Cada semana e por quendas, tocaralle a cada neno ou nena levar a mascota para a casa durante a fin de semana e repetir as mesmas funcións, de modo que a ninguén se lle pode esquecer que o luns debe estar de novo na clase e en perfectas condicións.

A medida que o alumnado estea máis familiarizado cos labores de coidado, poderíase substituír a mascota por un ser vivo, por exemplo, unha planta.

PARA AFONDAR NO TEMA

[Los sentimientos y la inteligencia emocional desde la igualdad](#). Autora: María Ángeles Rebollo, Universidade de Sevilla. Emakunde, 2014.



FONTE: adaptación propia.

RECEITA 25

ESTE E ESTA SON EU

Ingredientes

As imaxes e as pantallas

Etapa educativa

Infantil e primaria

Idade

5-6 anos e 6-9 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Favorecer o coñecemento dun/nha mesmo/a.
- » Aprender a observar as características e calidades propias e doutras persoas.
- » Favorecer habilidades de escoita e de respecto en grupo.
- » Favorecer actitudes de colaboración e de cooperación.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Fotografías
- » Cores
- » Folios
- » Altosfalantes
- » Música

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Pídeselle a cada neno e nena que traia da casa tres fotografías: unha de cando eran bebés, outra de cando tiñan 2 ou 3 anos e outra de agora.

Díselle a cada nena e neno que ordene as súas imaxes de «de menor a maior» e escriba o seu nome debaixo de cada unha das imaxes. Por quendas, e individualmente, cadaquén fai unha descrición oral das súas fotografías, o resto escoita o que verbalizan os compañeiros e compañeiras.

Posteriormente, cada nena e neno fai un debuxo de si mesma ou mesmo en función da descrición que fixo da imaxe actual. Unha vez feito, colócanse en parellas (se é posible mixtas) e describen o seu compañeiro ou compañeira. A continuación, fan un debuxo e din o que máis lles gusta da parella.

Todos os debuxos realizados se colocan nas paredes da aula.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Coméntase co grupo: Como me vexo eu? Como me ven as demais persoas? Que diferenzas vimos entre os nenos e as nenas? En que consisten esas diferenzas?

Cómpre destacar a importancia de que nos digan e que digamos as cousas positivas e as calidades doutras persoas.

Podemos visualizar o seguinte vídeo [Bomba Estéreo - Soy Yo.](#)



FONTE: adaptación propia de materiais de [Guía práctica de coeducación para el profesorado.](#)

RECEITA 26

GÚSTAME QUE ME DIGAN...

Ingrediente

O xogo

Etapa educativa

Infantil e primaria

Idade

3-6 anos e 6-12 anos

Tempo estimado

30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Favorecer o uso dos cumpridos como forma de expresión.
- » Identificar emocións e sentimentos.
- » Fomentar a expresión de emocións positivas.
- » Promover unha autoestima positiva entre os nenos e as nenas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ningún

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A profesora ou profesor propón realizar quendas onde cada un/unha vai saíndo ao centro da clase. Os seus compañeiros e compañeiras deberán dicirlle todas as cousas bonitas que pensen sobre el ou ela e así até que saian todas e todos.

A continuación, todas as persoas da clase sentadas en círculo reflexionarán sobre como se sentiron e se lles pareceu agradable que os seus compañeiros e compañeiras lles digan todo tipo de eloxios.



FONTE: elaboración propia.

RECEITA 27

MELODÍAS DE SEDUCCIÓN

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Primaria
Idade	8-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Analizar as relacións afectivas e sexuais que se establecen entre ambos os sexos.
- » Proporcionar elementos para reflexionar e debater conxuntamente sobre o modelo de relacións sexuais e afectivas imperantes na actualidade.
- » Facilitar a comunicación non verbal.
- » Facilitar a adquisición de coñecementos desde o simbólico.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Música
- » Distintivos do home e distintivos da muller

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Esta actividade simula unha situación que consiste no seguinte: saen dúas persoas voluntarias e cada unha sitúase nun extremo da sala, fronte a fronte. A cada unha dáselle a seguinte consigna: unha simulará ser un home (colócaselle un distintivo, por exemplo, un adorno dunha cor) e a outra simulará ser unha muller (colócaselle outro distintivo, como outro adorno doutra cor).

Cando estimen oportuno, comezarán a simular que son unha parella heterosexual e que van facer como se tentasen seducirse, é dicir, van simular unha relación de conquista. Comezan achegándose e facendo xestos

ou movementos, sen utilizar a linguaxe verbal e empregando a imaxinación. Utilízanse distintos tipos de música para realizar esta actividade.

Conclúese a actividade cando a parella simuladora considera que finalizou (esta finalización non ten que ser cando se produza a conquista).

Pódense rotar ou intercambiar os papeis, pode saír outra parella do mesmo sexo, por exemplo, ou ben simular un papel do outro sexo e facer o xogo «como se eu que son moza fago de mozo e como creo e penso que se relacionan estes no plano afectivo», e viceversa.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Unha vez rematado o xogo, establécese unha reflexión e analízanse os seguintes elementos:

- » Que pasou?
- » Que viu o grupo na suposta relación de conquista establecida?
- » Cando terminou a relación afectiva?
- » Que papel xogaron o home e a muller?
- » Que diferenzas se puideron establecer coas persoas que xogaron o papel do seu mesmo ou de distinto sexo?
- » Que xogos de sedución foron utilizados?
- » Quen tomou a iniciativa?
- » Que espazo físico empregou o que fai de home? E a que fixo de muller?
- » Que xénero se mostrou como máis activo ou pasivo?
- » Como se pode extrapolar todo o ocorrido á vida real de mozos e mozas novas?
- » Que ten que ver todo iso coas relacións sexuais entre os mozos e as mozas?



FONTE: adaptación propia de materiais de [Guía práctica de coeducación para el profesorado](#).

RECEITA 28

AS MANS COMUNICATIVAS

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Primaria
Idade	6-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Potenciar a comunicación non verbal.
- » Contribuír ao desenvolvemento de habilidades de colaboración.
- » Evidenciar a capacidade comunicativa das mans.
- » Potenciar a expresión da afectividade.
- » Contribuír á identificación e á expresión de sentimentos e emocións.
- » Facilitar a análise e a reflexión conxunta sobre os distintos modos de expresión da afectividade en mozos e en mozas.
- » Evidenciar estereotipos masculinos e femininos en relación coa expresión da afectividade.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Vendas para os ollos e plastilinas
- » Música
- » Altosfalantes

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Todas as alumnas e alumnos vendan os ollos e repárense pola aula camiñando lentamente, até que atopan un lugar no que se sintan cómodos e cómodas. A profesora ou profesor fai parellas, tanto do mesmo como de diferente sexo, e estas vanse colocando nunha cadeira cara a cara e en total silencio.

Unha vez formadas as parellas, ponse unha música suave e tranquila.

A profesora ou profesor comeza a dar as seguintes indicacións (en ton suave):

«Ides empezar a tocar as mans da persoa que tedes en fronte, explorándoas e realizando un recoñecemento acerca de como son: se son grandes ou pequenas, ásperas ou suaves, se están quentes ou frías, se os dedos son finos ou grosos, se as uñas son longas ou curtas... Ídelas agarimar, xogar con elas, cheirar... Ago-

ra ides transmitirvos, a través da caricia, unha serie de emocións, sentimentos e estados de ánimo, como son: afecto, agarimo, amor, tenrura, tristeza, alegría, enfado, rabia, pena...»

Despois dun tempo e de que o alumnado explore esas emocións, indícase:

«Agora, a cada parella vouvos entregar un anaco de plastilina, primeiro xogades con ela e despois, sen falar nada, só coa comunicación entre as mans, ides construír cadaquén unha figura ou símbolo do encontro comunicativo de mans.»

A medida que van rematando as figuras, a profesora ou profesor pode ir levantando as parellas e distribuíndoas de maneira aleatoria pola sala. Destapan os ollos e teñen que atopar a súa parella mediante o recoñecemento das mans de cada persoa.



CLAVES PARA O PROFESORADO

A continuación preséntanse algunhas ideas para a posta en común da experiencia.

É fundamental animar a cada parella a que conte como lle foi, como se sentiu, se lle foi fácil ou non comunicarse coa outra persoa, como construíron o seu símbolo, se lles custou ou non traballo implicarse, se lles tocou unha persoa do mesmo ou distinto sexo. Tamén se invita a facer valoración da experiencia e a reflexionar se cren que o sexo da persoa da parella condicionou dalgún xeito a realización da actividade. **Pode ser un bo momento para explicar que os mozos tenden a atoparse con dificultades para relacionarse con persoas do seu mesmo sexo.** Porén, entre as rapazas resulta máis doado. É recomendable lanzar preguntas que esperten o debate, como: Por que sucede iso? Estamos máis pendentes de saber con que persoas estamos ou, pola contra, dedicámonos a gozar do encontro? Que diferenzas se aprecian na maneira en que homes e mulleres expresan a súa afectividade? Por que credes que a afectividade esta máis limitada nos homes? Por que credes que a área afectiva estivo sempre asociada ás mulleres?

FONTE: adaptación propia de materiais de [Guía práctica de coeducación para el profesorado](#).



Recetas para educación infantil e primaria

Recetario V: Violencia de xénero

RECEITA 29

APÓSITOS ADHESIVOS POLA PAZ

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar a violencia en todas as súas expresións: física, verbal e emocional ou psicolóxica.
- » Detectar cando unha agresión leva tamén unha connotación sexista.
- » Aprender a pedir axuda e non a asumir a agresión como normal ou inevitable.
- » Reflexionar sobre as propias accións violentas.
- » Comprometerse a resolver situacións pacificamente.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Caixas de apósitos adhesivos
- » Xices ou rotuladores de diferentes cores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Esta é unha actividade que se pode levar a cabo durante un pequeno espazo de tempo todos os días, semanalmente ou mensualmente. Trátase dunha receita que se pode incorporar no día a día das aulas de educación infantil. Para a realización, é preciso contar cunhas caixas de apósitos e un debuxo dun boneco que estea situado no encerado ou nalgunha zona visible da aula.

No día a día prodúcense conflitos entre o alumnado que, en ocasións, se resolven dunha maneira violenta. Ao comezo da clase, explicarase que, cando algún neno ou nena sinta que alguén lle fixo dano, ha de comunicarllo á ou ao docente.

Cando o neno ou nena comunique o posible caso de agresión (do tipo que sexa), o profesorado comprobará e reflexionará sobre os feitos e colocarlle un apósito adhesivo nun lugar visible.

Ao mesmo tempo, achegaranse ao debuxo do boneco e debuxarán sobre el un símbolo que identifique o tipo de violencia que a nena ou neno experimentou. Debuxarase un raio, situado no lugar preciso por cada caso de violencia acontecida na aula.

- » Física: raio na man do boneco.
- » Verbal: raio na boca.
- » Emocional: raio na fronte.
- » Se a violencia é sexista, como un insulto específico ou unha consideración despectiva (as nenas non valedes para nada, chora como unha nena etc.), poñerase á beira do raio correspondente a **letra A maiúscula**.

A última hora da xornada dedicarase a falar e reflexionar sobre os casos de resolución de conflitos de maneira violenta que se deron durante o día. Pediráselles ás vítimas e aos agresores que se comprometan a tentar relacionarse de maneira máis saudable: con respecto, amabilidade e colaboración. Poñerase atención naquelas violencias consideradas sexistas e indicadas cunha letra A e rexeitarase ese tipo de comentarios e actitudes.

Por último, cada agresor ou agresora retirará coidadosamente os apósitos adhesivos do seu agredido ou agredida e pedirlle desculpas polo dano causado.

Do mesmo xeito, cada agredida ou agredido borrará as marcas do boneco do encerado e diralle «Confío en ti e en que isto non volverá ocorrer».

CLAVES PARA O PROFESORADO

Ninguén terá a obriga de participar na dinámica, pero seguro que a todas e todos nos vai a parecer moi interesante.

Se algunha nena ou neno non se sente cómoda ou cómodo na dinámica, poderá decidir de que maneira lle gustaría participar. Ao mellor como persoa observadora ou axudando a detectar comportamentos inadecuados.

Comprometémonos a denunciar calquera acto ou xesto que nos resulte agresivo. O/A docente supervisará cada caso de agresión.

FONTE: adaptación propia da [Guía de actividades para fomentar la igualdad de oportunidades entre niños y niñas](#).



RECEITA 30

TEST DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil e primaria
Idade	5-6 anos e 6-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar a violencia en todas as súas expresións: física, verbal e psicolóxica.
- » Detectar cando unha agresión leva tamén unha connotación sexista.
- » Aprender a pedir axuda e non asumir a agresión como algo normal ou inevitable.
- » Reflexionar sobre as propias accións violentas.
- » Comprometerse a resolver situacións pacificamente.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Documento coas preguntas do test

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A profesora ou profesor le en alto as preguntas do **test de prevención da violencia** e deixa un tempo despois de cada unha para que o alumnado reflexione. Este test respóndense con SI ou NON a cada unha das afirmacións.

En educación infantil, o profesorado dirá as preguntas en voz alta e os rapaces e rapazas responderán cun movemento corporal: as persoas que respondan SI deben erguer as dúas mans arriba e as persoas que pensen NON moverán as súas mans cara abaixo. O alumnado de educación primaria podería responder no propio documento, aínda que tamén é recomendable acompañar as respostas cos movementos anteriormente indicados, xa que favorecen a participación e o posicionamento.

O test é o seguinte:

Pensa se che sucede algunha das cousas que se din nestas frases ou se as fas xunto con algúns compañeiros e compañeiras:

- » Algunha vez lle pegaches, lle deches unha labazada ou empujaches a algún compañeiro ou compañeira?
- » Dixeches algunha vez en ton ameazante «Non me enfades que...»?
- » Ameazaches algunha vez un compañeiro ou compañeira con pegarlle?

- » Algunha vez, durante unha discusión, lanzaches ou rompiches obxectos, ou golpeaches as paredes?
- » Consideras que é importante que as cousas se fagan ao teu xeito?
- » Pensas que ás veces algunha persoa merecería que lle pegasen?
- » Danaches ou rompiches querendo algo que era importante para algunha compañeira ou compañeiro?
- » Seguíches algunha vez a unha compañeira ou compañeiro cando non o desexaba?
- » Ás veces burlácheste del/dela diante das súas amizades?
- » Case sempre decides ti o que hai que facer?
- » Obrígate a facer cousas que ti non queres?

Rematamos coa seguinte reflexión:

Se no teu caso a resposta ao test é que si entre tres e cinco veces (entre tres e cinco veces movementos de mans arriba), deberías vixiar as condutas violentas. As condutas violentas supoñen unha seria ameaza tanto para a persoa que as realiza como para a persoa que as padece polas consecuencias negativas que teñen.

CLAVES PARA O PROFESORADO

Sería bo afondar na reflexión de por que cada unha das condutas que se describen no test son lesivas para os compañeiros e compañeiras. Fomentar o debate para que cheguen ás súas propias conclusións.

FONTE: elaboración propia.

RECEITA 31

MOZAS E MOZOS NAS REDES

Ingrediente	As redes
Etapa educativa	Primaria
Idade	11-12 anos
Tempo estimado	30 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar a violencia en todas as súas expresións: física, verbal e psicolóxica.
- » Identificar as diferenzas de comportamento entre mozas e mozos respecto da súa conduta dixital.
- » Reflexionar sobre as consecuencias de certos comportamentos nas redes.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Texto coas preguntas do test

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Como homes e como mulleres (como mozos e como mozas) temos características diferenciadoras na nosa forma de comportarnos, e isto tamén se estende á forma na que o facemos na Rede. Algunhas desas diferenzas enriquecen a diversidade de xénero, pero outras son un caldo de cultivo para xerar desigualdades. Queremos que o alumnado reflexione sobre aquelas condutas dixitais que son máis comúns nas mulleres, as que son máis comúns nos homes, e cales non supoñen diferenza entre ambos os sexos porque as practican coa mesma frecuencia e normalidade. O alumnado pode lanzar as súas propias propostas e tamén pode ser o ou a docente quen indique algúns exemplos, como son:

Prácticas dixitais de mozas e mozos:

- » Publicar fotos miñas con posturas sexys.
- » Publicar fotos doutras persoas con posturas sexys.
- » Expresar sentimentos íntimos mediante aplicacións de mensaxaría ou redes sociais.
- » Ligar ou flirtear por Internet.
- » Revelar un segredo mediante aplicacións de mensaxaría ou redes sociais.
- » Xogar con videoxogos violentos.
- » Compartir datos persoais cunha persoa descoñecida.
- » Converterse en seguidores/as de persoas famosas: modelos, deportistas, cantantes, actores, actrices etc.
- » Responder as ameazas, provocacións ou insultos que se reciben na Rede.
- » Aceptar unha invitación de amizade dunha persoa descoñecida.
- » Buscar popularidade nas redes sociais.
- » Comentar os problemas persoais nas redes sociais.
- » Compartir gustos e intereses nas redes sociais.
- » Falar de temas que tradicionalmente foron asignados de forma exclusiva a homes como deportes, coches, política...

- » Falar de aspectos e actividades da vida que, historicamente, se atribuíron a mulleres, como son moda e beleza, noticias do corazón, casa e familia...
- » Utilizar as redes sociais a modo de diario íntimo.
- » Relatar na Rede cada unha das accións que realizamos no día a día: acabo de me erguer?
- » Usar as redes sociais para resolver conflitos coas amizades ou a parella.
- » Publicar fotos roubadas dunha persoa no baño, na ducha etc.
- » Utilizar o móbil para controlar a parella.

A partir dos exemplos propostos, realizarase unha análise das actitudes e comportamentos nas redes das rapazas e dos rapaces. *A posteriori*, fomentarase un debate sobre as condutas que poden supoñer un risco ou perigo para o ciberacoso e as razóns polas que supoñen tal perigo.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Sería bo afondar na reflexión de por que cada unha das condutas que se describen é un risco. No caso de que no grupo haxa persoas que non utilizan aplicacións de mensaxaría ou redes poden comentar que é o que fan mozos e mozas nestas ou ben que é o que farían no caso de usalas.



FONTE: elaboración propia.

Receitas para educación infantil e primaria

Receitario VI: En feminino e masculino

RECEITA 32

A IMPORTANCIA DE NOMEAR

Ingrediente	O xogo
Etapas educativas	Infantil e primaria
Idade	5-6 anos e 6-12 anos
Tempo estimado	40 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na linguaxe.
- » Adestrar no uso da linguaxe non sexista.
- » Facer visible a importancia de nomear as persoas.
- » Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.
- » Eliminar os estereotipos sexistas no desempeño das profesións.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ningún

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade pode comezar formulando **algunhas preguntas e retos**:

Sabías que todas as nenas e todos os nenos do mundo temos dereito a ter un nome? Os nomes falan de quen somos, ao distinguírnos doutras persoas.

- » **Actividade:** anímase o alumnado a pechar os ollos e preséntanse as seguintes cuestións: Se che digo o nome da túa mestra, a que a ves na túa cabeza? E se che digo o nome dunha nena da clase, a que podes distinguila de todas as demais? Seguro que, se tes unha mascota, o primeiro que fixeches cando chegou á túa casa foi darlle un nome, a que si? E así converteuse nun animal especial para ti.

E é que nomear é moi, moi importante, porque a través das palabras entendemos o mundo e vemos nos nosos pensamentos as persoas que viven nel.

- » **Actividade:** farase outro experimento. De novo, o alumnado pechará os ollos e o profesorado incitará a pensar nun bombeiro. E comentarase: A quen estás a ver? Seguro que a un señor cunha manguera e un enorme chapéu vermello. E se che digo bombeira, a que ves unha muller cun chapéu vermello e unha manguera? A que son diferentes? Por iso, sempre temos que nomear as nenas e os nenos, as mestras e os mestres, as nais e os pais, para que todas e todos esteamos presentes na linguaxe e nos pensamentos.
- » **Actividade:** nomea o masculino ou o feminino de cada un destes oficios: bombeira, ministra, mecánica, médica, mestre, directora, pallas, enfermeiro, camioneira...

CLAVES PARA O PROFESORADO

Podemos ampliar a lista con máis profesións. A idea é presentar as profesións feminizadas en masculino e as masculinizadas en feminino.

Coidador	Fontaneira
Informática	Perruqueiro
Enxeñeira	Agricultora
Limpiador	Costureiro
Caixeiro	Xardineira

Na web lamochiladelarcoiris.com podemos atopar unhas fichas para practicar o uso da linguaxe non sexista en primaria.

FONTE: baseado nos textos de [Coeducación: dos sexos en un solo mundo](#).

RECEITA 33

XOGAMOS CO DICCIONARIO

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Primaria
Idade	8-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na linguaxe.
- » Adestrar no uso da linguaxe non sexista.
- » Exercitar no manexo do dicionario.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Dicionarios (tradicionais ou en liña)

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Dividimos a clase en equipos de tres, catro ou cinco nenos e nenas, dependendo do número de alumnas e alumnos. Necesitarase un dicionario (tradicional ou en liña) para cada grupo.

Por grupos, inventarán unha definición para palabras que lles achegamos (entre as palabras que teñen que buscar incluímos, por exemplo, xuíz e xuíza, home e muller; bata e batín, señorito e señorita, parteiro e parteira, comadroa e comadrón, modisto e modista...) e, unha vez definida a palabra, cada grupo busca as palabras que lle tocaron no dicionario e copia a definición exacta sen modificar nada. Se a entrada consta de varios significados, tomarán sempre o primeiro. Cada equipo nomea unha persoa portavoz que será quen lea as súas definicións.

Cada voceiro ou voceira sae por quendas e le unha das entradas buscadas coas dúas definicións (a verdadeira e a falsa) sen dicir cal é a boa. O resto de equipos delibera en común cal é a definición boa. Pasados uns minutos, toman unha decisión e escriben a súa resposta (1 ou 2) nun anaco de papel que a profesora ou profesor recollerá. Esta votación farase en segredo para non influír nos outros equipos.

Os grupos que desen coa definición auténtica, gañan 2 puntos. Se ninguén acerta a definición, o equipo que definía, gaña 2 puntos. Se todos acertan a definición, gañan 1 punto.

Canto máis raras sexan as palabras buscadas e mellor sexa a definición falsa, máis posibilidades hai de gañar. Cando toque adiviñar a definición boa, deberemos prestar atención para ver cal parece máis de dicionario ou cal ten máis sentido.



FONTE: baseado nos textos de *Coeducación: dos sexos en un solo mundo*.

RECEITA 34

QUE DIN OS DICIONARIOS DOS HOMES E DAS MULLERES?

Ingrediente

O dicionario

Etapa educativa

Primaria

Idade

10-12 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na linguaxe.
- » Adestrar no uso da linguaxe non sexista.
- » Analizar criticamente algunhas definicións que aparecen nos dicionarios de referencia en lingua castelá e galega por parte do alumnado.
- » Detectar o sexismo implícito en moitas definicións femininas dunha palabra determinada.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Listaxe de conceptos que hai que traballar
- » Dicionarios de galego e de castelán (en liña ou físicos)

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Facemos grupos de catro/cinco persoas, tendo en conta que haxa mozos e mozas no mesmo grupo. A cada grupo proporciónaselle a listaxe de conceptos que hai que traballar e que terán que buscar nos dicionarios de galego e de castelán. Cada grupo terá que buscar dous ou tres conceptos diferentes e anotar as súas definicións.

Unha vez que os grupos xa dispoñen das respostas redactadas, pasamos unha segunda ficha con preguntas, cuxas respostas terán que ser acordadas polo grupo e que servirá para comparar e visibilizar as diferenzas existentes en cada palabra segundo estea en masculino ou en feminino.

Unha vez rematen a tarefa, cada grupo nomeará unha persoa portavoz, que será a encargada de lerlle as conclusións ao resto de grupos. Finalmente, extraeremos unhas conclusións en grupo grande, coa posibilidade de que se emprenda un debate arredor das cuestións tratadas.

Conceptos que hai que traballar para o castelán

Hombre/mujer, marido/esposa, sarjento/sarjenta, señorito/señorita, zorro/zorra, sacerdote/sacerdotisa, amo/ama.

Conceptos que hai que traballar para o galego

Amo/ama, tigre/tigresa, parteiro/parteira (comadrón/comadroa), modisto/modista/costureira, fulano/fulana, lagarto/lagarta, señorito/señorita.

Cuestións que cómpre ter en conta na análise:

Para realizar a análise é preciso poñer atención nas palabras que se buscan nos diferentes dicionarios e que o alumnado sexa quen de poder comparar as definicións, ver as diferenzas, poder comparar e reflexionar.

A continuación, preséntanse unhas preguntas orientativas para responder de maneira grupal:

- » Que diferenzas vedes na definición dun mesmo substantivo en masculino ou en feminino nos dicionarios?
- » Detectades estereotipos de xénero?
- » Detectades roles de xénero?
- » Credes que a definición do feminino e do masculino das palabras que buscastes é correcta ou cambiariádela? Por que?
- » Que cambios introduciríades?



CLAVES PARA O PROFESORADO

Para o caso do galego podemos utilizar os dicionarios en liña [Digalego](#) e [Dicionario da Real Academia Galega](#) para compararmos as definicións que aparecen.

Desde o propio dicionario [Digalego](#) en liña podemos acceder ás definicións das palabras en castelán no [Diccionario da RAE](#).

Comentalle ao alumnado que se deteñan tamén nos sinónimos que aparecen para cada palabra e que boten unha ollada aos exemplos suxeridos. Deben comparar os resultados obtidos da palabra en feminino e en masculino.

Outra variante pode ser comparar diferentes edicións do mesmo dicionario; por exemplo, unha edición actual e unha da década dos noventa do século pasado. Se se realiza esta variante, tamén se podería preguntar se as definicións cambian dunha edición a outra e animar a que tomen nota dos cambios atopados.



FONTE: baseado en textos de [MATERIAIS didácticos para la coeducación. ¿Qué es...? El lenguaje sexista.](#)

RECEITA 35

RENOMEA O TEU CENTRO EDUCATIVO

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Primaria
Idade	6-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na linguaxe.
- » Adestrar no uso da linguaxe non sexista.
- » Facer visible a importancia de nomear por igual a todas as persoas, para que se sintan representadas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Un caderno ou folios
- » Bolígrafos
- » Cartolinas
- » Rotuladores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Comezarase a sesión introducindo o concepto de sexismo e linguaxe sexista. A continuación, o alumnado distribuirase en grupos aos que se lles asignará unha zona do centro educativo. Cada grupo contará cun caderno e un bolígrafo para tomar nota. Deben ir lendo todos os carteis identificativos dos espazos, así como carteis, folletos anunciantes, graffitis etc. e apuntarán todo aquilo que consideren sexista e o lugar que ocupa no centro.

Despois, na aula, comentaranse os achados e explicaranse as diferentes formas de sexismo detectadas. A continuación, guíase o alumnado para que elabore carteis non sexistas que poidan colocar sobre os anteriores ou incluso substituílos.

Alternativa: todos os grupos poden revisar os mesmos lugares para que non escape nada e logo comparar os resultados. Para iso sería preciso máis tempo.

CLAVES PARA O PROFESORADO

O profesorado guiará a identificación e reflexión da linguaxe sexista presente na cartelaría, graffitis ou información detectada polo alumnado. Se detectan outro tipo de estereotipo de xénero ou mostra de sexismo, é importante explicar e ofrecer alternativas. Por exemplo, é común que nalgúns carteis se utilicen imaxes estereotipadas de mulleres e homes tanto pola súa vestimenta (vestidos para as rapazas, pantalóns para os rapaces), como polo tipo de actividades ou comportamentos que representan (actividades consideradas tradicionalmente masculinas, como os deportes ou as ciencias, representadas con imaxes de rapaces ou homes e actividades consideradas tradicionalmente femininas, como a creación artística ou o baile, representadas por figuras femininas). De ser o caso, reflexionase sobre este tema e favorecease que o alumnado ofrezca alternativas non sexistas.

Para afondar sobre a linguaxe non sexista, podes consultar o apartado de CLAVES PARA O PROFESORADO da receita CONCURSAMOS (da páxina 134).



FONTE: baseado en textos de [Guía didáctica para una orientación no sexista](#).

Recetas para educación infantil e primaria

Recetario VII: Análise crítica dos medios

RECEITA 36

CONVERTÉMONOS EN PUBLICISTAS

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Infantil e primaria
Idade	5-6 anos e 6-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na publicidade.
- » Investigar de forma creativa.
- » Comprobar se hai sexismo nas campañas publicitarias.
- » Crear alternativas non sexistas ás mostras publicitarias.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Caixa de cartón
- » Tesoiras
- » Rotuladores
- » Disfraces

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado debe fabricar cunha caixa de cartón unha televisión de tamaño grande (sinxela, sen dedicarlle moito tempo aos detalles). Dividiranse en pequenos grupos nos que elaborar un anuncio de xoguetes ou dalgún xogo. Para a representación, o alumnado colocárase detrás da televisión de cartón, simulando que o anuncio sae do televisor.

Cada pequeno grupo terá uns minutos para preparar a súa exposición, repartir roles, contextualizar o anuncio e buscar e utilizar disfraces e/ou outros obxectos.

Unha vez que todos os grupos interpreten os seus anuncios, pasarase a reflexionar en gran grupo. Coa axuda do profesor ou profesora, tratarán de identificar se no anuncio interpretado hai elementos sexistas. Para fomentar esta identificación, animarase á reflexión formulando preguntas e exemplos que faciliten a comprensión das actitudes e comportamentos sexistas na publicidade.

No caso de que algún dos anuncios interpretados polo alumnado contivese algunha acción ou comportamento sexista, será preciso rediseñar o anuncio coa axuda de todo o alumnado e volver a representalo desde formulacións igualitarias.

CLAVES PARA O PROFESORADO

Na configuración dos grupos, é importante que estes sexan mixtos e que se fomente a colaboración, promovendo a repartición de tarefas e responsabilidades.

Pódese xogar a dramatizar outro tipo de anuncios publicitarios e acompañar a reflexión adaptando as seguintes preguntas ao grupo: Que anuncia ou que produto se vende no anuncio? Que personaxes aparecen? Aparecen mulleres ou nenas? Aparecen homes ou nenos? Que está facendo cada persoa no anuncio?



FONTE: baseado en [La publicidad también se juega.](#)

RECEITA 37

INVESTIGAMOS SOBRE OS ANUNCIOS?

Ingrediente	As pantallas
Etapa educativa	Primaria
Idade	11-12 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo na publicidade.
- » Investigar de forma creativa.
- » Fomentar o descubrimento das diferentes impresións/sensacións que lles producen os anuncios publicitarios e analizar o por que.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Vídeos ou anuncios de prensa

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Antes da realización das actividades que aquí se propoñen, sería recomendable, se non se fixo con anterioridade, levar a cabo algunha sesión teórica para que o alumnado se familiarice cos conceptos que se van a traballar: a publicidade, roles, estereotipos... É aconsellable manexar e comprender estes termos, para levar a cabo a actividade que se propón.

Recoméndase que o número de alumnos/as dos grupos de traballo sexa de catro ou cinco e nunca superior a seis. Así mesmo, é conveniente que cada un dos grupos estea constituído por un número igual ou similar de mozas que de mozos.

Dun conxunto de anuncios (aproximadamente 5) seleccionados polo profesor ou profesora, pediráselle ao alumnado que elixa o que máis lle gustou para, posteriormente, analízalo. Os anuncios seleccionados poden ser anuncios publicitarios, carteis, *reels* etc.

Tras ver os anuncios, o grupo escollerá o que máis lle guste e pediráselle que responda por escrito ás seguintes cuestións:

- » Por que elixiches este anuncio?
- » Que cousas che gustaron máis ou che resultaron máis atraentes?

- » Que anuncia ou de que produto se trata?
- » Que di o texto ou slogan?
- » Que personaxes aparecen?
- » Que fai a muller? E o home?
- » Que papeis ou roles se lle asignan a cada persoa?

Cada grupo sairá ao centro da clase e expoñerá as súas reflexións. Os demais grupos poderán comentar sobre o anuncio escollido, independentemente de se escolleron o mesmo anuncio ou non. Coa exposición, vólvese visualizar o devandito anuncio, analizando o que di, o que non di, pero suxire e o papel que lle asigna a cada un dos sexos. Séguese o mesmo proceso co resto de anuncios. Se hai algún anuncio que non foi escollido por ningún dos grupos, farase a análise en gran grupo.

CLAVES PARA O PROFESORADO

É recomendable organizar os grupos de maneira mixta e animar á colaboración coa repartición de tarefas e responsabilidades (quen toma nota, quen prepara a presentación, quen falará en alto...).

En canto á escolla dos anuncios, é importante que aparezan anuncios de diferentes épocas e estilos para fomentar a comparación. Tamén presentar anuncios de produtos variados e en formatos diferentes.



RECEITA 38

INVESTIGAMOS SOBRE OS XOGUETES? I

Ingrediente	O xogo
Etapas educativas	Infantil
Idade	5-6 anos
Tempo estimado	40 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo nos catálogos de xoguetes.
- » Investigar de forma creativa a realidade social que rodea a rapazada.
- » Comprobar se hai sexismo nas campañas de xoguetes.
- » Buscar e recrear alternativas non sexistas á publicidade de xoguetes.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Catálogos de xoguetes
- » Tesoiras
- » Cartolinas
- » Rotuladores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Repártense os catálogos de xoguetes (podemos pedir que os traian da casa). Co catálogo diante, o profesor ou profesora pregunta e anota o que o alumnado responde de forma espontánea en relación coas seguintes cuestións:

- » Sabes en que páxinas hai agasallos para nenas e en cales para nenos? Por que?
- » Por que dis que esta páxina che parece de nena?
- » Por que dis que esta páxina che parece de neno?

Animase o alumnado a buscar fotos de xoguetes dos que non saiban dicir se son de nena ou de neno. Deben recortalos. Serán xogos e xoguetes que NON presenten, polo aspecto, ningunha característica que os discrimine de forma sexista. Cos recortes farán na clase un mural de traballo. Tamén poderían debuxalos de tal forma que non parezan «de nena ou de neno».

Para traballar en asemblea:

Existen xoguetes de nena e xoguetes de neno? Hai algunha razón para que sexan diferentes? Hai algún xoguete que digan que é «de neno» e que unha nena non

poida xogar con el? Hai algún xoguete que digan que é «de nena» e que un neno non poida xogar con el? Por que cres que a xente o di? Ti como o ves?

Nesta etapa é moi importante poñer énfase no rexeitamento que maioritariamente os nenos teñen cara aos xoguetes tradicionalmente considerados femininos. Para iso pódese preguntar, por exemplo: Que fai falta para xogar cunha boneca?. E que o alumnado responda: boneca, roupa, casinha, mans. O profesor ou profesora explicará con detalle o que se pode utilizar para xogar cunha boneca, poñendo énfase no que é imprescindible: unha boneca, un corpo, imaxinación etc. Ao fío disto, pregúntase: Quen da clase ten corpo? Quen da clase ten imaxinación?...

Para concluír, pregúntaselle ao grupo: Entón, se todas as persoas desta clase tedes corpo e imaxinación, se vos dese unha boneca, poderíades xogar con ela?

Analizar o resultado, reflexionar sobre el e poñer a énfase sobre o razoamento de que non hai xoguetes para nenas e para nenos. Poderíase repetir esta dinámica con diferentes xoguetes do catálogo.

CLAVES PARA O PROFESORADO

Para asegurarnos de que sexa espontáneo e non influír sobre as ideas que as nenas e nenos teñen, suxerimos que se evite falar do traballo que se vai realizar até que se dean as indicacións concretas.

Unha vez que se realiza a análise dos xoguetes, é fundamental fomentar a idea de que non hai xoguetes para nenos e para nenas e xustificalo ante o alumnado. Coa dinámica de «que fai falta/que é necesario para xogar con...» recóllese moita información e unha imaxe clara do posicionamento do alumnado con respecto aos usos sexistas dos xoguetes.

FONTE: baseado en *La publicidad también juega.*

RECEITA 39

INVESTIGAMOS SOBRE OS XOGUETES? II

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Primaria
Idade	6-10 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aprender a detectar o sexismo nos catálogos de xoguetes.
- » Investigar de forma creativa a realidade social que rodea a rapazada.
- » Comprobar se hai sexismo nas campañas de xoguetes.
- » Buscar e recrear alternativas non sexistas á publicidade de xoguetes.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Catálogos de xoguetes
- » Tesoiras
- » Cartolinas
- » Rotuladores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Repártense os catálogos de xoguetes (podemos pedir que os traian da casa). Co catálogo diante, o profesor ou profesora pregunta e anota o que o alumnado responde de forma espontánea en relación coas seguintes cuestións:

- » Sabes en que páxinas hai agasallos para nenas e en cales para nenos? Por que?
- » Por que dis que esta páxina che parece de nena?
- » Por que dis que esta páxina che parece de neno?

Anímase o alumnado a que vaia ás páxinas especialmente dirixidas ás nenas ou aos nenos e que anote o nome dos xoguetes que se ofrecen e os conceptos que tenden a aparecer nas diferentes seccións do catálogo. A continuación, preséntanse algúns conceptos que poden axudar a guiar a busca e fomentar a reflexión:

- » **Conceptos para «xoguetes de nenas»:** coidado de bebés, traballos domésticos, *fashion*, *glamour*, beleza, fada, maxia, princesas etc.
- » **Conceptos para «xoguetes de nenos»:** velocidade, coches, vehículos, motos, circuitos, scalextrix, pistas, aventura, guerra, maxia, superheroes etc.

Tras tomar nota destas cuestións, pregúntase:

- » Hai outros temas ou conceptos asociados ás nenas nos catálogos de xoguetes? A que son convidadas a xogar as nenas?
- » Hai outros temas ou conceptos asociados aos nenos nos catálogos de xoguetes? A que son convidados a xogar os nenos?

Para traballar na asemblea da clase:

Para fomentar o debate e a reflexión do alumnado, fórmulanse algunhas preguntas, como por exemplo:

- » Existen xoguetes de nena e xoguetes de neno? Hai algunha razón para que sexan diferentes? Hai algún xoguete que digan que é «de neno» e que unha nena non poida xogar con el? Hai algún xoguete que digan que é «de nena» e que un neno non poida xogar con el? Por que cres que a xente o di? Ti como o ves?

CLAVES PARA O PROFESORADO

Unha vez que se realiza a análise dos xoguetes, é fundamental fomentar a idea de que non hai xoguetes para nenos e para nenas e xustificalo ante o alumnado. Se existen moitas reticencias a recoñecer que algún xoguete ou xogo é para nenas e nenos, realízase a dinámica «que fai falta/que é necesario para xogar con...» recollida na descrición da actividade (para traballar en asemblea) da receita Investigamos sobre os xoguetes I (páx. 85). É importante explicar que os catálogos fan unha división sexista dos xoguetes e isto inflúe na súa elección e no desenvolvemento persoal da rapazada.

Tamén sería recomendable afondar nos conceptos relacionados coas diferentes seccións do catálogo (coidado, *fashion*, aventuras etc.), explicar o significado e a implicación que teñen nos roles e estereotipos de xénero.

FONTE: baseado en [La publicidad también juega.](#)



PARTE 5

Recetas para educación
secundaria e bacharelato



Parte 5: Receitas para educación secundaria e bacharelato

Nesta parte da guía recóllense as actividades-receitas deseñadas para educación secundaria e bacharelato. Están organizadas con base nos receitairos temáticos explicados no apartado 3.2.

Hai receitas que poden encaixar e adaptarse tanto en educación secundaria como en bacharelato. Ademais de indicar a etapa no apartado «ETAPA EDUCATIVA» da ficha de actividade, adóptase un código de cores para facilitar a busca axeitada de receitas.

O código de cores é o que aparece a continuación:



Receitas para educación secundaria e bacharelato

Receitario I: A orixe da desigualdade. Como nos convertermos en mulleres e homes

RECEITA 40

UN MARCIANO VENME VER

Ingrediente	A lectura
Etapas educativas	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Diferenciar entre o biolóxico (sexo) que nos diferencia a homes e mulleres e o cultural e aprendido (xénero) que provoca desigualdade.
- » Xerar reflexión persoal e colectiva arredor de roles e estereotipos.
- » Identificar cal é o modelo de masculinidade hexemónico e as súas características, e analizar canto dese modelo é discordante coas características persoais.
- » Identificar que existe unha desigualdade entre os atributos que o xénero lles asigna ás mulleres con respecto aos homes.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Encerado
- » Xiz
- » Papel
- » Bolígrafo
- » Ordenador
- » Altosfalantes

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

En primeiro lugar, ponse en contexto o alumnado explicándolle que un extraterrestre chegou á Terra e quere aprender a diferenciar os homes e as mulleres. Pódese acompañar esta presentación cun vídeo dunha chegada extraterrestre, música ambiente ou outras cuestións que motiven o interese e implicación do alumnado.

Créanse grupos de catro ou cinco persoas, que debuxarán nun papel un home e unha muller diferenciando nun primeiro momento as súas características biolóxicas. A continuación, iranlle engadindo as características non biolóxicas que diferencian homes e mulleres (forma de ser, afeccións, vestimenta etc.). Cando os grupos rematen a tarefa, poñeranse en común os debuxos e as características e debaterase un modelo consensuado. A partir dese modelo, discutiremos se nos vemos representadas e representados polas características de xénero que se nos asigna a cada sexo, e diferenciaremos o que é natural (biolóxico) e aprendido (social e cultural).



CLAVES PARA O PROFESORADO

Existen algunhas cuestións que poden ir saíndo nas explicacións para as figuras e que poden ser rebatidas e reformuladas con datos e información veraz. A continuación, preséntanse algunhas cuestións interesantes para introducir no debate e as preguntas lanzadeira para facelo:

- » A calidade da fortaleza vinculada á masculinidade. Pregunta lanzadeira de debate: Sabías que os homes sofren máis accidentes de tráfico e teñen máis problemas de alcoholismo e/ou adicción ás drogas que as mulleres?
- » O rol de coidado vinculado ás mulleres. Pregunta lanzadeira do debate: Sabías que en Suecia tanto o pai como a nai teñen 16 meses de permiso para non traballar e estar co seu fillo ou filla que acaba de nacer?
- » A xeración de coñecemento vinculado aos homes. Pregunta lanzadeira do debate: Sabías que a neveira foi inventada por unha muller, Florencia Parpart?
- » O deporte masculinizado. Pregunta lanzadeira do debate: Sabías que os primeiros xogos olímpicos en Grecia eran mixtos e competían igualmente homes e mulleres?



FONTE: adaptación a partir da [guía Construyendo feminidades y masculinidades alternativas, diversas e igualitarias](#).

RECEITA 41

FRASES CÉLEBRES

Ingrediente	A lectura
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	2 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Analizar as repercusións da desigualdade entre homes e mulleres.
- » Tomar conciencia da importancia da educación para favorecer a igualdade.
- » Reflexionar sobre a responsabilidade propia e o compromiso con respecto á igualdade entre homes e mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Listaxe de frases
- » Pantalla
- » Ordenador
- » Acceso á infografía de ONU mulleres

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

SESIÓN 1: FRASES

Organizamos a sala de forma que quede espazo suficiente para que o alumnado poida moverse. Estableceremos dous puntos, que serán os vértices dun eixe no que se terán que situar. Nun dos extremos colocárase a palabra «de acordo» e no outro, «en desacordo».

Léranse en voz alta as seguintes frases:

- » O home reina e a muller goberna. Vizconde de Ponson du Terrail
- » Non hai manto nin saia que peor lle sente á muller que o querer ser sabia. Martin Lutero
- » Se vostede quere saber o que unha muller di realmente, mírea, non a escoite. Óscar Wilde
- » A muller adora ao home igual que o crente adora a Deus: pedíndolle todos os días algo. Enrique Jardiel Poncela
- » Esaxerades a hipocrisía dos homes. A maioría pensa demasiado pouco para permitirse o luxo de poder pensar dobre. Marguerite Yourcenar
- » O debate é masculino; a conversación é feminina. Louisa May Alcott
- » A máis parva das mulleres pode manexar a un home intelixente, pero é necesario que unha muller sexa moi hábil para manexar a un imbécil. Rudyard Kipling
- » As mulleres son todas iguais. Están cheas de botóns, millóns de botóns. Pero os homes só teñen o de conectar e desconectar. Necesitan comida. Shakira
- » A gran pregunta que nunca foi contestada e á cal aínda non puiden responder, a pesar dos meus trinta anos de investigación da alma feminina, é: que quere unha muller? Sigmund Freud
- » O máis profundo do home é a súa pel. Paul Valéry

Traballárase con cada frase da seguinte forma:

- » Tras a lectura, cada persoa terá que situarse no espazo, ao longo do eixe sinalado segundo estea máis ou menos de acordo coa afirmación.
- » Analizamos o concepto de home e de muller que está a transmitir esa frase.
 - ▶ Que estereotipos reflicte sobre os homes e sobre as mulleres?
 - ▶ Que consecuencias ten?
 - ▶ Como facilita que a igualdade entre mulleres e homes sexa unha realidade?
- » Reflexionamos en que medida manexamos ese concepto na nosa vida cotiá.
 - ▶ En que situacións escoitamos, temos pensado ou dito estas afirmacións?

A continuación, traballamos co grupo a infografía de ONU Mulleres [Igaldade de xénero: onde nos atopamos hoxe?](#), promovendo que investiguen sobre as distintas desigualdades e discriminacións que se dan en todo o mundo, e analizando en que medida se sosteñen en base aos estereotipos que analizamos a través das frases.

- » Como contribúen estes á desigualdade? Como se pode contribuír a transformar esta situación?

SESIÓN 2: COMPROMETÉMONOS COA IGUALDADE

Para finalizar, reflexionamos co grupo sobre que ideas se lles ocorre que poderían levar a cabo para contribuír a que estes estereotipos non sigan reproducíndose nas súas contornas.

Para iso, en grupos máis pequenos, animamos a que cren unha campaña de sensibilización para contrarrestar estereotipos de xénero na súa contorna educativa.

Deberán deseñar a imaxe e as estratexias de difusión desta, así como un acto de mobilización, que deberán promover na súa contorna educativa e comunitaria, converténdose así en auténticos e auténticas promotores de igualdade.



FONTE: adaptación de materiais da recompilación de recursos educativos de [Un mundo en igualdade](#).

RECEITA 42

TODAS AS PERSOAS TERÍAMOS QUE SER FEMINISTAS

Ingredientes

Etapas educativas

Idade

Tempo estimado

A lectura, a escritura e as pantallas

Secundaria e bacharelato

12-16 anos e 16-18 anos

5 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Espertar no alumnado reflexións que permitan analizar criticamente a realidade social.
- » Combater prexuízos sobre a situación de persoas de diferentes orixes e con identidades sexuais e de xénero diversas.
- » Introducir metodoloxías e dinámicas orientadas a combater os roles tradicionais de xénero.
- » Entender as causas das desigualdades de xénero e as súas consecuencias.
- » Xerar espazos de participación activa e intercambio de visións e experiencias vivenciais.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Mapa de África
- » Papel e libro
- » Ordenador
- » Proxector
- » Altosfalantes

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Dedicaremos varias sesións de clase á lectura dun pequeno libro titulado *Todos teríamos que ser feministas* da autora Chimamanda Ngozi Adichie. Tamén analizaremos algunhas das súas partes e reflexionaremos sobre gran parte do contido. O libro é a versión revisada dunha conferencia que deu a escritora nixeriana Chimamanda Ngozi Adichie en decembro de 2012 dentro das charlas TEDxEuston.

Dividiremos o traballo con este libro en catro momentos: antes da lectura, durante a lectura, reflexión tras a lectura e proposta de escritura.

ANTES DA LECTURA

Formularémolles as seguintes preguntas ao alumnado:

- » A autora naceu en Nixeria en 1977. Que sabes deste país? Sitúa Nixeria no mapa e escribe o nome da súa capital.
- » Buscamos información sobre Nixeria. Se non puides responder adecuadamente a pregunta anterior, é necesario que nos situemos. Para iso imos buscar a seguinte información sobre Nixeria: situación no mapa de África, nome e número de habitantes da súa capital, número de habitantes da cidade de Lagos, número total de habitantes do país, idiomas falados, etnias e relixións. Anota, ademais, algún outro dato que che chamou a atención. Cita a fonte consultada.
- » Quen é Chimamanda Ngozi Adichie? Busca información sobre a autora en Internet e elabora unha pequena recensión biográfica (cinco liñas e unha imaxe). Anota as fontes de información que consultes.
- » Define coas túas propias palabras os seguintes termos: machismo, feminismo, xénero, socialización. Non busques a definición no dicionario.
- » Opina: Séguense dando situacións nas que se discrimine a muller polo feito de ser muller? Que che parece que suceda isto?

DURANTE A LECTURA

Conforme vaíamos lendo o libro, o profesor ou profesora irá introducindo unha serie de cuestións que se irán respondendo de forma oral ou escrita.

- » **A feminista feliz** (páxinas 15, 16 e 17). A autora non dubida en aplicarse o termo feminista, pero vai engadindo precisións ao termo: feminista feliz, feminista feliz africana etc. Por que motivo o fai? Que actitude mostra a autora ante isto?
- » **A monitora de clase** (páxinas 17, 18 e 19)
 - Por que non pode ser Chimamanda Ngozi monitora da clase a pesar de sacar a máxima nota no exame?
 - Explica o sentido do último parágrafo (páx. 19):

Se facemos algo unha e outra vez, acaba sendo normal. Se vemos a mesma cousa unha e outra vez, acaba sendo normal. Se só os mozos chegan a monitores de clase, ao final chegará o momento en que pensemos, aínda que sexa de forma inconsciente, que o monitor da clase ten que ser un mozo. Se só vemos homes presidindo empresas, empezará a parecernos «natural» que só haxa homes presidindo empresas.

- Viviches situacións nas que foses beneficiado/a ou prexudicado/a polo feito de ser mozo ou moza? Se a túa resposta é afirmativa en calquera dos dous sentidos, conta a situación ou situacións.
- » **O amigo Louis** (páxinas 20, 21 e 22)
 - Louis, un amigo da autora, afirma: «Non entendo a que te refires cando dis que as cousas son distintas e máis difíciles para as mulleres. Talvez o fosen no pasado, pero agora non. Agora as mulleres xa o teñen ben». Ouvistes algunha vez afirmacións similares a esta? Estades de acordo co que opina Louis?
 - Como se dá conta Louis de que a súa afirmación non é, nin moito menos, correcta?
- » **Os homes gobernan o mundo** (páxina 24). Por que afirma a autora que hai mil anos tiña sentido que os homes gobernasen o mundo? Quen goberna o mundo, os homes ou as mulleres?
- » **Hoteis, restaurantes e bares** (páxinas 25 e 26). Como son tratadas as mulleres nixerianas que van soas a un hotel ou a un bar? Que opinión che merece o que fan as mulleres de Lagos que van soas aos bares para poder entrar?
- » **A rabia é cousa de homes** (páxinas 27-30)
 - Por que unha muller non pode mostrar a súa rabia ou enfado tal e como o fai un home?
 - Que exemplos pon Ngozi sobre as diferentes consideracións que se teñen cara a homes e mulleres no mundo laboral?
- » **A construción social do xénero** (páxinas 32-41). Afirmar Ngozi, que definimos de maneira moi tallante o que é a masculinidade, provocando que os homes teñan que comportarse dunha maneira determinada para ser considerados homes. Pasa o mesmo coas mulleres. Este fenómeno coñécese como a construción social do xénero; mergullarémonos máis adiante nel. Agora do que se trata é de que expliques coas túas palabras a seguinte frase do libro: «O problema do xénero é que prescribe como temos que ser, no canto de recoñecer como somos realmente».
- » **Como nos educan?** (páxinas 41-44). A socialización é un proceso polo cal unha persoa aprende a interiorizar as normas, os valores e as crenzas da sociedade na

que vive e as fai súas. Que exemplos pon Ngozi sobre como afecta a socialización ao concepto de xénero? Sucede isto realmente?

REFLEXIÓN TRAS A LECTURA

Reflexionamos sobre o contido

Tema e intención do texto: imaxina que, en lugar de ler o texto, vísemos a conferencia de Chimamanda da que xurdiu o libro. Esta conferencia dura unha media hora e está en inglés ([pódese ver nesta ligazón](#)).

De que temas trata a conferencia? Cal cres que era a intención de Chimamanda cando pronunciou o seu discurso?

MICROMACHISMOS:

- » Busca en Internet a definición de micromachismo e anótaa no teu caderno. Pero non copies a definición, tes que elaborar a túa propia na que amoses que entendiches o que son os micromachismos.
- » Elabora unha lista coas situacións que conta Ngozi nas que se perciba algún tipo de micromachismo.
- » Anota algunhas situacións cotiás nas que estean presentes micromachismos diferentes ás amosadas no libro.

A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DO XÉNERO:

- » Como dixemos máis arriba, a socialización é un proceso polo cal unha persoa aprende a interiorizar as normas, os valores e as crenzas da sociedade na que vive e as fai súas. Un dos aspectos máis importantes da socialización é a socialización de xénero: é o proceso polo cal aprendemos a pensar, sentir e comportarnos como homes ou mulleres segundo as normas, crenzas e valores que cada cultura asigna a unhas e a outros. O proceso de socialización de xénero comeza desde o nacemento: que cores e complementos eliximos para un neno? E para unha nena?
- » Imos ler con máis atención as páxinas 32-41. Anota os exemplos que pon Chimamanda sobre que se espera dos nenos e que se espera das nenas.
- » Que modelos de conduta desexados dos que anotaches na actividade anterior se dan na nosa sociedade?

Reflexionamos sobre a forma

- » Esta conferencia móvese entre o expositivo (explícase algo) e o argumentativo (téntase convencer de algo). De feito, moitas veces, o discurso expositivo encerra unha compoñente argumentativa importante (explícase algo para convencer da súa validez). Anota que é o que explica a autora e de que pretende convencernos.
- » Ademais, úsase a narración para facer máis próximo e ameno o que se conta. Pon exemplos de partes narrativas e indica cal é a súa función dentro do discurso.

Proposta de actividade escrita

- » Carteis para a aula. Usando a etiqueta #yonosomachistapero... alumnas e alumnos escriben situacións cotiás nas que, sen pretendelo, se fai uso dos micromachismos. Ten en conta o que se viu en actividades anteriores.
- » **E ti es feminista?** Elabora unha redacción na que deas a túa opinión argumentada sobre este tema. Para iso respecta a seguinte estrutura:
 - **Idea principal.** No primeiro parágrafo aparecerá a idea que se defende.
 - **Desenvolvemento.** Nos dous seguintes parágrafos daranse argumentos para apoiar a idea.
 - ♦ Segundo parágrafo. Un argumento sacado da lectura do libro.
 - ♦ Terceiro parágrafo. Un argumento baseado nunha experiencia persoal do alumno ou alumna.
 - ♦ Conclusión. Reforzarase a idea defendida no primeiro parágrafo, pero non se pode repetir a mesma idea coas mesmas palabras.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Os carteis elaborados poden ser colocados pola clase, os corredores e outros espazos do centro educativo para chegar coas mensaxes a todo o alumnado. Por outro lado, as redaccións de **E ti es feminista?** poderían ser recompiladas nun libro (físico ou dixital) e publicado nas páxinas do centro, impreso e incluído na biblioteca etc.



FONTE: adaptación de *Una propuesta de lectura y escritura a partir de la lectura del ensayo de Chimamanda Ngozi Adichie. Diego Bernal.*

RECEITA 43

CELEBRIDADES

Ingredientes

O xogo e o debate

Etapa educativa

Bacharelato

Idade

16-18 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Reflexionar sobre como a desigualdade de xénero persiste hoxe en todo o mundo.
- » Concienciar sobre a necesidade de participación plena e efectiva das mulleres en todos os ámbitos.
- » Promover a idea de igualdade de oportunidades de liderado das mulleres na vida política, económica e pública.
- » Fomentar o compromiso persoal para promover a igualdade entre xéneros e o apoderamento das mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Copia da ficha recollida en Claves para o profesorado

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Comezamos a sesión explicando que imos xogar a un xogo chamado Celebridades. Consiste en completar unha sinxela lista de personaxes. Para iso, pedímoslles que se organicen en parellas, preferiblemente mixtas, e repartímoslle a cada parella unha copia da ficha.

Un voluntario ou voluntaria dirá ao azar unha letra, pola que deberá comezar o nome propio ou primeiro apelido das persoas que deben escribir en cada categoría. Xogaremos polo menos cinco roldas, utilizando diferentes letras. Posteriormente, analizaremos os resultados do xogo e formularemos un debate partindo das seguintes preguntas:

- » Cantas mulleres e cantos homes anotamos?
- » Por que credes que se dan estas diferenzas?

Pídeselles que pensen nos libros de texto das distintas materias que tiveron ao longo da súa etapa escolar e que reflexionen acerca da presenza das mulleres nos

libros de historia, na ciencia, na arte, na relixión, nos contos e novelas, na política etc.

A continuación, convidámoslos a lembrar cando eran pequenos e que pensen no que querían estudar cando fosen maiores. Cando o teñan claro, levantarán a man. Despois, só deixarán levantada a man as persoas cuxa elección estivese relacionada coa ciencia, a representación política, o ámbito dos coidados ou os deportes. Por último, deixan levantada a man só as persoas que nese momento seguen tendo esa mesma elección. Contamos cantas mozas e mozos levantaron a man en cada caso. Despois, preguntámoslles a que se debeu o cambio de motivación.

- » Alguén cambiou por pensar que eses estudos ou esa profesión era máis de homes ou de mulleres?
- » Como nos afecta a falta de referentes femininos e masculinos non estereotipados nas nosas contornas e nas materias que estudamos?



CLAVES PARA O PROFESORADO

O profesorado elaborará unha ficha que teña o seguinte formato:

Letra	Celebridade da historia	Celebridade da literatura	Celebridade da pintura ou da escultura	Celebridade da política	Celebridade do cine ou do teatro	Celebridade do deporte



FONTE: adaptación de materiais da recompilación de recursos educativos [Un mundo en igualdad](#).

Receitas para educación secundaria e bacharelato

Receitario II: Visibilizando as contribucións das mulleres

RECEITA 44

VIDEOFORO E MAIS CONCURSO A DATA XUSTA

Ingredientes

As pantallas e o xogo

Etapas educativas

Secundaria e bacharelato

Idade

15-16 anos e 16-18 anos

Tempo estimado

4 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Concienciar sobre a importancia do voto.
- » Entender a necesidade do equilibrio de sexos no poder.
- » Visibilizar a intencionalidade na discriminación ás mulleres.
- » Pór en valor a loita feminista.
- » Recoñecer como necesaria a reivindicación de dereitos políticos.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Equipo audiovisual para proxección de película
- » Banco con espazo para catro persoas
- » Cadeiras para o resto da clase
- » Cartolinas pequenas e rotuladores
- » Listaxe de países e datas nas que se logrou o sufraxio feminino

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

En primeiro lugar, proxéctase a película *El orden divino* (duración 96 minutos). Posteriormente realízase un breve videoforo.

Elementos de debate para iniciar o videoforo:

- » Inicialmente a protagonista rexeita implicarse en ningunha reivindicación. Por que motivo? Por que cambia de actitude?
- » Hai países nos que as mulleres aínda non poden votar? Teñen características en común? En caso afirmativo, cales?
- » Por que a comunidade internacional non ten unha actitude máis proactiva en canto ao estado de severa subordinación que sofren as mulleres en moitos países?

Reflexións que poden terse en conta para afondar no debate ou escoller as temáticas que máis interesa traballar co grupo:

- » Como se explica que nun país europeo rico e desenvolvido como Suíza as mulleres non conseguisen o dereito ao voto até tan tarde?
- » A pesar de aprobarse o dereito ao voto no ano 1971, nun dos cantóns, Appenzell-Róda no Interior, as mulleres non puideron votar nas eleccións cantonais até o 1991. Como se explica que o resto do país permitise este longo adiamento?
- » Cal é o personaxe da familia que máis se esforza para conservar a orde establecida? Por que o fai? Exerce tamén presión sobre os homes da familia?
- » Pódese considerar que os homes, nalgunha medida, tamén son vítimas das sociedades patriarcais? En caso afirmativo, de que maneira?
- » Que provoca que o resultado da votación sexa favorable ao dereito ao voto das mulleres, tendo en conta que os votantes son só homes?
- » Desde cando as mulleres poden votar en España? Cal foi o proceso seguido até que o conseguiron? A que dificultades tiveron que se enfrontar?
- » A loita polo dereito ao voto das mulleres (nos distintos países) protagonizárona só mulleres ou houbo tamén homes que a apoiaron?

- » Os dereitos conseguidos poden ser revertidos? É imaxinable que unha sociedade igualitaria en canto ao dereito ao voto faga unha involución e chegue a negar o dereito ao voto das mulleres? Que ideas sociais, políticas ou relixiosas poderían favorecerlo? Neste suposto, que outros dereitos correrían o risco de perder as mulleres?
- » Ás veces as mulleres, ou algunhas mulleres, están en contra de segundo que dereitos das mulleres? En caso afirmativo, cales poden ser os motivos para que pase isto?
- » «A forza do hábito e o costume convencen a quen perdeu os seus dereitos de que non está a sufrir ningunha inxustiza». Condorcet (século XVIII). Temos nós costumes e hábitos que nos poden impedir identificar opresións actuais?
- » Sería abusivo ou poderíase equiparar a oposición dalgunhas mulleres ao dereito ao voto das mulleres coa posición dalgúns xudeus que colaboraron co nazismo ou a dalgúns negros que colaboraron co sistema escravista? Son arriscadas estas comparacións ou poden axudar a entender as complexidades das sociedades e das persoas?
- » Ademais do dereito a voto da muller, na película fálase tamén doutras carencias e dereitos, por exemplo, o dereito ao traballo e o dereito á satisfacción sexual. O avance nun dereito concreto pode favorecer un apoderamento que estimule ou permita a reivindicación doutros dereitos? A película fai un repaso á situación de subordinación da muller suíza durante aqueles anos. Hoxe, entre nós, hai discriminacións que lles afectan ás mulleres? Cales e en que ámbitos?
- » Todos estes temas, relacionados co patriarcado e o machismo, teñen algunha relación coas noticias que van aparecendo regularmente nos medios de comunicación sobre asasinatos de mulleres (a mans das súas parellas) ou de violacións?
- » Estas noticias sobre violacións e asasinatos chégannos tamén de sociedades con distintos réximes políticos e distintas relixións, de distintos puntos do mundo. Por que é un feito xeneralizado?
- » As feministas entréganlle a Nora, xunto con outros panfletos, un libro de Betty Friedan, *A mística da feminidade*, clave do feminismo liberal do século XX, no cal entre outros temas se aborda a dobre xornada laboral das mulleres (fábrica e casa). Ouviras falar deste libro? En caso afirmativo, cres que o seu contido segue sendo de actualidade, sobre todo en canto ao problema da dobre xornada?
- » Hai séculos que distintas teorías feministas deslexitiman as ideas sobre a suposta inferioridade da muller. Por que o movemento feminista segue tendo inimigos? Por que ten tamén inimigas?
- » Busca exemplos de situacións actuais (á marxe do dereito ao voto) que, a pesar de estar amparadas polas respectivas lexislacións, sexan inxustas para as mulleres.
- » Que valoración farías da película, tanto desde un punto de vista cinematográfico como desde a mensaxe que quere transmitir?

Concurso A data xusta

Simulamos un concurso de preguntas e respostas chamado A data xusta. Elixíranse un mozo e unha moza que presenten o concurso. O alumnado permanecerá nas súas cadeiras como espectadoras e espectadores, aínda que haberá un banco con catro persoas de fronte ao resto.

Toda a clase fará quendas para pasar por ese banco. As catro persoas que o ocupen cada vez serán as que concursen.

O concurso consiste en acertar en que ano se logrou o dereito ao voto universal en cada país. Presentador e presentadora lerán un país dos que aparecen nos materiais para afondar no tema. Cada participante di unha data. Quen máis se achegue recibirá os aplausos do público. Cada grupo de catro pode recibir até catro preguntas, unha por unha; é dicir, terán que intentar adiviñar catro datas de catro países distintos. No caso de non acertar a data, o presentador e a presentadora darán a solución.

Para escenificar mellor que se trata dun concurso, pódense facer carteis coas cartolinas para as persoas que participan. Tamén se poden usar para dicirlle ao público o que ten que facer: aplausos, risas etc.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Sinopse da película: en 1971, as mulleres aínda non podían votar en Suíza. Nora é unha ama de casa e nai de dous fillos que vive nunha pequena e pintoresca vila onde as noticias das protestas polos dereitos civís, a revolución sexual e os movementos contraculturais apenas son un tema de discusión. Nora é unha persoa tranquila que conta coa simpatía de todo o mundo.

Con todo, cando o seu marido lle prohibe aceptar un traballo a tempo parcial, a frustración lévaa a comezar a loitar publicamente polo sufraxio feminino. A súa nova fama supón ameazas e o posible fin do seu matrimonio, pero ela négase a dar marcha atrás e convence as mulleres da vila para ir á folga mentres descobre aspectos sobre a súa propia liberación. As tranquilas vidas dos seus veciños veranse afectadas por completo.



PARA AFONDAR NO TEMA

En que ano adquiriron as mulleres o dereito a votar en cada país? | [Mapa sufraxio feminino](#) | [La lucha de las mujeres por el derecho al voto femenino](#).



FONTE: elaboración propia a partir diferentes dinámicas e material sobre igualdade e dereitos das mulleres.

RECEITA 45

HEROÍNAS E CONCEPTOS

Ingrediente	O xogo
Etapas educativas	Secundaria e bacharelato
Idade	14-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	4 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Deconstruír os mitos existentes arredor do feminismo.
- » Poñer en valor a loita feminista ao longo da historia.
- » Achegar a figura das feministas ao alumnado.
- » Interiorizar conceptos importantes para o feminismo.
- » Recoñecer os nomes e o labor de feministas históricas.

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

PROCURAR INFORMACIÓN

Como tarefa de investigación, nos días previos pídese ao alumnado que busque o nome e a biografía de 20 feministas galegas. Non se lles recomendará ningún nome concreto. Deben ler e imprimir os resultados, as fotos e tamén o texto.

Nesa tarefa de investigación tamén farán vinte fichas con conceptos que lles serán facilitados e que poden ser seleccionados do [Breve diccionario coeducativo](#). Nestas fichas escribirán as definicións dos conceptos propostos.

CONSTRUCCIÓN DO TABOLEIRO

Nunha sesión posterior constrúese un taboleiro xigante sobre o papel continuo cos rotuladores de cores. Haberá 20 casas (ademais da de saída e a de chegada) e cada unha delas levará o nome dunha feminista. Estas 20 mulleres serán as que fosen escollidas por un maior número de alumnas e alumnos para imprimir información sobre elas, aquelas das que máis información obtivesen en Internet. Escribirán o nome en cores e pegarán nesa casa as fotos atopadas na Rede. Os textos deixaránse á parte baixo o título «Heroínas. Preguntas e pistas». A casa de chegada necesitará de especial elaboración, xa que consistirá nunha colaxe na que apareza en grande a palabra IGUALDADE. Para a construción do taboleiro poderase utilizar calquera soporte, técnica e composición artística que os grupos propoñan. Para finalizar a elaboración do xogo, constrúese un dado coa cartolina, as tesoiras e o pegamento. Nesa mesma sesión explicaranse conceptos clave relacionados como apoderamento, *mainstreaming* etc.

XOGO

Para comezar o xogo, o grupo divídese en equipos dun máximo de cinco persoas. Cada equipo realiza unha tirada co dado. A puntuación máis alta determinará a orde en que comezan a xogar. Avanzarán as posicións que marque ese dado. Haberá dous tipos de preguntas, que se poderán elixir, en cada casa:

- » **Tipo 1)** Chamaranse «Conceptos» e consistirán en preguntas acerca dos termos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Papel continuo
- » Rotuladores de cores e pinturas
- » Folios e impresora
- » Ordenador e Internet
- » Manuais de consulta
- » Bolígrafos
- » Cartolinas
- » Tesoiras e pegamento
- » Xornais e outros materiais (para a creación e decoración)
- » Disponibilidade dunha sala grande sen obstáculos para poder construír o taboleiro e desprazarse sobre el
- » Fichas para os conceptos

das fichas (apoderamento, *mainstreaming* etc.). A resposta deberá achegarse o máis posible á definición de conceptos que buscaron. O grupo que pregunta pode recorrer aos textos do artigo para seleccionar a pregunta, pero non pode dar pistas xa que se debe contestar á primeira ou esperar á seguinte quenda, na que se lle preguntará outro concepto.

- » **Tipo 2)** A outra opción en cada casa será «Heroínas» e consistirá en preguntar sobre a biografía da muller cuxo recadro estea a pisarse. O grupo que pregunta ten acceso a «Heroínas. Preguntas e pistas», polo que sabe a resposta. Se nun primeiro momento non se acerta, os que preguntan poden dar até dúas pistas consultando o material impreso. Se pasadas esas dúas pistas aínda non hai acerto, o grupo que caeu nesa heroína pasa quenda. Permanece na casa até que saiba dar algunha información sobre a feminista que lle tocou ou ben elixa a outra opción, «Conceptos».

Pódese facer unha versión ampliada sumándolles ás 20 casas con feministas históricas outras casas de trampa ou que atrasen o avance, xogando como ao tradicional xogo da oca. Unha das casas pode chamarse Machismo, co que retrocederían tres casas. Outra das casas sería o Cárcere e leríase un cartón co seguinte texto: «A vosa loita pola igualdade de dereitos choca coas normas vixentes. Arrestáronvos por reivindicar máis dereitos para as mulleres. A sociedade non está preparada para os cambios que propoñedes». Pasarían dúas quendas sen xogar ou até que sacasen o número 6 no dado.

Existen múltiples formas de xogar segundo a imaxinación do grupo. Os grupos que vaian chegando primeiro non saen do xogo, senón que continúan facendo preguntas. A idea é que, ao final, todas as persoas que participan gañen, xa que todas chegarán á casa da igualdade.



CLAVES PARA O PROFESORADO

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Coñecías as mulleres do taboleiro? Coñecías os termos que saíron? Por que non temos ese tipo de coñecementos? Cres que son importantes? Que tipo de biografías deben ensinar os libros de historia? Por que hai termos que usamos a miúdo e outros que apenas utilizamos? Quen decide o que é importante e o que non na historia da humanidade? Quen decide as palabras que aparecen no dicionario e como?



FONTE: elaboración propia a partir de [El feminismo atraviesa la historia](#)

Recetas para educación secundaria e bacharelato

Receitario III: A división sexual do traballo

RECEITA 46

ESTÁN A TRABALLAR?

Ingrediente	As imaxes
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer os conceptos de traballo e emprego e o que implican.
- » Reflexionar criticamente sobre os estereotipos que existen na sociedade en canto ao traballo realizado polas mulleres e polos homes.
- » Analizar as consecuencias que a división do traballo produtivo e reprodutivo tivo e ten en homes e mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Imaxes (muller coidando criatura, cociñeiro, enfermeira...)
- » Proxector
- » Pantalla
- » Papeis e bolígrafos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Introducimos a actividade explicando que, ao longo da sesión, se reflexionará sobre as imaxes que se presentan. A través delas, tentaremos que o alumnado se cuestione o concepto de traballo. Pódense imprimir ou proxectar na pantalla da aula. Nun primeiro momento estas imaxes permitirán detectar os estereotipos ou ideas iniciais do alumnado sobre o traballo. Para iso, propoñeráselles ás alumnas e alumnos que observen as imaxes ([Imaxe 1](#) | [Imaxe 2](#) | [Imaxe 3](#) | [Imaxe 4](#)) e individualmente respondan á seguinte pregunta: Saberías dicir cales destas persoas están a traballar?

No encerado anotarase as respostas nunha táboa como a seguinte:

Consideran que a persoa da imaxe traballa

	Mozas que responden SI	Mozos que responden SI	Mozas que responden NON	Mozos que responden NON
Imaxe 1				
Imaxe 2				
Imaxe 3				
Imaxe 4				

Posteriormente, todo o grupo debaterá e reflexionará sobre as diferentes respostas, polo que convén que tomen nota por escrito. O profesorado deberá aclarar aqueles conceptos que poidan resultar erróneos ou confusos para debater cuestións como as seguintes:

- » Que consideramos traballo?
- » Que traballos teñen valor para unhas e outros? Por que?
- » Que traballos non teñen valor para unhas e outros? Por que?
- » Afirmacións nas que hai máis acordo, por que?
- » Afirmacións nas que non hai acordo entre o grupo clase, por que?
- » Cambiou a túa maneira de entender que é traballo e que non? Que beneficios ten iso para ti?

Reservaranse cinco minutos antes de finalizar a sesión para recoller aquelas conclusións máis importantes extraídas polo grupo.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Até a Idade Media os fogares eran a principal unidade de consumo e produción, e todas as actividades que se desenvolvían neles tiñan a consideración de traballo. Posteriormente, comezan a realizarse algunhas desas actividades no mercado a cambio dun salario, mentres que outras, aquelas tradicionalmente asignadas ás mulleres, continúan desenvolvéndose no ámbito privado. Co paso do tempo, e a pesar de que en economía se consideran traballo todas as actividades destinadas a producir bens e servizos para satisfacer as necesidades humanas, unicamente as realizadas no mercado, baixo relacións de produción de tipo capitalista, parecen ter esta consideración. Con todo, a maioría das actividades realizadas no ámbito doméstico defínese como traballo. Para diferencialas das que non o son, ás veces utilízase o denominado «criterio da terceira persoa», segundo o cal constitúe traballo toda aquela actividade que xera un ben ou servizo susceptible de ser utilizado ou aproveitado por outra persoa distinta de quen a realiza. Tamén se fai referencia ao «criterio da terceira persoa» cando un traballo pode ser delegado a outra persoa, como, por exemplo, un empregado ou empregada doméstica. (Exemplos de actividades que constitúen traballo: actividades de cociña, limpeza etc. e exemplo de actividades que non constitúen traballo: hixiene persoal).



FONTE: elaboración propia a partir de materiais da guía [*Rompiendo esquemas*](#).

RECEITA 47

SOPA PROFESIONAL

Ingrediente	A lingua
Etapa educativa	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Achegar diferentes ocupacións laborais diferenciando o sector ao que pertence cada unha delas.
- » Reflexionar sobre a presenza feminina nas diferentes ocupacións.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Sopa de letras
- » Rotuladores de diferentes cores

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Primeiro o alumnado deberá atopar as profesións que aparecen na sopa de letras e despois identificar a que sector produtivo pertence cada profesión. Para iso recoméndase que o titor ou titora faga unha breve introdución sobre que son os sectores produtivos e profesionais e que tipo de profesións se relacionan con cada un deles, procurando non nomear aquelas que aparecen na sopa de letras. Para iso dispoñeráse duns 10-15 minutos aproximadamente.

As alumnas e alumnos terán 20 minutos para completar a sopa de letras, que poderá realizarse en parellas, individualmente ou en grupos de tres.

Unha vez transcorrido o devandito tempo, poñeranse en común as profesións atopadas (aínda que non todo o alumnado terminase a sopa de letras), identificando o sector produtivo ao que pertencen e explicando as tarefas que cren que se realizan en cada unha delas. O titor ou titora explicará o que o alumnado descoñeza, resolverá dúbidas etc., ampliando o seu coñecemento sobre as profesións que aparecen na sopa de letras.

Posteriormente poden lanzarse ao grupo-clase as seguintes preguntas: En cales desas profesións credes que se atopan as mulleres? E en cales os homes? En cales credes que o xénero non é relevante? Cales son as súas condicións laborais?

A profesora ou profesor coordinará o debate, resaltando que os sectores tradicionalmente masculinizados son os de maior prestixio social e os sectores máis feminizados os máis depreciados. Pretenderase en todo momento dar unha visión non nesgada polo xénero, incentivando tanto a mozas como a mozos a exercer calquera das profesións que aparecen na sopa de letras.


Por último, recolleranse as conclusións do alumnado.



MATERIAL PARA A ACTIVIDADE

Ficha sopa profesional

Na sopa de letras atoparás as profesións que aparecen sinaladas abaixo. Unha vez que as atopas, debes sinalar a que sector pertence: sector primario, secundario ou terciario. Para iso, utilizarase unha cor para cada sector con rotuladores ou pinturas (amarelo, azul e vermello) e/ou encheranse as columnas do final da folla. Optamos por pór todas as profesións en feminino, xa que nunha sopa de letras non podemos utilizar a «/» e incluír os dous xéneros e, normalmente, cando hai que elixir un, adóitase utilizar o masculino. Xa sabedes que a linguaxe importa e que está viva, xoguemos a mudala!



PROFESIÓNS

Aeromecánica, axente de igualdade, analista microbiolóxica, celadora, escaiolista, figurinista, florista, frigorista, xerontóloga, gobernanta, horticultora, relacións públicas, silvicultora, técnica de control de calidade, tractorista, viveirista:

- » SECTOR PRIMARIO: (amarelo)
- » SECTOR SECUNDARIO: (azul)
- » SECTOR TERCIARIO: (vermello)



CLAVES PARA O PROFESORADO

Débase transmitir a idea de que, aínda que é duro escoller e levar a cabo decisións que tradicionalmente non son propias do noso xénero, pouco a pouco, as mulleres e os homes están a incorporarse en sectores nos que historicamente non tiveron presenza.

Para crear a sopa de letras, hai dispoñibles diferentes ferramentas, unha delas é <http://azsopadeletras.com/>, que permite descargar as sopas de letras xunto coas súas respostas en formato PDF.

Se se dispón de tempo suficiente, pódese preguntar ao alumnado a cal desas ocupacións cre que nunca se dedicaría e por que.

Despois habería que analizar as respostas que dan os mozos e as mozas.

FONTE: elaboración propia.



RECEITA 48

DIFERENZA SALARIAL ENTRE HOMES E MULLERES

OBXECTIVOS:

- » Reflexionar sobre as posibles causas das diferenzas salariais entre homes e mulleres.
- » Comprender como o xénero afecta á vida das persoas.
- » Descubrir como a división sexual do traballo afecta ás retribucións das mulleres.

Ingredientes

A lectura e o debate

Etapa educativa

Secundaria e bacharelato

Idade

12-16 anos e 16-18 anos

Tempo estimado

50 minutos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Copia da información facilitada para cada alumna/o ou grupo

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Facilítaselle ao alumnado a seguinte información:

A Organización Internacional do Traballo (OIT) «é unha axencia das Nacións Unidas que promove o traballo decente e produtivo para mulleres e homes en condicións de liberdade, igualdade, seguridade e dignidade humana. Os seus obxectivos principais son fomentar os dereitos laborais, ampliar as oportunidades de acceder a un emprego decente, mellorar a protección social e difundir o emprego do diálogo ao abordar asuntos laborais».

No 1951, a OIT adoptou o convenio relativo á igualdade de remuneración entre a man de obra masculina e a man de obra feminina por un traballo de igual valor.

O problema é que, aínda supoñendo que todas as empresas lles pagasen o mesmo salario a homes e a mulleres por tarefas de igual valor, hai outros factores que poden provocar diferenzas entre salarios de homes e de mulleres.

As diferenzas de salarios entre sexos no Estado español varían en función da fonte e do ano.

Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, no ano 2019, o salario anual máis frecuente nas mulleres (13 514,8 €) representou o 73,0 % do salario máis frecuente nos homes (18 506,8 €). No salario mediano esta porcentaxe foi do 80,3 % e no salario medio bruto, do 80,5 %.

Os últimos datos de 2020 da Axencia Tributaria mostran que a diferenza do salario anual entre un home e unha muller é de 4915 € máis no seu salario medio anual.

Os datos sinalan que Galicia, a Comunidade de Madrid, A Ríoxa e Ceuta son as comunidades autónomas onde máis aumentou a brecha salarial respecto das cifras do 2005.

En termos porcentuais, os datos sinalan que as mulleres deberían cobrar un 28,6 % máis para igualar o soldo dos homes e calcúlase que se necesitarían 105 anos para pechar a fenda en España.

En canto aos motivos destas diferenzas, cómpre dicir que as variables que determinan os salarios son as mesmas para homes que para mulleres: nivel educativo, idade, antigüidade na empresa, experiencia laboral, o tamaño da empresa, o tipo de xornada (a tempo completo ou a tempo parcial), a duración do contrato (nos contratos indefinidos os salarios adoitan ser maiores), o grao de sindicación, o sector da economía (os salarios adoitan ser máis altos no sector industrial ca no de servizos), o grao de cualificación requirido, o grao de responsabilidade do posto, o ámbito de aplicación do convenio colectivo (se o ámbito é maior, os salarios tenden a ser menores).

Despois de ler esta información, o alumnado dividírase en grupos de aproximadamente catro-cinco persoas. Neses grupos reflexionarán sobre as seguintes cuestións:

- » Por que as variables que se mencionan no texto favorecen máis os homes que as mulleres? Analizádeas caso por caso e tratade de atopar as posibles causas.
- » Por que credes que as diferenzas son maiores nunhas comunidades ca noutras?
- » Como credes que foron evolucionando esas diferenzas ao longo da historia, desde que se incorporou a muller ao mercado laboral?
- » Que solucións propoñedes para mudar esa situación?



CLAVES PARA O PROFESORADO

Pódese realizar a lectura conxunta do texto, mais é importante que cada alumna/o ou grupo teña unha copia deste.

Segundo as últimas enquisas, o 45 % da poboación activa masculina sostén que non existe fenda salarial fronte ao 82 % da feminina. Por iso é tamén importante traballar esta cuestión co noso alumnado. Para isto, podemos utilizar o seguinte texto premendo sobre o título: [Diez argumentos para que los negociantis entiendan la brecha salarial entre hombres y mujeres.](#)



PARA AFONDAR NO TEMA

Para afondar sobre o tema pódense diferentes páxinas, novas e recursos:

- » [INE: Salario por hora. Brecha salarial de género](#)
- » [Todo lo que quieres saber sobre la brecha salarial de género en España](#)
- » [Observatorio de Igualdad y Empleo](#)
- » [OIT. Informe Mundial Sobre Salarios](#)
- » [IGE. Salarios desde o punto de vista do perceptor: Fenda salarial IIGE. Estudo de salarios. Salarios nas fontes tributarias](#)



FONTE: elaboración propia a partir de materiais creados pola Fundación GIZAGUNE.

RECEITA 49

O RETO QUINCENAL

Ingrediente	A lectura
Etapas educativas	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	2 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer e visibilizar os distintos labores e tarefas do fogar.
- » Familiarizarse cos roles de coidado e mantemento do fogar.
- » Valorar os traballos de coidados e tarefas domésticas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Texto para a lectura
- » Táboa de rexistro
- » Encerado
- » Xices
- » Pantalla e ordenador

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Os saberes domésticos foron os grandes esquecidos na tradición académica e escolar. Porén, os saberes do día a día, da supervivencia cotiá son fundamentais para a autonomía persoal de homes e mulleres. Ao longo da historia foron as mulleres as que exerceron estes labores básicos para a subsistencia: alimentación, hixiene, limpeza da contorna, vestido, coidados; polo tanto, é de xustiza recoñecer o seu labor e agradecer toda a súa implicación no coidado das demais persoas, mais tamén é de xustiza equilibrar eses saberes, de forma que todas as persoas, independentemente do seu sexo, saiban manexarse na propia supervivencia diaria. Ademais de potenciar a autonomía, a corresponsabilidade doméstica tamén axuda a previr moitos conflitos familiares pola desigual distribución dos tempos entre os seus membros.

Para comezar a actividade podemos ler e debater o seguinte texto de Miguel Ángel Arconada Melero:

Temos un problema e é que hai homes que se conforman con non ser violentos. Non ser violento non significa non ser machista, fan falta novas masculinidades que aposten polas relacións igualitarias e responsabilidades compartidas. Hai homes que están a gozar dun privilexio que é o roubo do tempo persoal da compañeira. A casa que compramos e pagamos xuntos, a casa que ensuciamos xuntos, a casa que gozamos xuntos, por que a limpas ti preferentemente? É a pregunta. Sábese que cando un home emparella gaña calidade de vida, cando unha muller emparella é posible que a perda.


A partir deste texto, propomos no grupo da clase que se faga unha listaxe no encerado de todas as actividades cotiás que son fundamentais para poder vivir, desde que nos erguemos até que nos deitamos. Despois individualmente, farase unha listaxe daquelas que saben facer e daquelas que aínda non saben; a continuación, pídeselles que subliñen, das que non saben facer, aquelas que lles gustaría aprender ou cren que é imprescindible aprender.

Trátase de lle propoñer ao alumnado un reto, unha tarefa doméstica que terá que realizar nalgún momento da quincena seguinte, cando mellor lle pareza: cociñar algo sinxelo con todo o coidado para a familia, recoller a casa, pasar o ferro, arranxar un enchufe...

Cada actividade pode ser acompañada de fotografías ou vídeos que demostran o feito.

Unha vez rematada a actividade na casa, esas fotos incluíranse nunha presentación de diapositivas que servirá de guión para que cada rapaz ou rapaza presente na clase o que fixo, como o fixo, quen lle axudou e como se sentiu ao facelo.

No material para afondar na metodoloxía hai táboas que o alumnado pode ir cubrindo mentres realiza as actividades.



PARA AFONDAR NA METODOLOXÍA

[El reto quincenal.](#) Autora: María Antonia Moreno Llanea



PARA REFORZAR O POSICIONAMENTO TEÓRICO QUE A SOSTÉN

[Reparto de tareas. Corresponsabilidad.](#) Autoría: Fundación Mujeres.



FONTE: adaptación propia de dinámicas achegadas por María Antonia Moreno Llanea.

RECEITA 50

A PPIINA E O NOSO PROXECTO DE PARELLA

Ingredientes

O xogo, a lectura e o debate

Etapas educativas

Bacharelato

Idade

16-18 anos

Tempo estimado

3 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Aproximarse aos mecanismos socioculturais que xeran a discriminación e a desigualdade, especialmente as expectativas diferenciadas para mozos e mozas.
- » Coñecer o valor social adxudicado ao traballo de homes (desenvolvemento profesional) e ao de mulleres (coidado e ámbito doméstico).
- » Tomar conciencia da capacidade propia para participar na creación dunha sociedade libre e igualitaria.
- » Comprender como o xénero afecta á vida das persoas.
- » Entender como a división sexual do traballo afecta ás retribucións das mulleres.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Copia da información facilitada para cada alumna/o ou grupo
- » Ordenador
- » Encerado e xiz
- » Papeis e bolígrafos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

En calquera proxecto de parella, a repartición de responsabilidades cando chega unha nova criatura é un momento esencial para evitar desigualdades sexistas que perpetúen a sobrecarga das responsabilidades do coidado para as mulleres e as dificultades para compaxinalo coa vida laboral.

Nas dúas últimas décadas véñense difundindo unha serie de propostas para conseguir a reforma no Estado español de permisos de maternidade e paternidade. En concreto, no 2005 constituíuse a PPIINA (Plataforma por los Permisos Iguales e Intransferibles por Nacimiento y Adopción), que xerou un modelo de permisos para que estes sexan iguais, intransferibles e pagados ao 100 % para calquera persoa proxenitora.

Xogo de roles

Como actividade inicial, realízase un xogo de roles (sen preparación previa), que permita o afloramento das ideas iniciais e os prexuízos existentes no grupo con respecto a esta temática. Precísanse cinco persoas: catro formarán dúas parellas e unha será persoa activista da PPIINA. As dúas parellas agardan unha criatura e son abordadas por outra persoa que lles entrega un folleto da PPIINA. As parellas sorprendidas buscan un lugar tranquilo onde poder compartir as súas opinións no relativo á información recibida sobre PPIINA. Asígnaselles un máximo de 10 minutos para a simulación. Deste xeito, se se considera, pódense comparar as simulacións de dous grupos que representen sucesivamente.

Despois dos xogos de rol, o alumnado tomará nota dos argumentos a favor e en contra da proposta que apareceu en cada simulación. O profesorado intentará que o resto da clase complete e complemente a información que foi achegada nas representacións. Con isto, lograrase unha diagnose o máis clara posible dos prexuízos e expectativas da clase respecto da responsabilidade de crianza de mozos e mozas.

A partir desta análise, determinaranse as ideas principais que manifesta a clase a favor e en contra. Despois disto, o profesorado propoñerá as seguintes actividades para se informaren máis sobre o tema.

Custos e beneficios

Para esta actividade organízase a aula en varios grupos que deberán **buscar información** completa sobre a normativa actual de permisos por nacemento e adopción. Con esta información buscarán datos estatísticos sobre a forma na que as parellas maioritariamente gozan dos seus permisos para organizar a súa responsabilidade de crianza. Deberán analizar se a situación actual é xusta desde a perspectiva de xénero:

- » Os custos da responsabilidade da crianza están equitativamente repartidos na actualidade?
- » Cales son os custos engadidos para as mulleres? En que ámbitos principalmente se ven prexudicadas as nais?
- » A situación actual supón privilexios para os varóns? Que beneficios obteñen? En que ámbitos os poden exercer?

O gran grupo debaterá sobre calquera dos custos e beneficios denunciados, coa finalidade de afondar no seu verdadeiro alcance.

Se se considera oportuno, dividirase de novo o grupo para afondar sobre os permisos, co fin de identificar os posibles beneficios e custos da medida. Os grupos expoñerán a información e construírán un panel (ou tomarán nota no encerado) coas achegas.

O gran grupo poderá debater sobre calquera dos custos e beneficios coa finalidade de afondar no seu verdadeiro alcance.

Concurso de logotipos e slogans

Presentarase na clase o logotipo da PPIINA, co fin de que o alumnado analice o simbolismo de todos os elementos gráficos integrados neste.

Posteriormente, pídeselles que elaboren, en grupo, outros posibles logotipos. Cada grupo presentará o seu logo, xunto coa explicación do simbolismo e o motivo de elección dos elementos que o compoñen. Ademais, cada logotipo acompañarase dun slogan.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Web PPIINA: achega materiais didácticos e de difusión que poden servir para que o alumnado coñeza de forma sinxela as súas propostas.



FONTE: elaboración propia a partir de materiais de Marian Moreno, Carmen Ruiz Repullo e Miguel Ángel Arconada Melero.

Receitas para educación secundaria e bacharelato

Receitario IV: Relacións igualitarias

RECEITA 51

QUEN É QUEN?

Ingredientes

A reflexión e o debate

Etapa educativa

Secundaria

Idade

14-16 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Analizar os estereotipos e prexuízos existentes sobre as diversas identidades sexuais.
- » Desmontar os prexuízos que poida ter o alumnado sobre as orientacións sexuais.
- » Crear un clima de aula baseado no respecto e na ausencia de «bromas ferintes».

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Folios para cada grupo
- » Bolígrafos
- » Encerado

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Nesta ocasión tentaremos desmontar, ou polo menos expor, os prexuízos visibles e invisibles que o alumnado pode ter en relación coas identidades sexuais diferentes á heterossexualidade. En moitas ocasións, o alumnado confunde as identidades ou proxecta sobre elas características estereotipadas e equívocas. Para ver desde onde partimos en relación cos contidos que engloban as identidades sexuais, é importante que se definan algunhas delas.

Para isto podemos realizar unha «choiva de ideas» e escribir as distintas opcións no encerado, anotando a definición. Tamén se poden crear grupos para que definan os conceptos de maneira conxunta. Se optamos pola formación de grupos, deixaráselles un tempo prudente de aproximadamente 20 minutos. Despois, farase a posta en común do que traballaron e apuntarase no encerado.



Por último, faremos un debate dos seus cambios, das súas equivocacións, dos seus descubrimentos, facilitando a información que poida faltarlles. Haberá persoas que teñan moi claras as diferenzas, pero gran parte do alumnado confunde moitas delas.

Para facilitar o debate podemos conducilo con preguntas como:

- » Nótase se alguén é lesbiana ou homosexual? En que?
- » A homosexualidade vén desde que nacemos?
- » Todos os gais teñen «pluma»?
- » Unha moza lesbiana ten aspecto masculino?
- » Un travestí é gai?
- » Se unha moza se xunta con moitos mozos, é lesbiana?
- » Se un mozo se xunta con moitas mozas, é gai?
- » Transexual e travestí é o mesmo?
- » As persoas bisexuais sono por vicio?
- » Que diferenzas hai entre unha muller heterosexual e unha muller lesbiana?
- » Que concepto che custou máis comprender?



CLAVES PARA O PROFESORADO

Definicións que poden resultar de utilidade:

- » Heterosexual: persoa que se sente atraída sexualmente polo sexo contrario ao seu.
- » Homosexual: persoa que se sente atraída sexualmente polo seu mesmo sexo.
- » Lesbiana: muller que se sente atraída por outras mulleres.
- » Gai: home que se sente atraído por outros homes.
- » Bisexual: persoa que se sente atraída sexualmente por persoas do mesmo sexo ou de distinto sexo.
- » Travestí: persoa á que lle gusta vestirse de forma contraria ao seu sexo. Un exemplo: muller á que lle gusta vestirse de home. Isto non significa que sexa lesbiana nin que o faga continuamente.
- » Transexual: persoa que sente un sexo diferente a aquel co que naceu. Un exemplo: persoa que naceu cun sexo masculino, pero se sente muller. Non todas as persoas transexuais están operadas ou en tratamento hormonal. Tampouco aquí hai unha relación entre o sexo e a orientación sexual.



FONTE: elaboración propia a partir de propostas elaboradas por Carmen Ruiz Repullo.

RECEITA 52

GUIZO AMOROSO

Ingrediente

O xogo

Etapa educativa

Secundaria e bacharelato

Idade

14-16 anos e 16-18 anos

Tempo estimado

50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer as ideas previas sobre o amor romántico e a sexualidade.
- » Identificar os piares dunha relación de parella igualitaria e positiva.
- » Reflexionar sobre as diferentes formas de relación de parella.
- » Comprender o que é a sexualidade dunha maneira ampla e positiva.
- » Crear un espazo propicio para seguir profundando na temática, partindo das ideas previas.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Espazo físico que permita organizar os grupos con facilidade
- » Encerado
- » Folios para cada grupo
- » Rotuladores de cores

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Antes de comezar a falar de amor, de parellas, de sexualidade... necesitamos coñecer cal é o punto de vista do alumnado, as súas ideas e os seus esquemas amorosos previos. Para isto, formaremos grupos de catro ou cinco persoas. A cada grupo ímoslles dar tres folios: nun poñerá AMOR DE PARELLA, no outro, RELACIÓN DE PARELLA e, no último, SEXUALIDADE.

Explicámoslle ao alumnado que imos realizar tres «guisos», un por cada grupo e con relación aos termos que aparecen nos folios entregados. Cada grupo traballará sobre os ingredientes que terían, segundo elas e eles, cada un dos guisos. Para un bo desenvolvemento da actividade, interésanos que acheguen libremente os ingredientes para traballar *a posteriori* as ideas relativas aos diferentes tipos de relacións. Despois do traballo por grupos, dividimos o encerado en tres partes, cada unha dedicada a un dos guisos que elaboraron. Cada grupo comeza a expoñer os ingredientes que incluíron, sen comentar nada. Apuntamos todo o dito polos grupos no encerado. A continuación lemos todo e comezamos o debate co grupo en xeral. Para iso podémonos servir das seguintes cuestións:

- » Hai ingredientes comúns nos tres «guisos»?
- » Que ingredientes son diferentes?
- » Falta algo que non puxésemos? Sobra algo?
- » Que ingredientes son imprescindibles?
- » Existen outras formas de facer estes «guisos», hai ingredientes novos?
- » Pensades que estes «guisos» tiveron sempre os mesmos ingredientes?
- » En que puidemos cambiar?

CLAVES PARA O PROFESORADO

O profesorado poñerá énfase naqueles ingredientes positivos e que fomentan as relacións sas e igualitarias. Explicarase que por ingredientes entendemos os compoñentes, aspectos imprescindibles e importantes en cada concepto entregado: amor de parella, relación de parella e sexualidade. No caso de que no traballo grupal aparezan ingredientes non positivos como, por exemplo, os celos, o control ou a desconfianza, estes débense rebater e é preciso achegar as explicacións teóricas do efecto negativo que producen.



RECEITA 53

VERDADEIRO OU FALSO

Ingredientes	O xogo e o debate
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	14-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Desterrar algúns dos mitos que sustentan discriminacións afectivo-sexuais.
- » Crear un espazo aberto ao diálogo onde o alumnado se sinta protagonista.
- » Promover os valores que sustentan as relacións igualitarias.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Listaxe de mitos
- » Cartolinas e espazo amplo para moverse

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Antes de comezar, a profesora ou profesor que realiza a actividade fará unha listaxe con algunhas «frases-mitos» sustentadas no amor e nas relacións de parella. Dividirase a sala en dúas partes, nunha ponse unha cartolina grande coa palabra «verdadeiro» e na outra parte, outra cartolina coa palabra «falso». Despois todo o grupo se coloca de pé no centro da sala. Explicase que se irán dicindo diferentes frases, unha por unha, e que, cando se diga a frase, sen comentar nada co resto do alumnado, deben posicionarse, segundo a súa opinión e grao de identificación, no lugar da sala onde está a cartolina que ten escrita a palabra «verdadeiro» ou na zona onde aparece «falso». Nesta actividade, incentivaremos a participación, explicación e debate de toda a clase, independentemente de se situaron no lado do verdadeiro ou do falso. Organizaranse quendas de palabra para as persoas situadas en ambos os lados.

Pode ocorrer que todas as persoas coincidan no seu posicionamento nalgunhas frases, neste caso debatemos brevemente o motivo. Tamén pode darse o caso de que haxa persoas que tras o debate queiran cambiar e, neste caso, sería importante preguntar polas razóns que as levaron ao cambio. O profesorado responsable da actividade só terá o rol de moderar o debate sen expor as súas opinións.

Algúns exemplos de frases que adoitan estar no imaxinario de mozos e mozas:

- » O amor é algo máxico: verdadeiro ou falso.
- » O amor pódeo todo: verdadeiro ou falso.
- » Amar é sufrir: verdadeiro ou falso.
- » Se non ten celos, é porque non me quere: verdadeiro ou falso.
- » Estando comigo cambiará: verdadeiro ou falso.
- » Se pon esa roupa, é para provocar: verdadeiro ou falso.
- » As mozas e os mozos somos diferentes: verdadeiro ou falso.



FONTE: elaboración propia a partir de propostas elaboradas por Carmen Ruiz Repullo

Recetas para educación secundaria e bacharelato

Receitario V: Violencia de xénero

RECEITA 54

AMOR ROMÁNTICO E RELATOS CINEMATográficos

Ingrediente	As pantallas
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	4 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Sensibilizar o alumnado sobre a construción sociocultural do xénero e as súas implicacións na vida cotiá.
- » Coñecer e detectar os posibles mitos do amor romántico que os alumnos e alumnas asumiron.
- » Reflexionar sobre a forza e impacto dos produtos culturais e relatos audiovisuais (cinema e TV) na construción do eu.
- » Fomentar o desenvolvemento pleno de novas actitudes, liberándose dos estereotipos de xénero.
- » Sensibilizar o alumnado sobre os estereotipos sexistas que transmiten a maioría de imaxes mediáticas.
- » Saber interpretar e detectar os estereotipos e roles de xénero asignados a protagonistas femininos e masculinos en ficcións cinematográficas.
- » Detectar, analizar e interpretar os mitos e falacias sobre o amor romántico occidental na ficción cinematográfica.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Ordenador
- » Pantalla
- » Altosfalantes
- » Película

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

COMEDIAS ROMÁNTICAS E ESTEREOTIPOS

Para introducir o alumnado na análise de ficcións cinematográficas, así como no concepto de construción sociocultural do amor, propónse analizar o inicio de *¿Qué les pasa a los hombres?* (título orixinal: *He's Just Not That Into You*). Trátase dunha secuencia na que diversas mulleres de distintas idades, culturas, procedencias e status sociais animan unha amiga desconsolada e entristecida pola súa relación sentimental.

A condensación de mulleres reproducindo e apoiándose nas mensaxes patriarcais do amor romántico, volvendo obvias as falacias e mitos nos que fomos socializadas excede a ironía e pódenos facer cuestionar se o director está a rirse de todas nós.

Preguntas/Temas para traballar na aula:

- » Que cres que significa e implica esta frase do diálogo: «Cariño, sabes por que ese neno fixo e dixo esas cousas? É porque lle gustas. Ese mozo faiche esas cousas terribles porque lle gustas».
- » Teñen escoitado e/ou empregado algunha desas explicacións?
- » Sénteste identificada/o con algunha das personaxes ou escenas da secuencia?

SOBRE A POSIBLE EXISTENCIA DO AMOR: PAPER HEART

Co obxectivo de profundar sobre o mito do amor romántico, pero neste caso desde unha perspectiva escéptica e alternativa ao cinema comercial, propónse ver e analizar [*Paper Heart*](#), un falso documental que nace da pregunta realizada por Charlyne Yi (coguionista e protagonista da película, actriz, escritora e cómica): Existe o amor verdadeiro?

«Cría no amor cando era nena. Pero a miña idea do amor viña de películas e contos de fadas. Entón, cando crecín, deime conta de que a vida non é así.» (Charlyne, *Paper Heart*. 0:02:25).

Preguntas/Temas para traballar na aula:

- » Que persoas son entrevistadas na película? (Parellas, corazóns rotos, científicos, escritoras...) Atopas diferenzas de xénero entre elas? —Profesión, discurso—...
- » Sobre o contido dalgunhas das entrevistas: violencia de xénero, o matrimonio entre adolescentes, homosexualidade e estereotipos de xénero.
- » O uso da linguaxe e a reprodución de mitos do amor romántico (tópicos, expresións...): non quero ser unha solteirona; o verdadeiro amor é completamente diferente; ese só pasa unha vez; sempre hai un punto onde as personaxes se teñen que sacrificar, unha sacrifícase pola outra e ese é o sinal de que en verdade aman a esa persoa; pregunteille a mamá como é sentirse namorada... e ela respondeu que é cando non soportas estar sen esa persoa.
- » A relación entre Charlyne e Michael: reflexión sobre a tipificada narración dos feitos das comedias/novelas románticas: coñécense, namoran, xorden complicacións —o propio documental—, loita por liquidar as dificultades, final feliz? Como se sente Charlyne na relación? Cambiou a súa postura ante o amor? («Non é unha cita. Eu quero ser a súa amiga, non quero ser a súa noiva. Ninguén lembra a noiva (...) e dicídesvos quérote. Tranquilo, iso non pasará»).

A análise da secuencia final e a inversión de roles e estereotipos de xénero. A obviedade e a ironía parodiando o heroe no cinema de acción e a damisela en perigo pode servir para a detección e reflexión sobre os estereotipos e roles de xénero que temos asumidos.

- » Como reaccionan e se senten ante a secuencia?
- » Hai diferenzas entre mozos e mozas?
- » Identifícanse?
- » Considéranla cómica?
- » Se fose el o que salva a moza (e se non fosen marionetas), sentirían o mesmo?



PARA AFONDAR NO TEMA

Existen moitos recursos para afondar sobre a temática e que poden guiar o debate co alumnado, aquí sinálanse algúns que poden ser de interese:

- » Aguilar, P. B. [*¿Somos las mujeres de cine? Prácticas de análisis fílmico. MATERIAIS didácticos para la coeducación. Construyendo contigo la igualdad.*](#)
- » Coral Herrera (2011): *La construcción sociocultural del amor romántico*, Madrid: Fundamentos .



FONTE: [*Sobre el mito del amor romántico. Amores cinematográficos y educación. Alicia Pascual Fernández*](#)

RECEITA 55

DEFININDO A VIOLENCIA SEXUAL

Ingredientes	As pantallas e o debate
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Coñecer as actitudes e pensamentos do alumnado en relación coa violencia de xénero e, en concreto, coa violencia sexual.
- » Achegarse ás definicións dos conceptos de violencia de xénero e violencia sexual.
- » Recoller información desagregada por sexos para analizar as reflexións de mozas, por unha banda, e de mozos, por outra.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Bolígrafos
- » Fotocopias da ficha
- » Ordenador e proxector

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade comeza coa proxección dunha curtametraxe sobre acoso sexual que nos servirá para introducir o tema. O vídeo titulado *Por la Calle*, dispoñible nesta [ligazón](#), amosa un rapaz sufrindo acoso de rúa por parte dalgunhas mozas.

Tras o seu visionado abrírase un pequeno debate sobre a percepción de mozas e mozos dese tipo de comentarios e a valoración destes como unha forma de acoso ou non.

Tras o debate inicial, o alumnado dividírase en dous grupos: un formado polas mozas da clase e o outro polos mozos. A cada grupo repartírselle a ficha (recollida no apartado de CLAVES PARA O PROFESORADO) e pediráselle que definan os seguintes conceptos:

- » Abuso sexual
- » Acoso sexual
- » Agresión sexual

Unha vez definidos en cada grupo, pídeselles que debaixo de cada definición poñan un exemplo que aclare o que reflectiron en cada concepto.

Cando os grupos terminen, poñerase en común o que traballaron e analizaranse as posibles diferenzas entre os grupos de mozas e os grupos de mozos, así como os coñecementos arredor das agresións sexuais que ten cada xénero.

Explicación dos delitos sexuais

ABUSO SEXUAL. Ten lugar cando unha persoa ou varias, sen que exista violencia ou intimidación e sen que medie consentimento, realice actos que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual doutra persoa. Neste abuso pode haber actos que vaian desde un tocamento até unha penetración.

ACOSO SEXUAL. Trátase de comportamentos verbais, non verbais ou físicos de índole sexual e non desexados, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade da persoa ou de crear un contorno intimidatorio hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

AGRESIÓN SEXUAL. Cando unha persoa ou varias, mediante a forza ou a intimidación, atentan contra a liberdade ou indemnidade doutra persoa. O caso máis claro é a violación nas súas diferentes formas.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Elaborarase unha ficha co seguinte esquema:

Acoso sexual	Abuso sexual	Agresión sexual
Que é?	Que é?	Que é?
Pon exemplos:	Pon exemplos:	Pon exemplos:



FONTE: baseada no traballo [Graduando violencias cotidianas](#). Deputación de Xaén.

RECEITA 56

CINEFORO: A FONTE DAS MULLERES

Ingrediente	As pantallas
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	14-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	4 sesión de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Visibilizar a intencionalidade na discriminación ás mulleres como forma de control e reafirmación do poder masculino.
- » Poñer en valor a loita feminista.
- » Recoñecer como necesaria a reivindicación de dereitos das mulleres.
- » Identificar as discriminacións e desigualdades de xénero.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Equipo audiovisual para proxección de películas
- » Copia da letra das cancións da película

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

En primeiro lugar, proxéctase a película *La fuente de las mujeres*. Posteriormente, realízase un breve vídeoforo.

Elementos de debate para iniciar o vídeoforo

- » Obrigar a propia esposa a manter relacións sexuais é unha violación?.
- » Hai que respectar como unha particularidade cultural a norma dun colectivo que obriga as mulleres a someterse aos homes?
- » Por que cando Leila nos baños propón por primeira vez a súa folga ningún a secunda, excepto Nai Fusil?



Outras reflexións que hai que ter en conta

- » Segundo distintas enquisas, na actualidade unha elevada porcentaxe da mocidade xustifica os malos tratos á parella en determinadas circunstancias. Como se explica que estas actitudes machistas e violentas perduren na mocidade?
- » O artigo 5 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos di que «ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes». Son penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes os que padecen algunhas das mulleres nalgúns momentos da película?
- » O argumento da película é crible? Unha eventual revolta de mulleres nunha sociedade rural, illada e baseada na submisión das mulleres acabaría como na película ou doutra forma máis complicada?
- » Por que o imán non quere que as nenas vaian á escola?
- » Sami, o marido de Leila, lidera unha actitude favorable ás reivindicacións das mulleres. En sociedades rurais e pechadas como a da película é fácil atopar homes como Sami? E entre os grupos de inmigrantes procedentes destas sociedades rurais agora asentados en contornas urbanas, en teoría máis abertas?
- » Nalgunhas escenas aparecen mulleres cargando unhas descomunais cargas de herbas ou ramas. É habitual este tipo de imaxes nalgunhas sociedades africanas?
- » Por que os homes, mentres elas traballan, están a charlar e tomando o té?
- » O funcionario co que fala Sami dille que, se se canaliza a auga, daquela as mulleres reclamarán a electricidade, e logo lavadoras, e sempre máis cousas, e que, polo tanto, é mellor non cambiar nada. Ten razón? Hai algunha forma de establecer que nivel de necesidades ou comodidades son as «básicas»? Son variables segundo a evolución histórica? Os cargos políticos e o funcionariado que, sen dúbida, na súa casa dispoñen destas comodidades están lexitimados para negarllas a quen as reclaman?
- » Por que Fátima, a sogra de Leila, quere que o seu fillo a repudie?
- » Por que as mulleres, a pesar de lamentar ser casadas con quen querían os seus pais, aproban o mesmo comportamento coas súas fillas?
- » Por que hai tantas culturas nas que hai distintas formas de poligamia e tan poucas, ou ningunha, con modelos poliándricos?
- » A poligamia/poliandria debería permitirse nas sociedades occidentais?
- » Algúns países occidentais promulgaron leis que restrinxen a utilización do burka en espazos públicos. Son lexítimas estas restricións ou supoñen unha intromisión na liberdade das mulleres?
- » Hai mulleres que levan veos ou panos porque queren e outras porque as obrigan. É perigoso facer xeneralizacións sobre este tema?
- » O imán e Leila interpretan de forma distinta o Corán. Con todos os textos sacros ocorre o mesmo, permiten distintas interpretacións, en ocasións completamente contraditorias. Sendo así, son textos útiles como referente para a ordenación da convivencia nunha sociedade ou sería mellor optar por textos de contido máis claro e inequívoco, como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos?
- » Hussein, o pai de Sami, vive escindido entre o respecto ás tradicións e o amor ao seu fillo e á súa nora. É fácil enfrontarse a este tipo de dilemas?

- » A película foi a primeira que se catalogou en España como «recomendada para a igualdade de xénero», unha clasificación creada polo Instituto de Cinematografía e as Artes Audiovisuais, do Ministerio de Cultura no ano 2011. Segundo esta cualificación, a obra incluída debe promover, entre outros temas, «unha visión igualitaria das relacións afectivas e da convivencia doméstica». Cumpre esta función a película?

Frases da película para comentar

- » A muller é un felpudo.
- » Moitas formigas poden cun león.
- » El tómame todas as noites e faime dano.
- » Non teño valor para pegarlle, son moi débil./Tes que pegarlle.
- » Se é necesario que a mate a golpes, matareina.
- » Canto máis tempo tarden en ter electricidade e auga, moito mellor.
- » Só me interesan os insectos, non a política.
- » Ás mulleres a paz non nos asusta.
- » Odio ser muller.
- » Estaba namorada dun e obrigoume a casarme con outro.
- » Oporse á vontade do marido é pecado.
- » Tapade os vosos ollos no canto das nosas caras.
- » Para vós os homes, que é unha muller?



CLAVES PARA O PROFESORADO

Argumento da película: nunha pequena aldea árabe, a tradición esixe que as mulleres vaian buscar auga a unha afastada fonte que nace no alto dunha montaña. Leila, unha muller nova casada, proponlles ás demais mulleres unha folga de sexo: non manterán relacións sexuais até que os homes colaboren con elas no transporte da auga até a aldea. A película está inspirada na comedia de Aristófanes *Lisístrata* (na que as mulleres gregas se negan a ter relacións sexuais até que os homes abandonen a guerra) e nun feito ocorrido en 2001 en Kirca, Turquía, tamén coa reivindicación da auga como desencadeamento.

Temas que trata a película: malos tratos ás mulleres, dereito das mulleres á educación, dereito a unha vida digna, á auga, a non sufrir abortos por mor das penalidades, liberdade de pensamento e de expresión, igualdade de dereitos entre homes e mulleres, matrimonios forzados, matrimonios infantís.

Observacións: A película hase de pasar cos subtítulos das cancións, xa que as letras son fundamentais para seguir o argumento. [Letras das cancións \(PDF\)](#)



PARA AFONDAR NO TEMA

[Cineforo: La fuente de las mujeres.](#)



FONTE: elaboración propia con base nas propostas do Grup d'Educació AI Catalunya.

Receitas para educación secundaria e bacharelato

Receitario VI: En feminino e masculino

RECEITA 57

HORAS DE PRENSA

Ingrediente	A lectura
Etapas educativas	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Dar ferramentas para que o alumnado sexa capaz de detectar o sexismo lingüístico.
- » Fomentar unha escritura e un uso da lingua máis igualitario.
- » Favorecer mentes críticas ante o sexismo na linguaxe e establecer sistemas de crenzas igualitarios e xustos.
- » Facer entender que o sexismo vai alén da morfoloxía da linguaxe e que o machismo perpetúa desigualdades.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Revistas de moda, tecnoloxía, ciencia, música, xornais deportivos e prensa en xeral
- » Recortes de titulares, caderno e bolígrafos

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado levará á clase revistas de moda, tecnoloxía, ciencia, música, xornais deportivos e prensa en xeral. Farase unha introdución teórica sobre a presenza do sexismo nos medios de comunicación, especialmente na linguaxe.

Repartimos aleatoriamente entre o alumnado as revistas e xornais. O seu traballo consistirá en recoñecer o sexismo nos titulares que aparecen nos diferentes medios. Tras reflexionar sobre a mensaxe que lanzan e onde identifican o sexismo, terán que ofrecer unha alternativa a ese titular que non sexa discriminatorio e que represente con claridade a mensaxe real.

Unha vez feita a reflexión en grupo de forma participativa, o alumnado volverá a coller as revistas e prensa e, en parellas, analizarán o sexismo en cuestións como:

- » Número de noticias dedicadas a homes e a mulleres.
- » Lugar no que se publican, se é portada, primeiras páxinas, final.
- » Publicidade que aparece no medio.
- » Que imaxe representan as mulleres e cal os homes.
- » Sexismo noutros titulares.
- » Uso de linguaxe inclusiva e non sexista.
- » Tipo de preguntas que se realizan nas entrevistas a persoas dun sexo e doutro.
- » Importancia da indumentaria.

Para finalizar a actividade, poñeranse as conclusións en común. Crearase unha listaxe de normas básicas para que un medio non sexa sexista e sustente a discriminación en función do sexo.

De todas as novas, titulares, portadas e imaxes analizadas, procederase a calcular as seguintes porcentaxes en grupo, coas súas correspondentes conclusións desde unha rigorosa perspectiva de xénero:

- » Noticias de homes/Noticias de mulleres.
- » Portadas de homes/Portadas de mulleres
- » Imaxes de homes/Imaxes de mulleres.
- » Noticias con connotacións sexuais en homes/Noticias con connotacións sexuais en mulleres.
- » Titulares machistas/Titulares feministas.
- » Entrevistas a homes onde se lles pregunta pola súa vida familiar/Entrevistas a mulleres onde se lles pregunta pola súa vida familiar.
- » Publicidade ou novas que resaltan a importancia do físico en homes/Publicidade ou noticias que resaltan a importancia do físico en mulleres.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Poderíanse proxectar as novas na pantalla para toda a clase no canto de levar os recortes.

Para a selección de titulares pódese visitar o [Laboratorio de titulares, 60 exemplos de machismo y sexismo en prensa y publicidad](#) ou o perfil de Twitter das [Xornalistas Galegas](#)

Algunhas preguntas para a reflexión final:

- » Ofrecense os mesmos espazos na prensa a homes e a mulleres?
- » O trato xornalístico é o mesmo?
- » A linguaxe é sexista?
- » A publicidade é sexista?
- » A clase política utiliza a linguaxe non sexista? Se todos os partidos afirman non ser machistas, como poden non utilizala?
- » Contribúe a información á discriminación en función do sexo? E á brecha salarial, á masculinización e feminización de profesións e á violencia de xénero?



RECEITA 58

QUEN É?

Ingredientes	O xogo, as pantallas, a lingua e a escritura
Etapa educativa	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Dar ferramentas para que o alumnado sexa capaz de detectar o sexismo lingüístico.
- » Fomentar unha escritura e un uso da lingua máis igualitario.
- » Favorecer mentes críticas ante o sexismo na linguaxe e establecer sistemas de crenzas igualitarios e xustos.
- » Reflexionar acerca de como, sen ter conciencia, o uso sexista da linguaxe transmite un pensamento erróneo, incompleto ou confuso.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Encerado dixital
- » Caderno e bolígrafos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Expoñeremos na aula as seguintes adiviñas para que o alumnado tente resolvelas:

- » “González tiña un irmán, o irmán de González casou, pero o home que casou nunca tivo un irmán.
- » Dous xuíces falan dun xuízo: «Cal sería o veredicto do mozo que asasinou o seu pai?». Un dos xuíces di: «Eu deste caso non podo falar porque é o meu único fillo».
- » Unha balea grande e outra pequena. A balea pequena é filla da grande. Pero a grande non é nai da pequena. Quen é?
- » Sen que ningún dos xogadores metese un gol, gañamos o partido. Como é posible que o resultado fose de 5-1?
- » Se «o home inventou o lume». Tes a seguridade de que foi un home ou foi unha muller, ou un grupo, ou non se sabe? Estaría a información completa?

Visualizaremos os enigmas no encerado dixital e o alumnado deberá apuntar as respostas no seu caderno. Daremos tempo suficiente para que poidan pensalo con calma.

Despois, comprobaremos o número de acertos e reflexionaremos en grupo sobre a importancia de nomear para visibilizar. Explicarase en que consiste a linguaxe non sexista e igualitaria e achegaranse exemplos que permiten a comprensión completa da realidade.



FONTE: elaboración propia.

RECEITA 59

SEMÁFORO

Ingredientes	A lectura, a lingua, a escritura e o debate
Etapa educativa	Secundaria
Idade	12-16 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Distinguir de forma áxil o uso inclusivo ou sexista da lingua en diferentes textos e situacións.
- » Aprender alternativas que converten unha mensaxe sexista noutra inclusiva.
- » Motivar o alumnado a manexar os recursos lingüísticos que favorecen a igualdade.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Anacos de cartolina verde, amarela e vermella
- » Caderno e bolígrafos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Repartímoslle un anaco de cartolina verde, outro amarelo e outro vermello a cada alumna ou alumno. Mostraranse unha serie de enunciados (facilitados a continuación) e o alumnado levantará o cartón dunha determinada cor segundo o seu grao de acordo. Se cren que o enunciado é correcto, levantarán o cartón verde; se consideran que non está mal pero podería mellorar, o cartón amarelo e, se consideran que é incorrecto, o de cor vermella.

Un acerto puntuarase cun punto e un erro non se puntuará. Elixíranse dous representantes da aula que moderen e contabilicen os resultados. Ás persoas que consigan unha puntuación máis elevada, recoñeceráselles o nivel de dominio da linguaxe inclusiva e non sexista obtido.

Frases:

- » Os nenos e as nenas que saian ás once e media irán para o recreo.
- » A cidadanía ten a responsabilidade de actuar con civismo para favorecer unha boa convivencia.
- » Mañá irei ao cinema coas e cos colegas, espero que non chova.
- » Hai menores con expedientes disciplinarios que non entenden que con violencia non se resoven nunca os problemas, senón que se incrementan.
- » As conquistas do home supuxeron un gran cambio nas culturas daquel continente.
- » A secretaría do poder xudicial é rigorosa nos datos.
- » A fiscalía demostrou levar razón e a sentenza foille favorable.
- » Todos os membros do Congreso votaron a favor da proposta.
- » Onte deume cita a médica, logo fun nun autobús cun chofer moi amable e ao chegar á casa deime de conta de que deixara as chaves na consulta do otorrinolaringólogo.
- » Os docentes cumpren os obxectivos do plan de igualdade de forma impecable.

A continuación, realizaranse os cambios e correccións que se consideren oportunos naqueles enunciados que foron valorados coa cor amarela ou vermella.



CLAVES PARA O PROFESORADO

Solucións frases:

- » Os nenos e as nenas que saian ás once e media irán para o recreo. VERMELLA

(Hai que procurar eliminar os desdobramentos e, no caso de utilizalos, o feminino vai diante: O alumnado que saia ás once e media irá para o recreo ou as nenas e os nenos que saian as once e media irán ao recreo)

- » A cidadanía ten a responsabilidade de actuar con civismo para favorecer unha boa convivencia. VERDE

- » Mañá irei ao cinema coas e cos colegas, espero que non chova. AMARELA

(A frase é correcta, pero éo máis aínda se eliminamos o desdobramento as, os: Mañá irei ao cinema con colegas, espero que non chova).

- » Hai menores con expedientes disciplinarios que non entenden que con violencia non se resoven nunca os problemas, senón que se incrementan. VERDE

- » As conquistas do home supuxeron un gran cambio nas culturas daquel continente. VERMELLA

(Masculino excluín-te. As conquistas da raza humana supuxeron un gran cambio nas culturas daquel continente).

- » A secretaría do poder xudicial é rigorosa nos datos. VERDE

- » A fiscalía demostrou levar razón e a sentenza foille favorable. VERDE

- » Todos os membros do Congreso votaron a favor da proposta. VERMELLO

(Congresistas ao completo votaron a favor da proposta)

- » Onte deume cita a médica, logo fun nun autobús cun chofer moi amable e ao chegar á casa deime conta que deixara as chaves na consulta do otorrinolaringólogo. VERMELLO

(Onte deume cita a médica, logo fun nun autobús cun chofer moi amable e ao chegar á casa deime conta de que deixara as chaves na consulta de otorrinolaringoloxía).

- » Os docentes cumpren os obxectivos do plan de igualdade de forma impecable. VERMELLO

(O persoal docente cumpre os obxectivos do plan de igualdade de forma impecable).

Podes afondar sobre as regras de uso non sexista e igualitario da linguaxe nesta [ligazón](#).



FONTE: elaborada a partir de materiais de [INCLUDAPPS](#)

RECEITA 60

CONCURSAMOS

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Secundaria
Idade	12-18 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Adquirir vocabulario inclusivo para utilizar no día a día.
- » Procurar alternativas ao sexismo na linguaxe.
- » Motivar ao alumnado a manexar os recursos lingüísticos que favorecen a igualdade.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Cronómetro
- » Caderno e bolígrafos
- » Pantalla e proxector

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Realizarase unha introdución sobre a linguaxe inclusiva e sexista, sen dar demasiados exemplos. Explicaranse que son as palabras xenéricas (que inclúen a todas as persoas que conforman un grupo).

Despois da explicación de conceptos necesarios para a realización da actividade, créanse dous equipos co alumnado e sortéase cal será o primeiro en comezar.

Cada equipo deberá pór un exemplo dun xenérico que favoreza a linguaxe inclusiva e non sexista sen desdobramentos. Daránselle vinte segundos de tempo a cada equipo na súa quenda de palabra. A profesora ou pro-

fesor que dinamice a actividade dividirá o encerado en dúas partes e anotará os acertos de cada grupo por separado. Tamén pode ter un cronómetro físico ou proxectar un virtual co que contabilizar os vinte segundos que cada grupo ten para responder e de paso engadirlle máis emoción ao xogo. En cada quenda dirase un termo xenérico e pasarase a palabra ao equipo adversario.

No caso de nomear algunha palabra que non exista, anotárase un punto ao outro equipo. Xogarase o tempo necesario até constatar que ambos os grupos quedan sen recursos. O equipo gañador será o que maior puntuación consiga.



CLAVES PARA O PROFESORADO

A linguaxe non é unha creación arbitraria da mente humana, senón que é un produto social e histórico que inflúe na nosa percepción da realidade. Ao transmitirle socialmente ao ser humano as experiencias acumuladas de xeracións anteriores, o uso desa linguaxe condiciona o noso pensamento e determina a nosa visión do mundo. O que non se nomea non existe, polo que o uso exclusivo do masculino e a súa forma de condicionar e socializar a nosa realidade invisibiliza as mulleres.

Existen algunhas normas básicas para utilizar unha linguaxe inclusiva, aquí recóllense algunhas de las:

- » **Evitar o masculino xenérico.** Exemplo: os profesores > o profesorado. Exemplos de xenéricos: infancia, cidadanía, alumnado, profesorado, persoal, persoal técnico, persoal investigador, dirección, xefatura de estudos, decanato, presidencia, administración, xerencia, secretaría, equipo de mantemento, equipo de deseño, persoas maiores, criatura, grupo de menores, mocidade etc.
- » **Utilizar os pronomes «que»/«quen»** e o determinante «cada» en lugar de «o»/«aquele». Exemplo: o que cala outorga -> quen cala outorga.
- » **Facer uso de formas impersonais,** omitindo as formas do masculino para nomear. Exemplo: Entrada gratuíta para nenos menores de 12 anos > Entrada gratuíta para menores de 12 anos//Se o profesor pide os exercicios, debes entregalos > Se se solicitan os exercicios, debes entregalos.
- » **Evitar o uso sistemático dos pronomes «todos» e «algúns».** Exemplo: Como todos sabemos > Como sabemos.
- » **Cambiar o uso de pronomes e determinantes «moitos» e «poucos»** naqueles casos nos que se pode omitir o xénero. Exemplo: Moitos sabemos o que pasou > Sabemos o que pasou.

Podes afondar nestas regras nesta [ligazón](#).

FONTE: elaborada a partir de materiais de [INCLUIDAPPS](#).



RECEITA 61

RENOMEA O TEU CENTRO EDUCATIVO, RENOMEA A TÚA CIDADE

Ingrediente	O xogo
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	2 sesión de 50 minutos

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Un caderno ou folios
- » Bolígrafo
- » Pantalla
- » Proxector
- » Cartolinas
- » Rotuladores

OBXECTIVOS:

- » Distinguir de forma áxil o uso inclusivo ou sexista da lingua
- » Adestrar sobre posibles alternativas que convertan unha mensaxe sexista noutra inclusiva.
- » Motiva o alumnado a manexar os recursos lingüísticos que favorecen a igualdade.

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

SESIÓN 1:

O profesorado explicaralle ao alumnado que é a linguaxe sexista e a importancia da utilización da linguaxe inclusiva nas aulas, na prensa e na vida cotiá.

O alumnado distribuirase en grupos aos que se lles asignará unha zona do centro educativo. Cada grupo contará cun caderno e un bolígrafo para tomar nota. Deben ir lendo todas os carteis identificativos dos espazos, así como carteis, folletos anunciadores, graffitis etc.

Apuntarán todo aquilo que consideren sexista (tanto de uso da linguaxe como outras cuestións que chamen a súa atención) e o lugar que ocupa no centro.

Alternativa: todos os grupos poden revisar os mesmos lugares para que non escape nada e logo comparar os resultados (para iso sería preciso máis tempo).

Despois, na aula, comentaranse os achados e explicaranse as diferentes formas de sexismo detectadas. A continuación, guiarase o alumnado para que elabore carteis non sexistas, nos que utilicen a linguaxe inclusiva e que poidan colocar sobre os anteriores (ou incluso substituílos).

Anímase o alumnado a identificar, na súa cidade, vila ou aldea, igual que o fixeron no centro educativo, os carteis, mensaxes ou graffitis sexistas que atopen na rúa. Poden tomar nota nun caderno e tamén fotografar algúns dos exemplos. No caso de ter sacado fotografías, pídese que as coloquen nunha presentación e que garden ese arquivo nun lapis de memoria para presentar na aula.

SESIÓN 2:

Pregúntase sobre a tarefa encomendada, para valorar as expectativas previas, as dificultades e sensacións durante a realización. A continuación, o alumnado comentará as mensaxes que foi atopando na cidade, aldea ou vila. Ademais, aquelas persoas que sacaron fotografías poderán proxectalas.

En gran grupo, identificaranse as mensaxes sexistas e formularanse alternativas. Cada alumno e alumna elaborará mensaxes que poidan substituír as mensaxes sexistas. O resultado debaterase con toda a aula.

Explicaranse algunhas normas de uso da linguaxe non sexista, así como exemplos e recursos.



CLAVES PARA O PROFESORADO

O profesorado guiará a identificación da linguaxe sexista na cartalaría, graffitis e outras mostras achegadas polo alumnado. Fomentarse a reflexión e favorecerase a identificación doutras formas de sexismo como, por exemplo, a representación estereotipada de mulleres e homes (a vestimenta, actividades que realiza, características asociadas etc.).

Para afondar nos contidos teóricos sobre a linguaxe sexista e inclusiva, podes ir ao apartado de CLAVES PARA O PROFESORADO da receita CONCURSAMOS da páxina 134.



FONTE: elaboración propia.

Recetas para educación secundaria e bacharelato

Recetario VII: Análise crítica dos medios

RECEITA 62

ANALISTA TELEVISIVA

Ingredientes	As pantallas e o debate
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Analizar a influencia das teleseries nos modelos amorosos da xuventude.
- » Tomar conciencia sobre os modelos masculinos e femininos aos que está exposta a xuventude.
- » Realizar unha análise crítica sobre a influencia dos medios de comunicación nas relacións de parella.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Unha fotocopia por persoa da ficha de traballo
- » Encerado
- » Xiz

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Indícaselle ao alumnado que na próxima sesión (un prazo dunha semana) traerá cuberta unha ficha que contén as seguintes preguntas:

- » Teleserie ou programa de televisión que máis me gusta.
- » Por que me gusta?
- » Quen son os seus protagonistas?
- » Como son as mulleres que aparecen?
- » Como son os homes que aparecen?
- » Hai relacións de parella non heterosexuais?
- » Como son as relacións de parella que nos mostran?

Na seguinte sesión, recóllense as fichas e repártense entre o alumnado tentando que cada persoa lea unha diferente á súa. Anótanse no encerado as ideas clave que vaian saíndo, coa axuda dunha alumna ou alumno que se presente de forma voluntaria. Unha vez recollido o máis significativo, o alumnado colócase formando un círculo e procederase a un debate.

É importante que haxa unha persoa que modere e xestione a quenda de palabra, se é posible, de entre o alumnado. Tamén se elixirá a outra persoa para que vaia recollendo as conclusións. Ambas as persoas poden participar activamente no debate.

Por último, déixanse 10 minutos ao final, para expoñer as conclusións.

Posibles preguntas para o debate:

- » Pensades que as teleseries, programas, novelas... inflúen nas nosas vidas?
- » Por que? Como?
- » Por que credes que nos poden gustar?
- » Credes que representan os mozos e mozas do noso ámbito?
- » Son reais ou esaxeran?



RECEITA 63

QUE ME ESTÁS CANTANDO

Ingrediente	A música
Etapa educativa	Secundaria e bacharelato
Idade	12-16 anos e 16-18 anos
Tempo estimado	2 sesións de 50 minutos

OBXECTIVOS:

- » Analizar a violencia de xénero agochada tras as cancións.
- » Fomentar unha actitude crítica cara ás cancións que sosteñen formas de violencia.
- » Discutir sobre a influencia das cancións nas relacións de parella.

MATERIAIS E RECURSOS:

- » Retroucos de cancións
- » Folios e bolígrafos

BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Cada persoa da clase traerá o retrouso (versos ou parte que se repite) dunha canción que lle guste escrito nun folio. Esta tarefa pódese propoñer uns días antes de realizar a actividade para que todo o alumnado teña tempo de escribila.

A continuación, e para comezar con esta actividade, recóllense todos os folios coas cancións do alumnado. Despois, créanse grupos de 4 ou 5 persoas e mestúranse os folios que trouxeron. Repárteselle a cada grupo o mesmo número de retroucos de cancións que de persoas que o conforman, tentando, no posible, que sexan cancións de persoas distintas. Pode deixarse a posibilidade de que cambien a canción por outra, no caso de que ao repartilas haxa esa coincidencia entre a persoa que a escribiu e a que recibiu. Deixamos tempo para que analicen os retroucos e dialoguen sobre estas preguntas:

- » De que trata o retrouso?
- » Credes que existe algún tipo de violencia nel?
- » Pensarades antes nas cancións desde este punto de vista?
- » Trata dalgunha historia de amor?
- » Hai protagonistas nas cancións?
- » Se hai protagonistas: como vos imaxinades o seu físico e a súa forma de ser?

Seguidamente, faise unha posta en común con todos os grupos e analízase, un por un, as conclusións de cada unha das preguntas anteriores.

Tamén se poden iniciar outras preguntas para guiar o debate e a reflexión:

- » Cantas cancións tratan sobre amor de parella?
- » Fálase de parellas non heterosexuais nalgunha canción?
- » Cantas tratan sobre outros temas?
- » Cales son os temas máis recorrentes?
- » Existe violencia dalgún tipo nas cancións?
- » Inflúen as cancións á hora de namorarnos?

É recomendable abrir un espazo para descubrir outras cancións que conteñan mensaxes máis positivas sobre o amor. O alumnado pode buscar o vídeo e a letra das cancións que coñecen e amosarllas ao resto da clase.

Tamén se poden expoñer, por exemplo, cancións como «Contigo» de La Otra, dispoñible nesta [ligazón](#).



PARTE 6

Deseña a túa propia receita



Parte 6: Deseña a túa propia receita

A educación é un importante instrumento de transmisión de valores e é preciso intervir de forma explícita para propiciar o desenvolvemento integral do alumnado.

Neste sentido, esta guía pretende ser unha ferramenta de axuda para o profesorado, que contribúa a que a perspectiva de xénero estea presente na súa formación, na planificación do traballo para as aulas e nas propostas de orientación académica e profesional. Nas partes 4 e 5, preséntanse propostas de temas e actividades para traballar co alumnado e a continuación, na **parte 4, Deseña a túa propia receita**, seleccionamos unha serie de recursos de grande interese para a práctica coeducativa.

En **Deseña a túa propia receita** procúrase que o profesorado sexa quen de, utilizando os recursos seleccionados, crear as súas propias receitas para desenvolver nos grupos de intervención, adaptándose ás necesidades e inquiredanzas do alumnado. Tamén neste apartado, pódese acceder a unha listaxe de xogos cooperativos e non sexistas que poden ser utilizados de forma transversal nas diferentes actividades desenvolvidas nas aulas.

Os recursos están clasificados, para facilitar o labor do profesorado, en xogos non sexistas, recursos web, documentos e guías, materiais audiovisuais e música. Pola súa vez, indícanse as etapas educativas ás que están dirixidos os recursos. Hai recursos que son válidos para todas as etapas educativas.

Esta selección non esgota as posibilidades, pero introdúcenos nunha tipoloxía variada de recursos que poden enriquecer o labor docente.

Non é o mesmo programar unha área que programala desde a perspectiva de xénero. Non é o mesmo planificar un proxecto educativo que un proxecto coeducativo. Por iso, queremos facilitar un tipo de recursos que teñan en conta unha perspectiva igualitaria, non discriminatória e superadora dos estereotipos nesgados polo xénero.

Animámoste a que indagues nas páxinas web, libros, guías, vídeos e música que recomendamos, para seguir debullando o nobelo e creando receitas coeducativas.



6.1. Xogos non sexistas

Na actualidade, as persoas estamos inmersas nunha sociedade dominada pola ética da competición, onde o egoísmo, a vitoria e o logro persoal predominan sobre calquera outra cousa. Por esta razón, a elección do xogo cooperativo como medio para eliminar os estereotipos de xénero é un gran recurso, non só para a exploración e o desenvolvemento, senón para fomentar unha serie de valores como a igualdade e a non discriminación dentro do grupo de alumnas e alumnos.

O xogo cooperativo é a mellor vía para abordar aspectos como a resolución de conflitos, o fomento de valores (axuda, colaboración, igualdade) e o traballo en equipo. Desta forma, poderemos conseguir unha cultura de paz, tolerancia, cooperación e solidariedade.

Os xogos cooperativos permiten, ademais, traballar algúns obxectivos que entroncan coa coeducación, como son:

- » Favorecer a aparición de valores como a cooperación, o respecto, o diálogo, a axuda e o traballo en equipo a través do xogo.
- » Diminuír os estereotipos de xénero e as condutas agresivas e de rexeitamento dos rapaces cara ás rapazas.
- » Aumentar a participación activa de todo o alumnado durante as clases de educación física, sobre todo daquelas persoas máis rexeitadas polo seu xénero ou polo seu menor nivel de competencia motriz.

Son innumerables os xogos deste tipo e nesta guía sinálanse algúns exemplos a modo de compendio de recursos para xerar momentos de distensión co alumnado de infantil e primaria e tamén de secundaria e bacharelato.

Este tipo de xogos pode ser desenvolvido en calquera grupo de idade e funcionar como dinámicas de distensión, para mellorar o clima grupal ou fomentar a confianza. Aínda que non traballan de maneira explícita un contido ou temática concreta, son xogos que permiten, de maneira transversal, fomentar os valores igualitarios.



Tendo en conta todo isto, o receitario de xogos non sexistas non seguirá a estrutura de receita, tal e como se explicou no punto 3.1 do apartado «Elixer a túa receita».

- » **Os abrazos:** moverse libremente seguindo o ritmo da música e, cando esta pare, abrazar un compañeiro ou compañeira.
- » **As caricias e masaxes:** colocarse por parellas, cunha música suave ir acariñando o corpo do compañeiro ou compañeira. Pódense realizar diferentes tipos de masaxes: apertar, fregar, amasar, usar as xemas dos dedos, as palmas etc.
- » **A estatua:** por parellas, un neno ou nena é o que esculpe, o outro ou outra, a bóla de barro. Quen esculpe irá modelando lentamente e converténdoa nunha estatua.
- » **A máquina:** por parellas ou tríos o alumnado ten que falar, negociar e decidir a maneira na que poden converterse nunha máquina. Para iso han de ter en conta os movementos, sons, conexións etc. Unha vez decidido, representan a súa versión da máquina, acompañada dos diferentes sons e tipos de movemento acordados.
- » **Desprazamentos:** a rapazada propón diferentes formas para desprazarse pola aula, sempre en parellas: saltando con pés xuntos, a pé manco, correndo, camiñando cara atrás, rodando, ao carrello, unha persoa tombada e outra tirándolle dos pés ou dos brazos, á carretilla... Non poden soltarse, nin mancase. Cando unha persoa do grupo propón un movemento, faino e o resto repite.
- » **O tren:** fórmanse grupos de seis persoas, un neno ou nena é maquinista e irá cos ollos abertos; as demais persoas serán os vagóns e camiñarán con ollos pechados, seguindo o percorrido. Quen fai de maquinista será quen guíe o grupo.
- » **O verme:** fórmanse grupos de seis alumnos/as que deberán desprazarse pola aula como un verme. Para iso deben sentar en fila, coas pernas abertas e agarrando á compañeira ou compañeiro pola cintura. Para desprazarse, deben coordinarse e ir avanzando polo chan.
- » **A torre:** dispóñense varios bancos suecos pola aula. Os nenos e as nenas corren libremente polo espazo ao ritmo da música e, cando o profesor ou a profesora grita «á torre!», deben subirse aos bancos suecos. Ninguén debe quedar sen sitio, polo que teñen que buscar a maneira de que todas e todos suban.
- » **Fronte con fronte:** por parellas, a profesora ou profesor irá nomeando partes do corpo e os nenos e nenas uníranas; fronte con fronte, nariz con nariz, ollo con ollo, costas con costas etc.
- » **Os xornais:** dispóñense numerosas follas de xornal pola sala. O alumnado móvese ao ritmo da música e, cando se fai o silencio, colócanse sobre un xornal. Repítese en varias ocasións, pero en cada rolda vanse quitando follas e o alumnado debe colocarse enriba das que van quedando. Chegará un momento no que só quede unha folla, na que deben entrar todas e todos. Esta actividade tamén se pode facer con aros.
- » **As cadeiras musicais:** a mesma dinámica do xogo anterior, pero con cadeiras, todo o alumnado debe sentar nas cadeiras que van quedando. Nesta versión, pódense sentar varias persoas nunha mesma cadeira.

- » **Pasar a masaxe:** o alumnado está colocado en círculo de pé e o profesor ou profesora pasa unha masaxe (aperta, frega, acariña etc.) nunha parte do corpo á persoa que teña á beira e esta pásalla ao seguinte e así sucesivamente.
- » **A ponte:** colócase un banco sueco e dúas persoas crúzanse á vez, cada unha por un lado. No momento no que se atopen no centro, deben tentar cruzarse e continuar sen caer. Pinto a música: cólgase papel continuo nunha parede e colócanse bandexas con pintura, pinceis, brochas, esponxas, rodets etc. Fórmanse varios grupos de nenos e nenas e, cando soa unha música, un grupo pinta con algún dos útiles anteriores e, cando para, sentan; cando soa novamente, sae outro grupo, utilizan outros útiles e continúan pintando, así sucesivamente até que se dá por finalizado o mural.
- » **Construcións en grupo:** dáselle unha indicación ao grupo de que ten que realizar unha construción suxerida (unha casa, unha cidade, unha ponte) ou libre. Para facelo só poden utilizar o material que se ofrezca (material sinxelo e reutilizado). Para a construción conxunta, terán que negociar previamente, colaborar, dialogar, actuar e introducir melloras. Unha vez realizada a construción, poderán presentala e comentar como se sentiron durante o proceso
- » **Bailando cun obxecto:** pódese poñer unha música e animar o alumnado a bailar por parellas, cun obxecto entre ambas as persoas (un boneco, unha pelota, un folio etc.). Este obxecto pode irse desprazando por diferentes zonas do corpo (a barriga, as costas, a cabeza) e procurando que non caia.

6.2. Recursos web

Educación infantil e primaria

- » [Nahiko](#). Programa coeducativo de Emakunde dirixido ao alumnado de primaria para a sensibilización e prevención da violencia contra as mulleres, mediante a educación en valores para a convivencia en igualdade. Tendo os dereitos humanos como base, con especial aplicación na vida cotiá, realízase unha análise crítica dos roles de xénero nos que se socializa o alumnado.
- » [Os Bolechas pola igualdade](#). O material inclúe un libro dos Bolechas, unha unidade didáctica e un caderno para traballar co alumnado, que pode ser descargado ou visualizado na web. A unidade didáctica está pensada para traballar a coeducación e a educación en igualdade nas aulas de educación infantil e primaria.

Educación secundaria e bacharelato

- » [Xénero nos ollos](#). Estratexias para educar con (e pese ás) fotografías dos materiais curriculares. Web con material en formato dixital e interactivo elaborado polas profesoras da Universidade de Vigo Ana Rey Cao e Alba González Palomares. O material baséase na análise de preto de 10.000 fotografías publicadas en libros de texto de Educación Física entre os anos 2000 e 2011.

Educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato

- » [Red de Escuelas de Ciudadanía](#). Un espazo creado pola Fundación CIVES no que atopar experiencias pedagóxicas, publicacións e artigos para traballar a coeducación nas diferentes etapas do alumnado.
- » [Educando en igualdad](#). Un espazo web creado por FeSP-UXT para ofrecer as distintas contribucións que persoas expertas, comunidade educativa e organizacións non gobernamentais achegan no camiño á igualdade.
- » [Educación en igualdad](#). Recursos educativos para a igualdade e prevención da violencia de xénero. Un proxecto creado pola Fundación Mujeres que conta con recursos educativos para a igualdade e a prevención da violencia machista.
- » [MATERIAIS coeducativos](#). Asociación per la Coeducación. Relación de materiais coeducativos editoriais e audiovisuais recomendados para os niveis educativos de infantil, primaria e secundaria.
- » [Calendarios: tempo de mulleres, mulleres no tempo \(2011-2021\)](#). Espazo web cos calendarios elaborados pola Secretaría da Muller STEG. Inclúe propostas didácticas e de actividades que xiran arredor do campo artístico, intelectual, científico, activismo etc. das mulleres elixidas cada ano.
- » [Glosario feminista para principiantes](#). Un sinxelo glosario para traballar nas aulas cos termos desenvolvidos pola teoría feminista.

6.3. Documentos e guías

Educación infantil e primaria

- » Ferreiro Díaz, L. (coord.) (2010). [Coeducación afectivo-emocional e sexual](#). Xunta de Galicia. Unha guía que ofrece recursos para a intervención coeducativa no ámbito afectivo-emocional e sexual en educación infantil e primaria.
- » Ana Magallanes (2018). [Unidad didáctica: Las aventuras de Minicornio](#). Instituto Andaluz da Muller. Conto coeducativo que trata de forma normalizada todos os aspectos necesarios para que o alumnado creza e aprenda en igualdade, sen estereotipos de xénero e con modelos de conduta non discriminatorios e exentos de violencia.
- » Instituto Asturiano da Muller (2011). [Yo cuento, tú pintas, ella suma. Educación para la igualdad y la salud en primaria](#). Instituto Asturiano da Muller. Consellaría de Saúde e Servizos Sanitarios. Consellaría de Educación e Ciencia. Un material dirixido a educación primaria, con actividades, ideas e suxestións para integrar na práctica docente, unha perspectiva coeducadora nas diferentes materias.
- » Sole Puche Díaz (2020). [¿QUÉ LLEVO EN MI MOCHILA? Guía de coeducación para el profesorado de infantil y primaria](#). Concello de Aspe. Propostas prácticas para o profesorado, co obxectivo de coeducar nas súas aulas transversalmente a través dos pequenos xestos do día a día.

- » Cristina Calvo Alamillo (coord.)(2016). [Guía didáctica: La princesa que no quería ser rescatada](#). Fundación Mujeres. A actividade que propón esta guía xira arredor da construción conxunta dun conto a través dun xogo no que nenos e nenas tratarán, en primeiro lugar, de entender que ocorre nas ilustracións que colorean, continuando coa explicación do conto e concluíndo cunha conversa sobre o que lles pareceu.
- » Yolanda Pesquero Rubio e Gema Otero Gutiérrez (2014). [Superlola: conto e guía didáctica](#). Instituto Andaluz da Muller. O conto como elemento lúdico e educativo, acompañado dunha guía didáctica con exercicios para os ciclos de infantil e primaria. Superlola é a protagonista deste conto, unha nena valente, decidida, que quere ser partícipe de todo e cre que todas as nenas e nenos poden vivir e cumprir os seus soños. Tamén dispoñible o vídeo nesta [ligazón](#).
- » Rosario Carrasco Tristanchó (2010). [Propuesta de intervención en materia de coeducación y prevención de la violencia de género](#). Instituto Andaluz da Muller. Material didáctico dirixido ás etapas de infantil e primaria que ten por obxectivo informar sobre as causas que desencadean a violencia de xénero e ofrecer as pautas para actuar na súa prevención desde o ámbito educativo.
- » Cabido Insular de Tenerife (2005). [Coeducación a través de la lectura](#). Área de Xuventude, Educación e Muller do Cabido Insular de Tenerife. O material achega algunhas consideracións sobre a coeducación arredor da narrativa infantil e xuvenil e o seu aproveitamento para lograr unha educación en igualdade libre de estereotipos. Neste documento, propóñense actividades e un amplo catálogo de títulos para as etapas de educación obrigatoria.
- » Rosa María Monsoriu Martí (2020). [Educación literaria como recurso para trabajar la coeducación en primaria](#). Universitat Jaume I. Exemplifica como se lle pode sacar partido a un recurso dispoñible, como son os contos, e como usalos para traballar e desenvolver o pensamento crítico no alumnado.
- » Equipo Ágora. Concello de Camargo. [Guía didáctica para la coeducación y la prevención de la violencia de género en educación infantil](#). Nesta guía avógaase por incluír en todas as etapas educativas a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, incluíndo ademais nos currículos escolares, os valores da diversidade e a tolerancia.

Educación secundaria e bacharelato

- » Fundación Mujeres (2007). [Rompiendo esquemas. Programa de orientación académica y profesional](#). Instituto Asturiano da Muller. Modelo de orientación académica e profesional en educación secundaria que desenvolva no alumnado a capacidade de escoller sen nesgos de xénero.
- » Deputación Provincial de Xaén (2014). [Graduando violencias cotidianas. Las construción social de las relaciones amorosas y sexuales en la adolescencia](#). Investigación-intervención para detectar as formas de sexismo e violencia amoroso-sexual experimentadas na poboación adolescente.
- » Instituto Andaluz da Muller (2019). [¿Piensas como hablas? Guía didáctica para un uso igualitario del lenguaje](#). Guía que inclúe pautas para favorecer a práctica escolar inclusiva e equitativa a través dun uso non sexista e igualitario da linguaxe.

- » Proxecto Equal Vía Verde para a Igualdade (2007). [Guía práctica de coeducación para el profesorado. Caderno de actividades: secundaria](#). Proposta de 41 dinámicas que se poden realizar na aula co alumnado de educación secundaria para facilitar a comprensión dos roles de xénero e propiciar a reflexión de como se asignan desde o nacemento.
- » Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (2015). [Guía didáctica. De los cortometrajes «encuentra el verdadero amor» para prevención de la violencia de género](#). Actividades e recursos pedagóxicos para, a través da visualización dunhas curtametraxes, reflexionar sobre a violencia de xénero, a importancia dos primeiros sinais, a rotura do silencio e a construción de relacións igualitarias.

Educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato

- » Secretaría Xeral da Igualdade (2021). [Guía coeducativa para os centros escolares de Galicia](#). Xunta de Galicia. Dividida en tres capítulos centrais, o primeiro ten como obxectivo sensibilizar ante o sexismo presente na sociedade e na escola; o segundo trata de responder a pregunta Como levo a igualdade á miña aula?; e o terceiro céntrase na educación emocional e a coeducación afectiva como ferramenta para erradicar e previr a violencia de xénero na sociedade.
- » Secretaría Xeral da Igualdade, Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil GÁLIX (2019). [Guía de literatura infantil e xuvenil para a igualdade](#). Guía de libros que presentan contidos que teñen que ver co apoderamento das mulleres, a repartición das tarefas no fogar, a ruptura cos estereotipos sexistas ou a visibilización das mulleres ao longo da historia. As lecturas están divididas en tres tramos: de cor verde até os 8 anos, de cor vermella até os 12 anos e de cor azul a partir dos 12 anos. Cada libro vén acompañado dunha sinopse, temas relacionados e varias actividades para realizar co alumnado.
- » AS-PG e CIG-Ensino. [Coeducación. Alicerce do ensino](#). Recolle experiencias prácticas levadas a cabo recentemente no ensino público galego sobre coeducación. Tamén inclúe catro capítulos de carácter máis teórico de autoras como Mariam Moreno, Kika Fumero, Carmen Ruíz e María Rúa, todas elas especialistas na materia.
- » AS-PG e CIG-Ensino. [Tecendo redes de igualdade](#). Un libro de artigos no que se debulla polo miúdo o mito do amor romántico, se fai unha análise do sexismo no deporte, nos mass media e na publicidade. Tamén se abre o debate arredor de cal é actualmente o papel das mulleres no espazo urbano, se poñen en evidencia moitos micromachismos existentes na sociedade ou se afonda na realidade do mercado laboral feminino.
- » Consellaría de Educación. Junta de Andalucía (2006). [Guía de buenas prácticas para favorecer la igualdad entre hombres y mujeres en educación](#). Recursos para traballar na escola pola coeducación con orientacións, actividades e propostas metodolóxicas.
- » Susana Guerrero Salazar. Instituto Andaluz da Muller. [¿Piensas como hablas? Guía didáctica para un uso igualitario del lenguaje](#). Guía sobre linguaxe igualitaria dirixida ao alumnado de educación secundaria, ciclos formativos e bacharelato.
- » Carmen Ruiz Repullo. [Estrategias para educar en y para la igualdad: coeducar en los centros](#). Publicado en Atlánticas: revista internacional de estudos feministas. Artigo que analiza a coeducación como modelo pedagóxico.

6.4. Material audiovisual

Preme sobre os títulos que aparecen a continuación e poderás acceder directamente aos vídeos.

Educación infantil e primaria

- » [Un ratón en venta](#): curtametraxe animada que ensina valores como a tolerancia e o respecto ás diferenzas.
- » [El hombre orquesta](#): curtametraxe animada de Pixar na que se tratan valores como a colaboración, o traballo en equipo ou as consecuencias da rivalidade.
- » [The Birds](#): curtametraxe de Pixar que trata valores como a importancia de compartir, a tolerancia, a diversidade e a inclusión.
- » [El puente](#): curtametraxe animada que ensina valores como a colaboración, a importancia da comunicación e a ineficacia da violencia.
- » [La oveja esquilada](#): curtametraxe animada de Pixar que transmite a idea da importancia de non centrarse unicamente no aspecto exterior para incidir en que a valía dunha persoa está no seu interior.
- » [Compañerismo](#): curtametraxe que reflicte a importancia e necesidade de que en todas as aulas ou grupos reine o compañeirismo e respecto polas demais persoas.

Educación secundaria e bacharelato

- » **Persépolis**: recurso valioso para traballar a través do cómic e do cinema a construción do pensamento propio e a adquisición dun punto de vista crítico cara á discriminación que sofren as mulleres en distintas partes do mundo. Existe unha unidade didáctica dispoñible nesta [ligazón](#). Tamén hai dispoñible unha ligazón para [acceder ao cómic](#) e á [película](#).
- » [Taboleiro de Pinterest sobre cine e xénero](#): recursos cinematográficos para traballar sobre a igualdade de xénero organizados por temáticas máis concretas: dereitos, estereotipos, sufraxismo, discriminación laboral etc.
- » [He named me Malala](#): película que narra a historia da activista paquistaní Malala Yousafzai, gañadora do Premio Nobel da Paz. Malala foi sinalada como obxectivo dos talibáns e sufriu grandes feridas. Este ataque provocou a protesta das persoas que a apoiaban en todo o mundo. Malala é unha destacada defensora da educación das nenas en todo o mundo.
- » [Vídeo consentimento](#): vídeo ilustrado no que se explica o consentimento sexual e aclara o debate sobre a expresión de «non é non». Para explicalo fai unha analogía entre unha cunca de té e unha relación sexual.

6.5. Música

- » [Músicas Galegas Ilustradas](#): un proxecto ideado e levado a cabo por Laura Romero, que nace da mestura das facetas da súa autora e se crea co principal obxectivo de lles dar visibilidade ás mulleres músicas de Galicia (galegas ou referentes a Galicia) mediante ilustracións.
- » [NO SIGNIFICA NO](#) | Contra la violencia de género: un rap en contra das violencias machistas e as discriminacións de xénero.
- » [Jóvenes Contra el Machismo](#): o grupo feminino de rap A Ira canta contra o machismo nas aulas.
- » [Mafalda - LAS QUE FALTARON](#) con Rebeca Lane: canción sobre a invisibilización das mulleres na historia.
- » [Chicos y Mendez feat. Flavia Coelho - Reggaetón Feminista](#): peza musical que ofrece unha alternativa ás mensaxes típicas das cancións e pon o foco no respecto e os valores igualitarios.
- » [TREMENDA JAURÍA - Tu no eres mi papi 2.0](#) // feat. Tribade & Mafalda: composición que fala sobre a independencia das mulleres e critica as cancións que reafirman mensaxes estereotipadas.
- » [Zer Izan LETRA \[Traducida/Translated\] - Huntza ft Mafalda & Tremenda Jauría](#): canción en éuscaro (con versión da letra en español) na que se pon énfase na liberdade das mulleres a dicir e facer o que queiran e como queiran.
- » [El Diluvi - E ti, só ti \(con SÉS\)](#): canción con mensaxes que poñen énfase nas mulleres libres, emancipadas, loitadoras e indómitas.
- » [Chocolate Remix - Ni una menos](#): canción reivindicativa que denuncia o gran número de casos de violencia de xénero e a culpabilización da vítima.

PARTE 7

Anexo Vocabulario básico para coeducar



Parte 7: Anexo

Vocabulario básico para coeducar

Acción positiva

Tratamento preferente transitorio que ten como finalidade establecer unha igualdade real e efectiva, compensando ou corrixindo os efectos da discriminación pasada e presente. A súa aplicación ao ámbito educativo supón a incorporación de valores, habilidades e coñecementos adxudicados tradicionalmente a un e outro xénero, rompendo así o desequilibrio e limitacións existentes para homes e mulleres.

Afectividade

Capacidade das persoas para responder ante os estímulos (internos ou externos) e cuxa principal manifestación son as emocións ou os sentimentos. Tamén pode referirse ás mostras de amor que unha persoa lle brinda a outra.

Análise desde a perspectiva de xénero (enfoque de xénero)

Supón estudar e examinar a realidade tendo en conta as condicións, situacións e necesidades respectivas de mulleres e homes, nun momento e contexto social determinados.

Este enfoque ten como obxectivo detectar aqueles aspectos que sustentan ou motivan a desigualdade entre homes e mulleres, así como posibles discriminacións, á vez que facilita información para intervir e impulsar os cambios necesarios para a súa eliminación.

Androcentrismo

Punto de vista que sitúa o home no centro e a muller na periferia, considerando unha suposta superioridade masculina. Enténdese o masculino como a medida de todas as cousas. O androcentrismo constitúe unha visión parcial do mundo que conduce a pensar que o que é bo para os homes é bo para a humanidade e a crer que a experiencia masculina inclúe todas as experiencias humanas.

A visión androcéntrica do mundo é unha forma de sexismo, que posúe a maioría dos seres humanos, homes e mulleres, que se educaron nesta visión e que non puideron subtraerse dela.

Apoderamento das mulleres

Termo acuñado na Conferencia Mundial das Mulleres en Beijing para referirse ao aumento da participación das mulleres nos procesos de toma de decisións e acceso ao poder. Actualmente esta expresión leva tamén outra dimensión: a toma de conciencia do poder que individual e colectivamente posúen as mulleres e que ten que ver coa recuperación da propia dignidade destas como persoas.

Coeducación

Educación centrada nas alumnas e nos alumnos considerados ambos os dous como grupos con igualdade de dereitos e oportunidades. É unha educación que tenta superar o androcentrismo dentro da escola mixta, que rompe o sistema de xénero, o rol e estereotipo, tanto no currículo oculto como no académico para lograr que o alumnado se socialice e instrúa segundo as súas aptitudes e inclinacións.

Conciliación da vida persoal, familiar e laboral

Estratexia para compatibilizar o espazo persoal, familiar e laboral e equilibrar o uso dos tempos da vida de cada persoa en función das súas obrigas, necesidades e prioridades.

Conciliar a vida persoal, familiar e laboral é un dereito e unha condición fundamental para garantir a igualdade entre mulleres e homes.

Corresponsabilidade

Asunción equitativa por parte de mulleres e homes das responsabilidades, dereitos, deberes e oportunidades asociados ao ámbito do doméstico, da familia e dos coidados.

Currículo formal

O currículo proposto concibe a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na súa estruturación metodolóxica en canto a fins, recursos, técnicas e condicións contextuais académicas e administrativas.⁶

Currículo integrador de xénero

É o currículo que recolle a experiencia e os intereses de ambos os sexos. As nenas e as mulleres deixan de estar na periferia e pasan a ocupar o centro con igualdade de dereitos, como os nenos e os homes.

Currículo oculto

Refírese ás leccións, valores e perspectivas non escritas nin oficiais, a todo o que existe detrás e en paralelo ao proceso pedagóxico, contraponéndose á noción do currículo formal, polo feito de que non está incluído nos plans de estudos nin na normativa importante do sistema institucional. Pola contra, o currículo oculto deriva de certas prácticas institucionais que, con todo, poden ser talvez máis efectivas para a reprodución de condutas e actitudes.⁷

6 SUÁREZ SALGAS, Virgilio. *El curriculum oculto como estrategia académica*. www.monografias.com

7 SUÁREZ SALGAS, Virgilio. *El curriculum oculto como estrategia académica*. www.monografias.com

Currículo oculto de xénero

Defínese como o conxunto interiorizado e non visible, oculto para o nivel consciente, de construcións de pensamento, valoracións, significados e crenzas que estruturan, constrúen e determinan as relacións e as prácticas sociais de e entre homes e mulleres.⁸

Desigualdade social

Existencia de oportunidades desiguais para as persoas ou grupos que inflúen negativamente nas súas oportunidades e no seu estado de saúde. En contraposición ás diferenzas, as desigualdades son inxustas e evitables.

Discriminación

Discriminación non é o mesmo que desigualdade e comprende todos aqueles casos nos que unha persoa é tratada de forma prexudicial pola súa pertenza a un grupo concreto e non sobre a base da súa aptitude ou capacidade individual. Pode existir discriminación aínda no caso de que non haxa un tratamento formalmente desigual.

División sexual do traballo

Consiste na diferenciación que se fai sobre as actividades que deben realizar as mulleres e as que deben realizar os homes, adxudicando diferentes espazos en función do sexo, correspondendo fundamentalmente ás mulleres desenvolver a súa actividade no ámbito doméstico (espazo privado), considerado como reprodutivo, e aos homes no ámbito público, considerado como produtivo.

Dobre xornada

Sobrecarga de traballo que realizan as mulleres como consecuencia da desigual repartición de tarefas entre os sexos. Isto lévaas a ter que realizar o traballo doméstico tras acabar coas responsabilidades que derivan do traballo remunerado, o que fai que teñan unha dobre xornada e mesmo, ás veces, tripla.

Equidade

Principio co que se recoñece a asignación dos recursos da maneira máis equitativa posible, en coherencia coa procura dun desenvolvemento sostible e xusto, o que supón facilitar o acceso prioritario ás mulleres que se atopan en situacións de vulnerabilidade e desvantaxe social.

8 LOVERING DORR, Ann e SIERRA, Gabriela: *El currículum oculto de género*

Espazo persoal

O concepto de «espazo persoal» refírese explicitamente á distancia física entre dúas persoas que interactúan, a cal pode ser medida en metros e en centímetros. Desta forma configúranse varios tipos de distancia interpersonal.

Podemos distinguir catro tipos de distancias zonais en función da distancia coa outra persoa:

- » **Zona íntima:** sitúase entre os 15 e os 45 cm. É a distancia zonal máis importante e é a que unha persoa coida como a súa propiedade. Só se permite a entrada a quen está moi preto da persoa en forma emocional como a parella, as mascotas, os amigos íntimos e a familia próxima, é dicir, é o tipo de espazo reservado ás persoas coas que se goza de maior intimidade e confianza. Esta proximidade permite que a comunicación se poida realizar mediante a mirada, o tacto ou o rozamento. É a distancia na que teñen lugar as confidencias e as prácticas amorosas.
- » **Zona persoal:** sitúase entre os 45 e 120 cm. É a zona que existe se estiramos o noso brazo e este tipo de espazo persoal é o que se mantén durante as reunións de traballo, conversacións, reunións ou festas. Nesta distancia, a vista empeza a ter un papel máis preponderante e aínda que poida aínda influír algúns sentidos (olfacto), estes pasan a un segundo plano. A linguaxe non verbal adquire un papel fundamental. Esta é a distancia na que se dá a interacción entre amizades e as conversacións entre persoas coñecidas.
- » **Zona social:** sitúase entre 1,2 e 3,5 metros. É a gran distancia que mantemos cando imos tratar con persoas descoñecidas ou coas persoas coas que non temos ningún tipo de relación de amizade. É a distancia para os contactos sociais de carácter formal, reunións de negocios ou festas de compromiso. O contacto físico é totalmente formal (por exemplo, darse a man), o ton de voz é máis elevado e a actitude ante a interacción é máis distante.
- » **Zona pública:** sitúase entre os 3,5 e os 7 metros (ou máis). É a distancia ideal para dirixirse a un grupo de persoas. Dáse en conferencias fronte a un auditorio, clase de estudantes, presentacións de traballos e charlas. A vista e a voz teñen un papel preponderante, aínda que sen poder percibir pequenos detalles, xestos ou modulacións significativas. É a distancia para as audiencias, as exposicións e os discursos.

Espazo privado

Enténdese por espazo privado o lugar doméstico e familiar, de coidado e atención a outras persoas. Espazo de reprodución e do traballo non remunerado e invisible.

Espazo público

O espazo público é un lugar compartido e aberto, no que as persoas interactúan e se relacionan. Espazo no que, habitualmente, se levan a cabo os traballos remunerados e as actividades de ocio.

Estereotipos de xénero

Conxunto de crenzas estruturadas sobre supostos atributos «naturais» de mulleres e homes. Cada sociedade establece os seus patróns masculinos e femininos como normas culturais.

Os estereotipos carecen de obxectividade e xustifican as actitudes e condutas sociais cara a grupos concretos. Os valores e papeis marcados pola sociedade para os homes e as mulleres son interiorizados e condicionan a conduta e os comportamentos das persoas. Exemplos de estereotipos:

- » **Atributos masculinos:** autonomía no público, a agresividade, o poder, a capacidade técnica, a habilidade espacial, a racionalidade, a forza física, a autoridade, a decisión, a torpeza emocional, a incapacidade para o detalle, a violencia, a dominación, a inflexibilidade...
- » **Atributos femininos:** autonomía no privado, a sensibilidade, a delicadeza, a habilidade emocional, a xenerosidade, a capacidade para o coidado, a habilidade para a comunicación, a fluidez verbal, a capacidade de sedución, a torpeza técnica, o pensamento moi concreto, a debilidade, a submisión, a subordinación ou a escasa habilidade espacial.

Feminismo

Movemento social e político que defende a igualdade de oportunidades e de resultados entre mulleres e homes. En Europa atopamos as súas raíces no século XVIII durante a Revolución Francesa. Supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano e da opresión, a dominación e explotación do que é obxecto no seo do patriarcado.

Fenda salarial

A fenda salarial é a diferenza existente entre os salarios percibidos polos homes e os salarios percibidos polas mulleres. Calcúlase a diferenza entre o salario medio bruto dos homes e o salario medio bruto das mulleres e esta cifra divídese entre o salario medio bruto dos homes. Este resultado multiplícase por 100, de modo que dá lugar a unha porcentaxe, que é o que se coñece como fenda salarial de xénero.

Igualdade

A igualdade defínese como unha relación de equivalencia. Se todas as persoas teñen o mesmo valor, dereitos e deberes, ningunha pode recibir privilexios nin prexuízos polas súas características persoais (coas que nace ou adquire ao longo da vida). O principio de igualdade ten unha dobre acepción:

- » Igualdade formal, ante a lei.⁹
- » Igualdade esencial ou real, participación plena de todas a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.¹⁰

Igualdade de xénero

Aceptación e valoración por igual das diferenzas entre mulleres e homes, así como dos distintos papeis/roles que xogan na sociedade. Significa que mulleres e homes poden participar e teñen o mesmo poder e a mesma consideración social para tomar decisións. Engloba a igualdade de dereitos, responsabilidades e oportunidades das mulleres e dos homes, das nenas e dos nenos.

Igualdade de oportunidades

Principio ético polo que o poder político, implicando a toda a sociedade, persegue garantir o desenvolvemento das persoas e o seu acceso aos bens materiais e persoais, non limitados por ningunha clase de discriminación directa ou indirecta.

Invisibilidade

Ao longo da historia as mulleres e as súas achegas foron negadas e ocultadas. A historia da humanidade construíuse desde a visión androcéntrica do mundo que exclúe as mulleres, chegando a nin tan sequera nomealas. Esta invisibilidade das mulleres débese á desigualdade entre homes e mulleres que parte da superioridade dos uns sobre as outras. Para cambiar este mundo androcéntrico e patriarcal, é necesario recuperar a historia das mulleres, tanto no que se refire a mulleres singulares como a todas as achegas que as mulleres fixeron desde as súas distintas miradas e realidades cotiás.

Linguaxe inclusiva

Aquela linguaxe que non exclúe a ningún (mulleres ou outros colectivos discriminados por discapacidade, diferenza funcional...).

Temos que diferenciar entre linguaxe non sexista e linguaxe inclusiva. O primeiro busca evitar que as discriminacións machistas a través da lingua se reproduzan, mentres que o segundo non se limita ás mulleres, senón que busca incluír a outros colectivos. Son valores independentes, polo que pode ser non sexista e non inclusivo ou inclusivo e sexista.

9 Artigo 14 da Constitución española.

10 Artigo 9.2 da Constitución española.

Linguaxe sexista

Código de comunicación que invisibiliza as mulleres e que pode provocar a súa infravaloración ou ridiculización, pero que en todo caso as subordina. Prodúcese, principalmente, pola utilización do masculino como xenérico e porque ofrece unha imaxe estereotipada das mulleres.

Patriarcado

Sistema de organización social baseado no poder da figura do home (pater) elevado á categoría política e económica, e xeneralizada a todos os ámbitos de actuación, onde se reproducirá o sistema de xerarquía e dominación masculina.

Perspectiva (ou enfoque) de xénero

Construción teórica que permite analizar e comprender o comportamento das sociedades atendendo ás características e relacións de poder de mulleres e homes. Significa dirixir unha mirada explicativa ao tipo de relacións e comportamentos que se dan na interacción entre homes e mulleres, é dicir, ás funcións e roles que asume cadaquén nos seus respectivos núcleos de convivencia. Achega, polo tanto, unha explicación ás posicións sociais de mulleres e homes desde un lugar que fai visible o mundo de ambos. A súa aplicación supón un compromiso para modificar a condición e situación das mulleres e lograr así un sistema sexo-xénero máis equitativo, xusto e solidario.

Poliandria

Termo que fai referencia ao tipo de unión que establece unha muller ao manter matrimonios simultáneos con varios varóns.

Poligamia

É a unión matrimonial (ou relacional) con máis de dúas persoas. Trátase dun tipo de unión aceptada en moitas culturas e relixións.

Prexuizos sexistas

Xuízos de valor, formas de pensar e expresarse que se adquiren a partir de aceptar a existencia dunha relación xerárquica entre os homes e as mulleres. Son ideas preconcebidas que se constrúen cando se aprende e asimila o predominio da cultura masculina, como se fose un feito natural.

Roles de xénero

Atributos e comportamentos esperados das persoas en razón do sexo ao que pertencen. Os roles asígnanse a partir de estereotipos de xénero que engloba as actitudes, os valores e os comportamentos que a sociedade espera dunha persoa segundo sexa home ou muller.

Segregación horizontal

Concentración dun maior número de mulleres ou homes en determinados sectores ou categorías de ocupación laboral.

Segregación vertical

Presenza dos homes nos niveis xerárquicos superiores que non se corresponde coa proporción de homes e mulleres nos niveis ou funcións inferiores.

Sexismo

É unha actitude pola que se produce un comportamento distinto ou discriminatorio respecto dunha persoa polo feito de que se trate dunha muller ou dun home. Tales condutas supoñen unha xerarquía e unha discriminación. Este termo foi acuñado por analoxía co de racismo para amosar que o sexo é para as mulleres un factor de discriminación, subordinación e desvalorización. O sexismo abarca todos os ámbitos da vida e as relacións humanas e mostra numerosas formas de expresión e puntos de incidencia.

Sexo

O sexo nos seres humanos, como nas demais especies animais, defínese por características biolóxicas (machos ou femias). O sexo é unha categoría que non muda ao longo da historia nin se diferencia dun lugar xeográfico a outro.

Sistema patriarcal

Sistema no que ás mulleres e aos homes se lles asignan diferentes roles con valores desiguais, co obxectivo de reproducir unha sociedade na que prevalece a autoridade dos homes, mediante a subordinación das mulleres.

Socialización

Proceso de aprendizaxe polo que as persoas adquiren a súa identidade social e cultural, a cal está conformada polo conxunto de valores, pautas e normas que se consideran apropiadas segundo sexa o seu grupo de pertenza.

Socialización diferencial de xénero

A socialización é un proceso polo cal unha persoa aprende a interiorizar as normas, os valores e as crenzas da sociedade na que vive e as fai súas. Un dos aspectos máis importantes da socialización é a socialización de xénero: é o proceso polo cal aprendemos a pensar, sentir e comportarnos como homes ou mulleres segundo as normas, crenzas e valores que cada cultura lles asigna a unhas e a outros.

Violencia de xénero

Todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade, que se exerce sobre as mulleres por parte dos que sexan ou fosen os seus cónxuxes ou dos que estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

Xénero

O xénero é unha construción sociocultural pola que se lles asigna ás persoas determinados roles, comportamentos e valores, dividíndoas en dúas categorías: feminina e masculina.

Aos nenos pode chegárselles a potenciar, educar ou reforzar unhas capacidades, impedindo o desenvolvemento doutras. Isto tamén sucede coas nenas, ás que se lles inculcan outro tipo de capacidades e se evita que adquiran outras consideradas «propias dos homes».

Bibliografía

Bibliografía

Para elaborar esta guía consultáronse diversas fontes e experiencias que serviron de inspiración e referencia. A continuación sinálase a principal bibliografía consultada e de referencia:

Altable Vicario, C. (2000). *Educación sentimental y erótica para adolescentes*. Madrid: Miño y Dávila.

Artal Rodríguez, M. (2009). Construir el género. El cuestionamiento del sexismo y del androcentrismo en el sistema educativo. *Acciones e investigaciones sociales*, 27, 5-21.

Cole, B. (1987). *El príncipe Ceniciento*. Barcelona: Ediciones Destino.

Calero Fernández, M. A. (1999). *Sexismo lingüístico. Análisis y propuestas ante la discriminación sexual del lenguaje*. Madrid: Narcea ediciones.

Calvet Mojón, M. e Cardona Geada M.^a (2004). *Aprendamos a compartir. Guía didáctica de educación no sexista*. Deputación Provincial de Castellón.

Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación (2022). *Reimaginar juntos nuestros futuros: un nuevo contrato social para la educación*. Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

Delors, J. (1996). «Los cuatro pilares de la educación» en *La educación encierra un tesoro. Informe de la UNESCO de la Comisión Internacional sobre Educación para el siglo XXI*. Santillana/UNESCO.

Entreculturas (2020). *Un mundo en igualdad*. Fundación Entreculturas.

Equal «Vía Verde para a Igualdade» (2007). *Cuaderno de actividades: Primaria. Guía práctica de coeducación para el profesorado*. ADICSSUR, Línea guí.

Gregorio Gil, C. (2006). *Violencia de género y cotidianidad escolar*. Sevilla: Instituto Andaluz da Muller.

Ferreriro Díaz, L. (2008). *Coeducación afectivo-emocional e sexual*. Galicia: Xunta de Galicia.

Fundación Mujeres (2012). *Rompiendo esquemas. Programa de orientación académica y profesional*. Asturias: Instituto Asturiano da Muller.

Fumero, K., Moreno, M.^a e Ruiz Repullo, C. (2016). *Escuelas libres de violencias machistas*. Palma de Mallorca: Universitat de les Illes Balears.

Fundación SIJE e Fadae (2014). *Guía de actividades para fomentar la igualdad de oportunidades entre niños y niñas*. Castilla León. Xunta de Castela e León.

Herranz Gomez A. (2009). *Educando en Igualdad: guía para la educación infantil*. FETE-UGT.

Instituto Andaluz de la Mujer (2008). *La publicidad también juega. Campaña del juego y el juguete no sexista, no violento 2008*. Consellaría para a Igualdade e Benestar Social.

Junior Report. *Mujeres en el deporte (2020-2021)*. Disponible en <https://subscriber.junior-report.media/es/mujeres-en-el-deporte/>

Lagarde, M. e de los Ríos, M. (2000). *Claves feministas para la autoestima de las mujeres*. Madrid: Horas y Horas.

Lovering Dorr, A. e Sierra, G. (1998). El currículum oculto de género. *Educación. Revista de educación*, 7, 1-7.

Ministerio de Educación y Ciencia (1989). *Guía didáctica para una orientación no sexista*. España: Ministerio de Educación e Ciencia.

Moreno LLaneza, M.^a e Ruiz Repullo, C. (2016). *Cambios sociales y género*. Madrid: Anaya.

Moreno Llaneza, M.^a (2017). *Unidad didáctica primaria. Análisis de los estereotipos de género a través de la publicidad y los dibujos animados*. Pamplona: Departamento de Educación do Gobierno de Navarra.

Palacín Garay, I. (2018). *Pedagogía de los cuidados. Aportes para su construcción*. Fundación InterRed.

Pascual Fernández, A. (2016). Sobre el mito del amor romántico. Amores cinematográficos y educación. *Dedica, Revista de Educação e Humanidades*, 10, 63-78.

Rodríguez Hevia, G. (2002). *¿Qué es...? El lenguaje sexista*. Asturias: Instituto Asturiano da Muller.

Ruiz Repullo, C. (2016). *Voces tras los datos. Una mirada cualitativa a la violencia en adolescentes*. Sevilla: Instituto Andaluz da Muller.

Ruiz Repullo, C. (2014) *Graduando violencias cotidianas. La construcción social de las relaciones amorosas y sexuales en la adolescencia*. Deputación de Xaén.

Saavedra Cerviño, M. J. e Hernández Morales, G. (2008). *Coeducación: dos sexos en un solo mundo*. Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

Sanchis Caudet, R. (2006). *¿Todo por amor? Una experiencia educativa contra la violencia a la mujer*. Barcelona: Octaedro.

Santana Vega, L. e González-Herrera, A. (2013). ¿Tienen sexo las profesiones?: el asesoramiento al alumnado ante los convencionalismos sociales. *Revista Sexología y Sociedad*, 2, 9.

Santos Guerra, M. Á. (2000). *El harén pedagógico. Perspectiva de género en la organización escolar*. Barcelona: Graó.

Solsona i Paró, N. (2002) *La actividad científica en la cocina*. Madrid: Instituto da Muller.

Suárez Suárez, C. (2004). *El feminismo atraviesa la historia o cómo ha sido la lucha de las mujeres*. Asturias: Consellaría da Presidencia e Instituto Asturiano da Muller.

Subirats, M. e Tomé, A. (1992). *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Barcelona: ICE.

UNESCO Etxea (2018). *Guía didáctica. Construyendo feminidades y masculinidades alternativas, diversas e igualitarias*. UNESCO.

Urruzola Zabalza, M. J. (2002). *Hacia una escuela coeducadora. Pautas de revisión y evaluación*. Victoria-Gasteiz: Dirección de Innovación Educativa. Dpto. Educación, Universidades e Investigación.

RECEITAS COEDUCATIVAS

